

NARRATIVA

Fran Alonso
Males de cabeza



A Concha

A todas as persoas que sofren

A Amalia Bargiela, «Desviación de chamada»

*Á xente de Cymdeithas Yr Iaith Gymraeg
do Cwps Arms, e a Daniela Pedroni,
«Cousas do intestino»*

A María Xosé Acevedo, «O bar de Sam»

A Verónica e Adelia, «Coma o pato Donald»

Como homenaxe a Janet Frame, «Os medos de K»

¡Oh, suplicocho, dime como
sobreviviremos todos á nosa tolemia!

KENZABURO OÉ

Porque soño, eu non o estou
LÉOLO, JEAN CLAUD LAUZONE

A tolemia é un sombreiro (1)

A tolemia é unha loucura, unha auténtica loucura de auténticos tolos. Coa miña experiencia podo asegurar que aquí, neste lugar infernal, aínda que te ingresen cunha simple depresión, pódete converter nun demente máis entre os tolos dos abismos, que son coma cans encirrados. Eu, de feito, esfórzome día a día para non acabar sendo un deles. Sen embargo, temo que en calquera momento se me vaia a conciencia e acabe transformándome irremediabilmente nun gato escuro e enigmático, empurrado ó polo oposto. De feito, xa o son, ou case. Non sei por qué, pero identificome cos gatos, ou algo polo estilo, e para manterme san preciso tocar o piano e observar algo que brille; as cousas brillantes obríganme a concentrarme.

Os aforros da vella

Era teimuda, a vella. Ós fillos custoulles ferro e fariña convencela para que metese os cartos na Caixa de Aforros. Non quería, a condenada. Decía que levaba toda a vida agachándoos no colchón e que non vía motivo ningún para deixar de facelo.

–Pero mamá –teimaban os fillos–, ¿non ve que nestes tempos é moito máis perigoso telos na casa, que lle poden entrar a roubar e levarllos todos?

A ela, iso de meter os cartos nun lugar que non tiña ó alcance da vista e ó que nunca ía, non lle daba moi boa espiña. E menos agora, que quedara viúva e non tiña home con ela que puidese ter conta por se eses da Caixa de Aforros lla querían ferrar con algunha falcatuada. Ademais, ela vivía arriba, nunha parroquia do monte, e a Caixa de Aforros quedaba abaixo, na vila. Nin soñalo. Como moito estaba disposta a agochalos noutro sitio, pero sempre nalgún lugar da casa ou da eira. En canto a confiarlles os seus cartos a unha xente dun banco á que nin sequera coñecía, nin falar.

Un día logo de moitas presións dos fillos, a vella cedeu. Meteríalos na Caixa, advertíralles, pero eran os aforros de toda a

vida, os que eles habían herdar, e a ela o lugar aquel non lle daba inspirado confianza ningunha.

Á vila acompañouna a filla pequena. A vella meteu os cartos no pisiclás e, ben envolveitos, agachounos por baixo da faldriqueira. Levaba moitos anos sen baixar e non estaba certa do que ía atopar alá abaixo. Na vila, ós seus ollos, estaba todo mudado.

Na Caixa de Aforros fixeron as xestións oportunas, asinou co dedo os papeis que lle tenderon (a ela nunca lle aprenderan a ler nin escribir), e entregáronlle unha libreta de aforro que, segundo a súa filla, indicaba a cantidade de diñeiro que tiña. Aínda así, a vella insistiulle á empregada da oficina que ela quería ver onde lle metían os cartos. A muller tivo que ensinarlle, a través do mostrador, a enorme porta da caixa forte. A velliña, sempre protexida polo sorriso cariñoso da filla, marchou impresionada de alí, pero así e todo non quedaba tranquila. Aquilo non acababa de gustarlle.

Desde aquel día tomou a determinación de baixar todas as semanas á vila para que a empregada da Caixa de Aforros lle ensinase os seus cartos. Ela, desconfiada coma unha lurpia, quería comprobar se aínda seguían alí. Na Caixa de Aforros afixéronse a mostrarlle á vella, entre risos, desde a outra banda do mostrador, un feixe de billetes que sacaban da caixa forte. E ela colleu o costume de frecuentar a vila, logo de pasar máis de dez anos sen saír do lugar onde tiña a casa, o gando e os campos.

A velliña, que vivía soa e os domingos recibía a visita dos fillos, xa non gozaba de moi boa saúde, pero, testalana coma ela soa, teimaba no seu, así que acabou por sacar forzas abondas para cubrir andando o longo traxecto que distaba entre a súa casa, no monte, e maila oficina da Caixa de Aforros, no centro da vila. Cada vez que retornaba á casa, logo de ver os seus cartos, acougaba por unha semana máis porque sabía que non llos

levara ninguén e, aínda que fose unha cantidade pequena, cando menos, tería algo que lles deixar ós fillos.

Cando chegou o frío, a vella, debilitada polos achaques, distanciouse as visitas á vila e comezou a baixar unicamente unha vez por mes. Os fillos convencéranos de que xa non tiña idade para facer esforzos baldíos, pero, sobre todo, ela non se atopaba con azos. Logo apañou unha gripe e pasou unha pequena tempada sen poder botarlle un ollo ós seus cartiños.

Unha mañá de primavera, cando a calor comezaba a picar e os campos avivecían porque o inverno fora quedando atrás, a vella puido, por fin, baixar á vila, para comprobar, coma sempre, que o seu diñeiro seguía naquela inmensa caixa forte coma nunca vira.

Pero cando chegou alí, a velliña non deu atopado a Caixa de Aforros. A pobre muller pensou que entolecía. O local da oficina bancaria estaba pechado e tapado con papeis e cartóns. Os letreiros que indicaban a súa presenza desapareceran. Sobre os cartóns, un pequeno cartel anunciaba que a oficina se mudara para outra rúa, pero a vella non sabía ler.

Querendo averiguar qué pasara, entrou nunha pequena tenda que había ó pé do local onde estivera a Caixa de Aforros e preguntoulle á muller que atendía.

–Ah, ¿é que non o sabe? –respondeulle aquela muller–, a Caixa de Aforros marchou de aquí.

A velliña xa non puido escoitar máis. Notou que se mareaba e que se lle afrouxaban as pernas. A Caixa de Aforros liscara de alí cos seus cartos, o froito do traballo de toda unha vida. O seu corazón non puido resistilo. Sentiu como a boca se lle enchía de sabor a sangue e logo, sen máis, derrubouse sobre o chan.

A tolemia é un sombreiro (2)

Non me dou explicado por qué un gato, se cadra porque nunca están seguros cando os tocas e, de feito, interésanme bastante os gatos, quizais na medida en que eu tamén son desconfiado, e bícoos moi a miúdo a todos, cando os vexo bícoos, inicialmente a modiño e logo xa con paixón, e o máis curioso é que se deixan bicar por min, todos se deixan bicar, posiblemente porque pensan que son un deles, non o sei, é algo no que teño matinado moito, e a verdade é que me parece estraño, que se deixen bicar así, sen máis; de aí que estea practicamente seguro de que son un gato, un gato triste e solitario, tremendamente solitario, porque a maior parte dos gatos levan escrita a soidade neses ollos crípticos que teñen, que parecen de goma fosforescente, cacimbada.

Desviación de chamada

–¿Si?

–Ola, bos días. Son Héctor Sabarís. Chamo de parte de Lula, a profesora de francés, que é amiga súa e me deu o seu teléfono. Non sei se ela xa falou con vostede...

–...

–É que estou a facer a miña tese de doutoramento sobre didáctica e ensino en Galicia durante os anos 70 e quería falar con vostede, porque seica foi directora do Instituto de Mondoñedo.

–Si.

–Teño entendido que foi directora dese Instituto a principios da década, ¿non si?

–Fui.

–Ahá. Pois iso é o que me interesaba. O seu testemuño. Como lle comentaría Lula, para facer a tese necesito falar con xente que me poida responder a unha serie de cuestionarios estándar que eu elaborei.

–Ya. Mire, usted habla gallego, ¿verdad?

–¿Se falo gallego? Claro. Pois gustaríame intercambiar im-

presións con vostede, facerlle algunhas preguntas, en concreto en relación con cuestións didácticas do Instituto que vostede dirixía.

–Ya.

–E, se non ten inconveniente, como teño entendido que vostede xa hai anos que non vive aquí, que me dixo Lula que agora vive en Alacante e xa marcha para alá dentro duns días...

–Ya. No, pero mire... Yo, aún esta mañana estuve en Correos, ¿sabe?, y había allí una parejita que eran ingleses, fíjese, y resulta que los pobres estaban absolutamente perdidos y no sabían que hacer. ¿Y sabe usted por qué? Porque no entendían nada.

–Xa, pero, ¿iso que ten que ver comigo?

–¿Con usted? Con usted la parejita no tiene nada que ver, se lo digo porque los pobres no entendían nada porque estaba todo en gallego. Y claro, como eran ingleses, fíjese usted.

–Xa, de todos os xeitos, a min o que me interesaría, se non ten inconveniente, é facerlle chegar o cuestionario, e saber, para non molestala máis, se estaría disposta a contestalo. Como lle dixen, as preguntas están relacionadas con...

–No, molestia no es, pero mire, yo no sé si usted me comprendió, lo que le quiero decir es que no entendían nada, porque les estaba todo en gallego y tuve que ayudarles yo, a los pobres, para que pudiesen enviar sus postales.

–Xa, pero ese asunto non ten nada que ver co que eu lle digo. Eu simplemente quería saber se estaría vostede disposta a axudarme na miña tese respondendo a ese cuestionario que, asegúrolla, non ten en absoluto ningún tipo de preguntas persoais senón que...

–Pero oiga, ¿es que usted no sabe hablar castellano?

–Pois claro que sei, pero non creo que teña importancia agora qué idiomas sei falar eu.

–Oiga, pues si sabe hablar castellano, ¿por que no me habla en castellano?

–Porque non vexo razón ningunha para facelo; non sei por qué vou falar en castelán con vostede, se vostede é galega e vexo que me entende perfectamente.

–Pues por una razón bien simple: por educación.

–Xa, pero por educación tamén me podería falar vostede a min en galego, e eu non lle estou pedindo que o faga. Eu fálolle galego e vostede enténdeme perfectamente e vostede fálame castelán e eu enténdoa perfectamente. Non vexo onde está o problema.

–Ya, pero podría no entenderlo.

–Pero non é o caso. Eu respecto a lingua que vostede utiliza, non pretendo que me fale en galego. E eu non acabo de ver a razón pola que teño que falarlle castelán cando me entende perfectamente.

–Por educación.

–Por educación, como lle dixen, tamén podería vostede falarme a min en galego. Mire, eu non a chamei para discutir cuestións lingüísticas, o único que quería saber é se está vostede disposta a axudarme respondendo a unhas preguntas por motivos profesionais.

–¿Y no puede usted hablarme en castellano?

–Podería, claro que podería, xa llo dixen, pero non o vou facer porque non vexo razón ningunha para facelo.

–D’acord. Alors, à partir de maintenant, comme vous ne voulez pas me parler en espagnol, moi, je vais vous parler en français, parce que je suis dans mon droit, moi aussi, de vous parler dans la langue dont j’ai envie. Alors, débrouillez vous.*

*–Vale. Entón, a partir deste momento, xa que non quere vostede falarme en castelán, eu voulle falar en francés, porque eu tamén estou no meu dereito de falarlle na lingua que me peta. Así que apañese.

–Il n’y a pas de problème. Si vous voulez, continuons la conversation en français. Je n’y vois pas d’inconvénient. Mais je vous répète que je ne regrette d’aucune façon votre droit à parler la langue que vous voulez, c’est vous qui me refusez, à moi, le droit de parler en galicien, qui est ma langue. And, if you want, we can also do it in English.**

–¿Ah si? Pois daquela falamos galego, ou que se cre... ¡Eu tamén sei falalo! E ben que o fago, que meus pais non sabían falar outra cousa e é a lingua que eu mamei de nena. ¡Vaia, ho!

**–Non hai problema. Se vostede o quere así, continuamos a conversa en francés, non teño inconveniente. Pero repítolle que eu non lle nego en absoluto o seu dereito de falar a lingua que vostede queira, é vostede quen me está a negar a min o dereito de falar en galego, que é a miña lingua. E, se vostede quere, tamén podemos falar en inglés.

A tolemia é un sombreiro (3)

Senten a soidade, os gatos, séntena enormemente, e creo que moito máis que a maior parte dos tolos que están aquí, quizais porque padecen un medo intenso, descomunal; os felinos son extremadamente sensibles ó perigo, que lles provoca eses medos incontrolables que eles proxectan sobre as persoas que os miran, asustándoas; iso é o que lles dá ese carácter enigmático que os singulariza. Agora estou case seguro de que esa é a razón pola que eu me identifico tanto con eles e por iso agora case podo dicir que son un deles. Desde hai algunhas semanas, practicamente non tomo outra cousa que peixe e leite, porque quero gañar a súa confianza ata os límites do imposible. Eles saben dos meus desvelos e valóranos moi positivamente, por iso cada vez déixanme pasar máis tempo entre eles.

Domesticum bellum

Home estaba intentando poñer orde nos seus papeis cando Muller entrou pola porta. Mércores, era un dos días que chegaba tarde. Home fumaba un cigarro e levaba posta a bata de casa. Muller sacou o abrigo, pendurouno nunha percha do recibidor e entrou na sala.

–Ola –saudou Muller achegándose á mesa para lle dar un bico. Sorriulle e, como todos os días, fíxolle unha chiscadela de complicidade.

–Ola, amor –respondeu Home–. ¿Vés cansa?

Muller bufou, soprando expresivamente e movendo a cabeza dun lado para outro.

–Moito –dixo finalmente–, voume dar unha ducha.

–Vale. Téñoche a cea preparada.

Home quedou remexendo nos papeis mentres Muller entrou no dormitorio. Logo sentiu como saía e se metía no baño. De alí a un pouco, abriuse a porta e, por detrás, asomou o seu torso nu.

–Hai que baixar o lixo –berrou. E logo volveu desaparecer trala porta do baño.

Home intentou responder pero non lle deu tempo. Quería-lle dicir que xa vestira o pixama e que o baixaría ó día seguinte. Comezou a escoitar o ruído da auga caendo sobre a bañeira e continuou revisando os papeis, dobrando algúns e rachando outros.

Ó cabo dun pouco sentiu como Muller saía da ducha e entraba no dormitorio. Finalmente apareceu no salón, sorrinte, co pixama posto. Parecía máis relaxada.

–Moito mellor –dixo sen que Home lle preguntase nada. E logo engadiu:

–¿Baixaches o lixo?

–Non. Non o baixei porque xa estaba en pixama. Báixoo mañá.

–¿Mañá? –Muller semellou contrariada–. Tocábache baixalo e sabes que ese lixo non pode quedar aí. Apesta a peixe.

Díxoo facendo un xesto de noxo coa boca.

–Xa, pero esqueceume e logo xa estaba en pixama, ¿que querías que fixese?

–¡Que ías facer! Baixalo, que para iso che tocaba. É que sempre fas igual.

Home ergueu a cabeza, deixando o que estaba a facer; sentiuse ferido.

–¿Como que sempre fago igual? ¿É que non podo esquecerme de baixar o lixo un día? Estaba liado cos papeis e fósime o santo ó ceo.

–Pois aínda estás a tempo de baixalo, así que xa sabes –replicoulle Muller con contundencia.

No rostro de Home, o enfado adquiriu unha sombra máis dramática.

–¡Pero non ves que estou en pixama! Ben que me ves. Non te fagas a parva.

–Mira, aquí o único que está a facer o parvo es ti, que tiñas que baixar o lixo e non o baixaches nin o queres baixar.

–¿Pero ti que tes hoxe? –berrou Home– ¿Como teño que dicirche que estou en pixama? ¿É tan grave se o baixo mañá? ¡Xa está ben!, ¿non?

Agora foi Muller a que ergueu o ton de voz, para constaralle:

–¡Escóitame ben! Estou farta de ti, da túa actitude pasiva e de que sempre fagas o mesmo. Ese lixo cheira que apesta e non pode quedar aí toda a noite. Pero tanto ten, hoxe é o lixo, mañá é a compra e pasado mañá é o banco. O señor sempre ten que deixalo todo para o día seguinte porque sempre está ocupado. Eu non, eu teño que estar sempre dispoñible.

–Vale, xa empezamos cos reproches. Estupendo, era o que me faltaba esta noite. ¿E a señora non ten nada máis que engadir?

–Que vaias á merda. Iso é o que teño que engadir –soltoulle acedamente, tentando contrarrestar o seu sarcasmo.

–Pois á merda podes ir ti, porque eu estou farto das túas intransixencias. A ver se aprendes a ser un pouco flexible. Se non se baixa o lixo hoxe, báixase mañá, e non vai caer o mundo por iso, ¿entendes? Pero a ti, claro, se non é hoxe éntache cagarría. Pois moi ben, se queres obrigarme a sacar o pixama e cambiarme para baixar o lixo, fágoo, o que a señora mande, por suposto, pero non creo que haxa necesidade ningunha.

Visiblemente enfadada, Muller abandonou a sala. Un minuto despois apareceu, en silencio, vestida cun chandal. Quitara o pixama e levaba a bolsa do lixo na man. Sen dicir nada, desapareceu dando un portazo, engulida pola escuridade das escaleiras, camiño da rúa. Non pasaron máis que cinco minutos cando apareceu de novo. Home, desde o salón, berroulle:

–Bravo pola túa heroicidade, parabéns, algún día alguén che entregará o Premio ó Servilismo, á Ousadía e á Valentía.

–Non te preocupes, a ti vante galardoar coa Medalla ó Cumprimento do Deber –replicou Muller con rapidez.

–Vai ó carallo.

–Vai ti que o tes colgando.

Home quedou en silencio. Logo faloulle baixando a voz e procurando un ton conciliador.

–Es absolutamente irracional. Montas todo este barullo só porque me esqueceu baixar o lixo. Pois mira que ben; coma se a ti nunca che esquecese nada.

–Non digas parvadas, anda. E, sobre todo, non te fagas a vítima. Ti sabes ben que non é que non baixes hoxe o lixo. É que sempre pasas de todo, que nunca fas o que tes que facer e logo ando eu a facelo todo por detrás. E ademais es un falabarrato, córreche moito a lingua, e xa me estou a fartar de ti e das túas impertinencias verbais. Así que vaite contendo, meu rei.

–Ah, estupendo, agora a neniña vénme con ameazas –Home retornou ó ton agresivo que tiña con anterioridade–. Perfecto. Era o que nos faltaba no repertorio desta noite, criatura. Pois mira, vai ó carallo, se tan pouco che gusto eu e tanto che gusta baixar o lixo, puideches quedar con el, que alí estabas ben. E xa que dis que sempre paso de todo, lémbroche que che tiña a cea preparada. Agora ben, se non che parece digna de ti porque a fixen eu, podes metela no cu.

Muller quedou en silencio. Logo, profundamente doída, respondeulle a modo:

–Irremisiblemente, es un imbécil e non sabes controlarte.

A resposta de Home non se fixo esperar.

–Tes razón, ho; ti es o autocontrol personificado. Acabas de ameazarme con irte e fálasme de autocontrol.

–En primeiro lugar, eu non te ameacei con irme. Díxenche que xa me estou a fartar de ti, que é diferente. E en segundo lugar, iso nada ten que ver con que saiba ou non saiba controlarme. Ese é o teu problema, non o meu. Eu sei ben o que digo. Ti non. E por se non che quedou claro, dígocho de novo:

xa me estou fartando de ti. ¿Está ben claro agora ou prefírelo por escrito?

Home, á defensiva, buscou provocala coa súa resposta:

–Está tan claro que a decisión é túa: se te estás a fartar de min xa sabes o que tes que facer.

–Seino perfectamente –desdramatizou Muller con ironía–. Ir para a cama e non aturarte máis. Boas noites.

Home quedou algo sorprendido. O corpo aínda lle pedía guerra.

–Boas noites –contestoulle, desconcertado, vendo que Muller daba media volta, ignorando a súa presenza.

Logo quedou mirando para Muller, como se afastaba polo corredor, desafiante, sen probar a cea que lle tiña preparada desde antes de que chegase.

–Eh, polo menos dáme un bico antes de te deitares –berroulle, un tanto desesperado, desde a sala.

A tolemia é un sombreiro (4)

Ademais, os gatos gústanme porque non son esquizofrénicos, nin psicóticos, nin paranoicos, nin anoréxicos, nin sequera son hipocondríacos, nin ludópatas, nin alcohólicos, nin drogadic-tos, nin psicossomáticos; son, se cadra, lixeiramente agresivos, pero non se trata de nada do que careza eu tamén, atributo normal nunha raza de mamíferos, os felinos, que nos caracteri-zamos, en cambio, por ser profundamente neuróticos, neurasté-nicos e, con seguridade, algo ciumentos.

Círculo vicioso

A

...porque ese tipo é un fanático. ¿O Pancho?, un fanático. Nin o imaxinas. É que non se pode nin falar con el. Coma todos os do Madrid. Vaia xente. Son así, fanáticos do fútbol que non che entran nunca en razón. A min esa xentiña non me gusta, ese tipo de persoas coas que non podes falar porque o único que saben facer é discutir e berrar e dicir sempre que o seu equipo é o mellor do mundo, sen dar razóns. O Pancho é así. Hai xente á que nos gusta o fútbol e máis nada, pasámolo ben, que para iso é un deporte, e non estamos todo o día a pelexar por iso. Estes non, sempre teñen que levar a razón. E non me digas por qué, pero sempre coincide que son do Madrid. Total, para qué, para esa merda de equipo que teñen, que agora anda feito un farrapo, desde o adestrador ós xogadores pasando polo presidente. Unha bazofia. O Pancho di que foi o mellor clube da historia do fútbol... Home, foino, claro que o foi, ¡con sete Copas de Europa e trinta e unha Ligas...! Pero ¿que?, ¿agora que é? Agora é unha merda, están empufados ata os cóbados e sáenlles as débedas polo cu. O ano pasado tiveron que ir a Inglaterra a buscar 7.000 millóns de pesetas, porque aquí non tiñan

nin quen lles fiasse. ¿E este ano? Este ano téñenche 17.400 millóns de débeda, recoñecida, que o que agachen sábeno eles, será outro tanto, ho, se aínda viñeron levarnos ó presidente da Fundación do Celta, a ver se lles pon as contas a andar, vergoña lles debería dar, coa Cidade Deportiva hipotecada, e a esquina do Bernabeu recualificada. ¿Pásalle iso ó Barça? Non lle pasa, claro que non; porque o Barcelona é un clube como ten que ser, saben ben o que fan, por moito que diga o merdento do Pancho. Dío por foder, xa sei, pero quen se vai foder é el, porque o Madrid non fai máis que ir para abaixo, que teñen buratos por todas partes. Ora, isto xa vén do Mendoza, con esas fichaxes tan estrañas que facía, pero agora, o Lorenzo Sanz, ¿que?, máis do mesmo, outro patán. ¡E o vicepresidente que ten con ell, Onieva, que é máis escuro que a morte, vaia elemento. E vai o pirolas do Pancho e deféndeos coma se fosen da súa familia, coma se lle fose a vida, o animal, que é un animal, un burriño que non as pensa. ¿Como pode dicir que é o mellor equipo do mundo cando non están nin entre os seis primeiros da liga? E teñen un adestrador que cheira a podre. ¿E non vai o papán do Pancho, que é un papán, e cúspeche que Toshack é o mellor adestrador do mundo? Veña, ho. Deulles unha época dourada, cando lla deu, porque tiñan un equipo histórico, o da quinta do Buitre, con Sanchís, Michel, Butragueño... ¿pero que teñen agora? A ver, dime, ¿que teñen? Se calara a boca, ignorante que é un ignorante. Agora teñen a Balic, ¿ese que fai?, se é un neno, un inmaduro; teñen a merda esa do Karembeu; teñen a Anelka, que mira ti cómo lles saíu, que xa era conflictivo no Arsenal, e van os matados estes e páganlle a fichaxe máis cara da historia, 10.000 millóns, pailáns, que acaban de traelo e xa se queren desfacer del, que o Sanz quere meterllo á Juventus a cambio de Zidane, igual pensa que na Juventus son parvos. O Pancho deféndeos porque é un cabrón, unha mala persoa,

sabe que eu son do Barça e quéreme amolar. O peor dos que somos do Barça é que temos que aturar fanáticos coma este, que son todos uns fanáticos. Éntralles o canguelo vendo as fichaxes que fai o Barcelona, e cómo as amortizan, mirando a peseta, e aínda che teñen o mellor xogador do mundo, a Rivaldo. E o carallo dos merengues qué van facer, se nin teñen equipo nin saben xogar. Toshack é un cabezán, un caprichoso, e os seus xogadores non saben atacar, o único que saben facer é reter o balón no medio do campo, e nin teñen estratexia nin teñen hostias, parece mentira nun equipo como o Madrid, cagoendíós. Ó Pancho e a outros merdeiros coma el, había que darlles co balón nos fuciños, cona que os botou, que non teñen puta idea e saben de todo. Que aprendan a pensar e a falar, ho, e senón, prohibido falar, que non lles deixen abrir a boca en público, que total son todos iguais e non din máis que...

B

...cando nos dá o punto; e logo, a movida de Balaídos, eu non perdo partido, imos toda a peña e cando xoga o Celta montamos unha película guapa, porque o fútbol mola cantidade, mogollón polo equipo, eh, que eu tampouco son desas que perden a cabeciña co fútbol, mólame sen máis, pero o Celta é moito Celta, é un rolo guai, distinto, non coma o do meu vello, que desfasa, el tamén vai ós domingos a Balaídos, e quería que fose con el, pero eu dígolle que non, porque eu non vou co meu vello nin colgada, antes quedo na casa, que el ten o seu mamoneo en Río Alto e eu vou cos colegas a Marcador, que é onde está a marcha, é desde onde máis flipamos vendo os xogadores, sobre todo a Mostovoi, ademais o meu vello é un neura, vai cos amigos, e case todos son do Barça, pero hai un par deles do

Madrid e tráense un rolo moi chungo; el sobre todo, con outro pavo que se chama Pancho, que non se poden nin ver, pero van xuntos como colegas que comparten unhas birras; eu non os entendo, pero tanto me ten, que se coman eles o tarro, que eu o que quero é pasalo a tope e flipar mirando para Mostovoi, que é un ceo, un cachas, e cómo xoga, o tío, qué guai, por algo lle chaman o tzar, con ese aire de príncipe ruso e eses olliños claros que te deixan colgada, cómo está o tío, de bo, e qué clase ten xogando, qué bo rolo, qué visión do xogo, cómo se queda coa xente, sempre tratando de facer o máis difícil, superándose, que eu flipo con el todo o partido, que me ten zombi, está como un tren, a todas nos gusta, eu na casa teño catro posters seus na parede do cuarto, e a miña vella non fai máis que berrarme, claro, como a ela non lle mola o fútbol, di que non tiña bastante co home como para que agora lle saíse futboleira tamén a filla, aínda que a min tampouco me desfasa toda esta movida, pero é que o pasamos guai nos partidos, porque nos partimos o cu ata alucinar, e ademais tes a Mostovoi diante túa, que Mostovoi é moito Mostovoi, sempre o dono do campo, porque é o xogador que marca o ritmo do xogo, tanto que cando se lesiona e se abre a min xa nin me mola mirar, vaia pao, pero o que me flipa de verdade é seguilo nos adestramentos na Madroa, imos alí cando colgamos clase no Instituto, porque nos adestramentos podemos achegarnos a el, cómo farda, e berrarlle, e pedirlle que nos asine na camiseta ou nunha libreta, e eu, cando se pon ó meu lado, xa me poño a tope e dáme un pasmo, porque é como un príncipe, con ese corpo, esas pernas, eses ollos que te pillan cada vez que te miran, e a min non me importa ser unha descarada por pedirlle un bico, e xa sei que está casado, ¿e que, se o está?, eu, se tivese a ocasión de estar con el flipábao, porque a súa vida téñoa chapada de memoria, desde San Petersburgo, o lugar onde naceu, ata os detalles da súa

época na escola de fútbol e o seu paso polos clubs onde xogou, o Spartak de Moscú, o Benfica, o Estrasburgo, a selección rusa... que me ten mogollón de pillada, o meu príncipe ruso, con eses ollos de améndoa que ten, melocotón, que é un melocotón, sabroso, apetecible, que está para comelo enteiroño...

C

...anda desquiciada, no coche. Dígolle que anda desquiciada. Mire, eu paso ó volante moitas horas ó día, e a media mañá xa vou que rebento, que eu non lle sabía que isto de ser taxista fose tan duro, pero... é o que hai, tes que collelo ou deixalo, e tal e como están as cousas... pero a xente ponse como tola por nada, por unha parvada, e así, claro, acaban con ese estrés que cando chegan á casa están desfeitos, non poden con eles. Eu aínda me manteño, son unha persoa tranquila, ¿non sabe?, e ademais xa me advertiron cando o collín, mira, ti acouga, que vas estar moitas horas no taxi e non te podes mosquear con tododiós ou acabas mal dos nervios, así que eu collín a canción, e como xa son tranquilo de meu, pois como se nada, nin me afectan as cousas, vamos, que non me quento por tres parvadas cando conduzo, e, ¿para que?, se eu mesmo dixen para min, a ver, Valerio, ti a controlarte e a ir tranquilo, que o taxi nin sequera é teu e non tes nada que perder, así que vou tranquilo, vendo como a xente se cabrea e se provoca, que parece que están todos sempre nesa actitude, sempre a saíren os primeiros cando o semáforo se pon verde, a tocar a bucina por nada, a pasarche por enriba e non respectar as preferencias, sempre a foder ó outro, vamos, porque, ¿sabe o que é un segundo?, pois un segundo é o tempo que pasa entre que o semáforo se pon en verde e o que tarda en pitarche o fillo de puta de atrás, ¿non é?,

¿parécelle un chiste, non é?, pois é un chiste real. E o tráfico sempre está mal, sempre hai atascos, pero ¡eu que lle vou facer! Nin sequera os podó evitar que eu teño que ir onde me pida o cliente, así que acabo metido en todos os fregados, claro, que é onde máis te provocan, tamén, porque hai algúns que parece que saen á rúa a provocarte, conducen que dan pena. Mire, mire este. ¡Eh! ¡¿Que fas, mamón? ¿Que fas, cagoendiós?, bóta-te a un lado, mono do carallo, bóta-te a un lado, que teño preferencia, ¿pero non ves que teño preferencia? E aínda me pita, o cabrón, coma se a culpa fose miña, cagoendiós, pois agora non pasas, fillo de puta, dígoche eu que non, a ver, veña, intenta pasar agora, a ver se podes, cachocabrón, que che vou ensinar eu a ti a conducir, pero, ¿onde che deron o carné, malnacido? ¿Que dis, ho, que dis? Non sei que dis, non te escoito, mama-lón, pero vai insultar ó teu curmán, ho, a ver se cres que somos todos coma ti, ala, pérdete, a ver se te traga a terra, que conductores coma ti sobran, carallo; qué tipo, miña nai, e mire como se puxo, cando tiña eu preferencia, ¿ou? ¿Que lle dicía eu? ¿Ve o que lle dicía? É que este traballo non hai quen o aguante, xa ve, con xente así polo mundo, cando ademais levas ti a razón... Se é que eu non sei se non deixarei o choio este, eh, en fin, a ver, é mellor cambiar de tema, é mellor cambiar de tema porque se non... O mellor é falar de fútbol, que é a única cousa que nos alegra a vida, ¿non si?, polo menos de fútbol pódese conversar e non estar pendentos destes patáns que van ó volante. E hoxe temos derbi, eh, o mellor partido da Liga; vai gañar o Madrid, ¿non cre?, vai gañar o Madrid, eu son do Madrid, xa verá como gaña o Madrid. ¿E vostede de que equipo é? ¿De cal? Ah, do Barça. Pois vaia por deus, home, vaia por deus...

A tolemia é un sombreiro (5)

O meu maior problema (o meu e o dos meus gatos) é a cantidade de tolos que viven aquí pechados, connosco. A verdade é que a case todos eles había que apretarlles as caravillas; como son moi violentos e parece que ladrasen, identifícanse constantemente cos cans, ata o punto de creerse pertencentes a unha raza deste tipo de animais, por iso están internados na Unidade de Agudos, que é a peor deste manicomio (en realidade, sempre é a peor de todos os manicomios). Eu mesmo, por veces, acabo véndoos como cans desde a miña perspectiva felina, porque pasan todo o santo día a ladrar, coas súas bocas húmidas, atei-gadas de cuspe. Os menos perigosos son os cans vellos, que permanecen ingresados na Unidade Residencial, porque, aínda que dan algúns problemas, son máis controlables. Eses son coma ratas, e o único que fan é agardar a morte; moitos deles entolecen por ignorancia e o seu único deus é o curandeiro da aldea, que nunca vén porque a modernidade deste lugar atendido desde a racionalidade da ciencia lle mete medo.

A maior parte deles son vellos psicóticos, paranoicos perseguidos polo alzheimer ou visionarios de tres pesetas, como ese

demente que pensa que está en Marraquech. Outros teñen profundos problemas de identidade e por saber non saben quen son nin a lingua que falan. Están presos dunha tolemia con sabor a terra, que xermola das raíces máis fondas da sementeira.

Economía de guerra

Entrou na Cafetería Tropical, pediu un cortado na barra e foi sentar a unha mesa. Cidadán tiña a imperiosa necesidade de reflexionar. Como lle acontecía cada vez con máis frecuencia, a mediados xa non tiña cartos para chegar a fin de mes. Estaba farto de vivir así. Sacou a carteira e volveu mirar o que lle quedaba. Un billete de 5.000 pesetas. Por se acaso, remexeu entre os papeis que levaba alí gardados, non fose ser que aparecese outro billete, pero tampouco esperaba que se producise ningún milagre. Nada. Sabía que na conta lle quedaban 10.000 pesetas, así que tendo en conta que non cobraría ata primeiros do mes seguinte, o futuro inmediato non se lle presentaba moi alentador. Sentiuse impotente coma un avestruz. Ese mes, recapitou, tivera algúns gastos extra. Un deles fora cando se lle estragara a neveira e se vira obrigado a chamar a un deses odiosos técnicos que teñen o maldito costume de marchar deixándoo a un con 12.000 pesetas menos no peto pola colocación de non se sabe ben qué peza, cantidade que non sempre incluía desprazamento e tempo de traballo, e non se me queixe máis, dixéralle o técnico, que tal e como está a neveira aínda puido ser peor.

O camareiro serviulle o café. Apañou o sobre do azucre e apartouno a un lado. Preferíao así, amargo. Coma a súa existencia, pensou Cidadán con autocomplacencia. Cando quería, podía ser cínico e cruel consigo mesmo ata a necidade, pero agora mesmo o que precisaba era matinar algo con urxencia para ser quen de subsistir ata a vindeira nómina. Prendeu un pito e decatouse de que era o último que lle quedaba. Vaia, rosmou, aínda por riba, tería que mercar tabaco. A única posibilidade de subsistencia que acudía á súa mente consistía en idear a fórmula para racionalizar as 5.000 pesetas que levaba na carteira e, unidas ás outras 10.000 que tiña na conta, resistir ata fin de mes a base de exercitar e autoimpoñerse unha economía de guerra. O peor é que Cidadán sabía que ía ter algúns gastos seguros. Iso, á marxe de que en canto lle pasasen os recibos lle quedase un descuberto no banco. Pero no inmediato, ó día seguinte tiña unha entrevista de traballo e acabáraselle a espuma de afeitarse. Baixo ningún concepto podía presentarse á cita con barba de dous días, pois non lograría causar moi boa impresión. Non podía permitirse ese luxo, entre outras razóns porque precisaba cambiar de traballo. Quería un posto onde o valorasen máis e, sobre todo, onde lle pagasen máis dignamente. Sempre tiña a idea de que traballaba por un soldo miserable, idea que se vía reforzada polo feito de que case nunca conseguía chegar a fin de mes. Para evitar gastos, a única alternativa era afeitarse sen espuma, pero para unha persoa de pel delicada e irritable coma el, semellante ocorrencia resultaba unha tolería.

Canso de intentar buscar solucións a algo que non as tiña, Cidadán ergueuse e solicitou que lle cobrasen o café. Antes de pagar, observou melancolicamente o billete de cinco mil. En poucos segundos, nas súas mans, deixaría de ser de cinco mil, razoaba. Pagou, apañou a volta e saíu en dirección a unha Droguería, para mercar a espuma de afeitarse. Cando ía camiño da

Droguería, a máis próxima, unha desas grandes que pertencían a unha cadea, deu cun Estanco e lembrou que non tiña tabaco. Entrou. Se de algo non sería capaz era de pasar sen fumar. Estaba seguro de que a falta de nicotina lle provocaría unha insufrible e continuada angustia que derivaría nun ataque de nervios constante, e alguén coma el era capaz ata de suicidarse sen tabaco. Por outra banda, non acaba de ver a necesidade de deixar de fumar. Estaba a piques de pedir un paquete de winston cando recapacitou. Mentres a dependenta, loira e de mediana idade, miraba para el intrigada pola tardanza da resposta á pregunta de qué desexaba, Cidadán dubidaba entre pedir un simple paquete ou todo un cartón. O lóxico sería pedir un paquete, pois nunha recén adoptada economía de guerra non estaban permitidos ningún tipo de luxos superfluos nin acumulacións innecesarias, pero por outra parte, sospeitando que se cadra en dez ou doce días se quedaría sen cartos, non resultaba mala idea asegurar a posibilidade de que nunca ía quedar sen tabaco. Só a idea de carecer de tabaco e non dispoñer de cartos para mercalo producíalle un estremecemento, estridente coma o rozamento da area ou do pedramol. Finalmente, a dependenta loira preguntoulle por segunda vez que qué desexaba. Aínda a mirou en silencio, dubidando, temeroso de cometer unha gravísima equivocación, pero finalmente saíulle, sen máis, un cartón de winston, por favor.

Tiña que mercar a escuma. Entrou nunha desas Droguerías grandes, había varias polo barrio. Paseou, a modo, por diante dos distintos produtos de hixiene, maquillaxe, perfumería... ata que atopou os botes da escuma de afeitar. Examinou uns cantos, sen présas, comparando os prezos, e cando estaba botando man dun pequeno, o que lle pareceu máis barato, achegóuselle unha dependenta, moi amable, que lle preguntou suavemente, con voz de colibrí, ¿vai levar esa? Vou, respondeulle Cidadán entregándolla para que lla cobrase. Ela non fixo caso

do seu brazo estendido e respondeulle cunha nova pregunta, ¿e por que non leva estoutra, que está de oferta? Son dúas a prezo de unha. ¿Cal?, preguntou el algo contrariado. Esta, repetiulle a dependenta, mostrándolla, sáelle moito máis barata. ¿Canto custa?, quixo saber Cidadán. Esta mil cincocentas, nada máis, díxolle ela. ¿Mil cincocentas? Non gracias, esta é máis barata. Xa, confirmoulle a dependenta, pero o que vostede leva é dos pequenos, ten moita menos cantidade, acabaráselle moito antes e ó final darase conta de que lle vén saíndo o dobre de cara. Leve a que eu lle digo, insistiu, é mellor, cada bote leva máis cantidade e, ademais, por mercar un regalámoslle outro, e leva incorporada unha maquinilla de afeitar, gratis. Sae gañando. Cidadán fixo un xesto de fastidio. Non quería gastar, pero a verdade, así pensado, non parecía mal negocio. Mirou para o bote pequeno, logo para o paquete grande, que a dependenta xa lle estaba metendo entre as mans, e desexou non ter que elixir. Odiaba ter que tomar ese tipo de pequenas decisións. Se cadra, desculpouse para si, levando a que ela me dá, aforro a medio prazo. A voz da dependenta chegoulle de novo. ¿Daquela leva o grande, non si?, inquiriulle. Xa estaba meténdolle o paquete nunha bolsa de plástico. Son mil seiscentas, por favor, díxolle. Cidadán sacou os cartos e pagou.

Cando saíu da Droguería, Cidadán lembrouse de que na casa non tiña nada para cear. No punto crítico en que se achaba a súa balanza económica non podía nin por asomo permitirse o luxo de ir picar algo a un bar, por pouco que lle apetecese meterse na cociña, así que pensou en ir ó Supermercado e coller un par de peitugas de polo para facelas á grella. Sería algo barato e rápido de facer. O Supermercado non quedaba lonxe, así que en tres ou catro minutos púxose alí. Na sección de carnicería non quedaban peitugas de polo, pero o dependente –coñecíao de mercar alí outras veces– díxolle que, se esperaba tres ou catro

minutos, llas cortaba. Entre tanto, foi buscar unhas cervexas, que era o único que Cidadán soportaba coas comidas, e colleu un pac de seis, que sempre lle saían algo máis baratas. Como no estante de enriba estaban de oferta as bolsas de patacas fritas, decidiu levar unha das grandes. Sempre agradecía atopar algo para picar entre horas nos estantes da cociña. Pensando en que os cartos non lle ían chegar a fin de mes, lembrouse dos pistachos. Os froitos secos proporcionaban moitas calorías e podería resistir con eles, mesmo sen comer en todo o día. En realidade, non foi porque os vise preto das patacas, era algo que xa tiña feito noutras ocasións. Á fin e ó cabo, razoou, non son tan caros e case non me van subir a conta. Antes de volver á sección de carnicería para coller as peitugas tamén meteu na cesta un paquete de clinex –horrorizábanlle os panos de tea para soarse e, como era alérxico ó pole, gastaba moitos–, unhas magdalenas para os almorzos –estaban de oferta– e café, produto absolutamente imprescindible sen o que non se cría capaz de vivir. Cidadán estaba convencido de que co café lle acontecía algo semellante ó que lle pasaba co tabaco: era irremediabilmente adicto ás dúas cousas, e non sentía ningunha vergoña ó recoñecelo, así que mercou un paquete de café, colombiano e torrefacto, como a el lle gustaba. Co do café adoitaba ser moi esixente e non lle valía calquera. Xa lle tiñan preparadas as peitugas –dúas, só quería dúas–. Meteunas na cesta e, non querendo caer na tentación de coller calquera outra cousa que seguramente necesitaría, dirixiuse á caixa. Xa desde a cola, Cidadán descubriu as bolsas do aspirador, sempre lle esquecían e rematáraas había dúas semanas. Tamén estaban de oferta. Buscou o prezo e, cando o atopou, pensou que, esta vez, estaban realmente baratas, así que decidiu coller un paquete.

Na caixa había cola, coma sempre, así que tivo que esperar un anaco. Cando lle chegou o seu turno, depositou a compra

sobre a cinta transportadora e fixo cálculos mentais sobre a cantidade que tería que pagar. A caixeira foi pasando os códigos de barras dos artigos polo lector óptico. Son tres mil novecentas cincuenta pesetas, díxolle cando rematou, mentres el introducía a compra nun par de bolsas de plástico. Cando escoitou a voz da caixeira, Cidadán quedou paralizado. Non esperaba ter que pagar semellante cantidade. Mirou para as cousas que estaba a meter nas bolsas, trantando de averiguar qué fora o que lle subira tanto a conta. Botou unha ollada rápida nas bolsas, coa intención de separar aquelas cousas menos urxentes que puidese deixar alí. As bolsas da aspiradora, por exemplo, pensou. Tamén se acordou dos pistachos, porque deixando alí os clínex pouco podía aforrar. Erguendo a cabeza, descubriu que toda a fileira estaba a esperar a que sacase os cartos para pagar. Quería dicirlle á caixeira que non lle chegaban os cartos, para poder devolvelle algo, pero non se atreveu. Pagaría coa tarxeta. A señora que estaba detrás del fitábao con impaciencia. Vacilou. Non lle daría máis voltas, levaríao todo. Son cousas que preciso e xa me quedan na casa, repetiuse intentando tranquilizar a súa conciencia. Tres mil novecentas cincuenta, repetiulle a dependenta. Sacou a tarxeta e, sen lograr vencer a súa contrariedade, estendeulla á empregada.

Camiño da casa foi facendo reconto das súas cada vez máis minguadas posibilidades económicas. Logo de pagar no supermercado, quedábanlle 6.050 pesetas na conta e outras 1.250 que levaba consigo, que para catorce días que aínda faltaban de mes, non constituía ningunha fortuna. E o peor de todo era que con eses cartos, lembrou, pensara en mercar uns zapatos, pois o seu calzado estaba absolutamente desfeito e non podía presentarse á entrevista de traballo do día seguinte de calquera xeito. Pero agora, logo deses gastos, parecíalle todo máis complicado. De todos os xeitos, deixou as bolsas na casa e saíu a dar

unha volta polas Zapaterías, coa única intención autodeclarada de comprobar se había algunha oportunidade nos escaparates. Percorreu varias tendas, á caza e posible captura duns zapatos económicos que fosen dignos dos seus pés. Deu bastantes voltas e acabou entrando nunha zapatería que mostraba, tralas vidreiras, uns negros, de pel, por 3.595 pesetas. Decidiu probalos. Pediulle o corenta e dous, Cidadán calzaba un corenta e dous, a un home de bigote que parecía ser o propietario da Tenda, pero este díxolle que non lle quedaba o seu número. Por iso estaban de saldo. O home foille buscar un corenta e tres pero probounos e quedábanlle moi grandes. Durante uns momentos, dubidouno. Os zapatos eran sen forrar e tiñan o piso de goma, pero o seu aspecto non podía ser mellor. Co escaso saldo de que dispuña, non quería cometer unha nova equivocación e levar uns grandes, que se cadra ía deixar de poñer porque lle caían; pensándoo ben non lle parecía moi oportuno. Coma se adiviñase os seus pensamentos, o home volveu traéndolle outros zapatos, moi semellantes, díxolle, aínda que estes son un pouco mellores porque son de pel e levan o piso engomado e cosido, e ademais van forrados por dentro. Cidadán preguntoulle o prezo. 4.999, díxolle o suposto propietario, pero é un calzado de calidade, están moi rebaixados porque son de 9.000 pesetas. El examinounos detidamente. Tendo en conta o prezo inicial, non sería unha mala compra, murmurou convencéndose. Vese que son fortes, comentoulle el mesmo ó propietario. Sonllo, claro que o son, respondeulle, próbeos. Sentíase cómodo. Se cadra eran un pouco estreitos, pero, non, a verdade é que eran os zapatos perfectos para se presentar ó día seguinte á entrevista de traballo.

Sentado nunha Cafetería, coa bolsa dos zapatos apoiada na cadeira, Cidadán desfaciase nos seus cálculos. Era máis que evidente que a súa economía de guerra non resistira o plan inicial. As súas posibilidades decreceran salvaxemente nunhas horas e o

crac era inminente. Polo menos aprovisionárase dunhas cantas cousas necesarias nas que non ía ter que investir máis diñeiro durante algún tempo. Aínda conservaba as 1.250 pesetas da carteira –tiña que pagar o café– e quedábanlle 1.051 no banco. Agora si que non se podía dicir que estivese nunha situación folgada para chegar sen problemas a fin de mes. Cidadán facía cábalas pensando nalgún xeito de conseguir diñeiro. Seguramente se vería na irremediable necesidade de lle solicitar un pequeno préstamo a algún compañeiro de traballo. Estaba practicamente seguro de que con dez ou quince mil pesetas se arraxaría. De súpeto, tivo unha idea. Os seus ollos estaban aprisionados na luminosidade da Máquina Tragaperras. Demasiado arriscado, trataba de convencerse sen poder sacarlle ollo. Ergueuse e pagou o café. Observou á muller que agora estaba probando sorte na Máquina. Se cadra é arriscado, díxose, pero con dúas mil pesetas que me quedan, non teño demasiado que perder. Así que saíu da cafetería, buscou un caixeiro automático, sacou as derradeiras mil pesetas que lle quedaban na conta, xuntounas coas outras mil que levaba na carteira e dirixiuse a unha Cafetería. Estaba convencido. Probaría sorte porque xa non tiña nada que perder.

A tolemia é un sombreiro (6)

Os da Unidade de Agudos son os peores, sobre todo os de Coitados Especiais (algúns deles son criminais que cumpren condena aquí por alleamento mental). Hai un fareiro, por exemplo, ciumento coma unha gata con crías, que mesmo é quen de matar por ese motivo, estraño esquizofrénico que non se sabe relacionar co mundo exterior porque se illa no seu carácter autista. Semella que ten lume na pel; nos ósos, flores de nervios; o gume dun coitelo nas chagas dos dedos. A min, o seu carácter canino lémbreme o dun bulldog, predisposto á guerra coma se existise algo que o violentase, igual que unha serpe desesperada, torcéndose sobre si mesmo.

Coma vostede e coma min

entón é cando a realidade toma forma
de loucura, ou de can

ALFONSO PEXEGUEIRO

¿Señora Virtudes? Son eu. ¿Como lle vai? ¿Por que? Ah, sei, sei, vale. ¿Como vai todo? Xa. Ben a entendo, ben a entendo. ¿Hai algún problema? ¿Non? ¿E recados? Vale. ¿Todo ben, cos cans? ¿Houbo algunha cousa en particular ou...? ¿Por que? ¿O Tareco?, ¡pero se o Tareco nunca dá problemas! ¿E logo? Pois non lle entendo por qué. Non, non é iso o que lle quero dicir, Virtudes, pero paréceme raro, e eu coñezo moi ben ese can. ¡Claro que coñezo ben ese can, Virtudes! ¡Coñezo *todos* os cans! Todos os *meus* cans. ¡E logo! Non, non. Xa. Ben, escoite, eu vou para aí. ¿Cando di? Non, muller, non, hoxe, agora. ¿Á noite? Non, Virtudes, non, eu vou agora para aí, agora, xa, estou na autoestrada, estoulle a falar desde o coche e vou para aí. Cedo. Á altura de Aveiro. Estou, estou bastante abaixo. Chego pronto. É que veño de xantar no Porto, na *Filha da mãe preta*, alí no cais e ¿a que non sabe o que me pasou? Topei un can. ¿O que? Non. É unha cadeliña. Estaba alí diante, toda triste, ollando o río, danzando entre os melgas, que a debían tratar a patadas. Agora vai comigo no coche, para aí. Aínda non. Chámase Triste. ¿Os melgas? Non, púxenllo eu, ¡que lle van poñer os melgas! Metina

no coche e logo entrei na *Filha da mãe preta*. Claro, muller... uns peixiños, unhas frebas... Non, non; tiña que resolver uns asuntos na cidade e xa rematei. Á tardiña, espéreme. Antes de caer o sol estou na facenda. Claro, vaia pensando en preparar algunha cousiña para cearmos. Pois é, é, xa sabe que eu lle apreto ben na autoestrada. ¿Mmm? ¡Tranquila Señora Virtudes!... Agora, co coche pola autoestrada chégase axiña a calquera sitio. Ai muller, non se me preocupe tanto de se eu vou máis rápido ou máis a modo ou se chego antes ou despois, e míreme polos cans, que é o que me importa. Por certo, que lle vou levar tres máis. Tres, si. Unha delas é a Triste, é. A que acabo de topar no Porto. Os outros dous téñoos apalabrados. Non. Non sei. Unha xente, que me chamou... ¡Ai Virtudes! ¡Se vise que medosa é a Triste! Vagabundeaba polo cais, esquecida por algunha alma despiadada que a debeu abandonar á súa sorte. É medosiña, coitada. ¡Moita malleira debeu levar, cadeliña! ¿Cómo que onde imos meter máis cans? ¡Parece mentira, Virtudes! ¿E logo eu para que a levei a vostede para aí? ¿Para que lle dou traballo? ¡Non me veña con esas agora! Ben sabe vostede que nunha facenda onde collen cento trinta cans, collen ben cento cincuenta ou cento sesenta, ¿ou non?, ¿e logo? ¿A comida? Pois a comida aínda llela imos dando, ¿ou teñen queixas, os cans? Bas-tante mellor alimentados ca antes están. E na miña facenda sempre han ter cariño, que é o que precisan. ¿E logo non han ter? Xa. Cariño e coidados non lles han faltar, señora Virtudes, que teñen os meus e mailos seus. Vale. Si, si, Virtudiñas, si... ¡pero déixeme falar, muller! Xa veremos, xa veremos. Aténdame, muller, dicíalle que xa levo comigo á Triste. Pequena, é unha palleiriña. Non muller, o de Triste é porque non sacaba fite das augas do río e porque ten os ollos mollados e saudosos. ¡É máis agarimosa! Xa a verá. Había que dicirle catro cousas á xente que non ten sentimentos e que a maltratou. E esta aínda menos

mal. Vostede xa ten visto como é que chegan outros cans, ¿non sí? O Pessoa, por exemplo, ¿lembra como chegou o Pessoa, co cu rebentado polos paus que lle meteran? Animalíños. Había que ver quen é máis animal, se o Pessoa ou o que lle fixo o que lle fixo. ¿Anda apoucado? ¿E como é que anda apoucado o Pessoa, se cando marchei estaba ben animoso? Xa. Pero iso xa o sabe, señora Virtudes. Non lle digo que non, muller, pero iso xa o sabía. Ben, ben, aténdame. ¿Como vai a Rubia? Xa. ¡Non me diga! ¿Con cal? Co Xes. Muller, o Xes é un can grande, non lle esqueza. ¿E a ferida da Lúa? ¿Curoulle? Sendo así... Lembre que mañá ten que ir visitarnos o veterinario. Chamaríaio, para llo lembrar, ¿non é? Chámeo, chámeo de novo. Xa sei, señora Virtudes. ¿E logo para que ten aí a María das Flores se non é para lle axudar? ¿Para que lle pago eu á María? ¿Daquela? Pero é que as cousas tampouco lle son así, Virtudes, e o que hai que facer ha de facerse. ¿Cal? ¿O Odín? ¿Traboulle? ¿Onde? ¡Pero ese can non ten por qué trabala! Non é fero, señora Virtudes, o que pasa é que igual se lle meteron os ciumes na alma, ou se cadra está precisado de máis agarimo. Ben sei que é un can moi grande, pero non tiña porque lle botar a boca. Xa. ¡Pois sepáreos! Xa sabe que hai cans que non poden estar xuntos, señora Virtudes, e o Odín e mailo Bobi son deses. Fágame o que lle digo, muller. ¡Que faga o que lle digo! ¿Como que María das Flores non puido ir hoxe pola facenda? ¿E logo? Pois non é así. ¡Pois non! Mañá quéroa falando comigo en canto chegue. É que non pode ser, señora Virtudes. Se temos cento trinta cans na facenda, temos cento trinta cans, e son todos para atender, todos, sen esquecérseme de ningún. Que non, Virtudiñas, o que non se pode facer é ter cento trinta cans e telos coma se estivesen na rúa, ¡diso nada! Aquí estamos a traballar na solidariedade cos coitados dos animais, e se lles fallamos nós ¿quen se vai ocupar deles, eh? ¿Quen? ¿O que? Se cadra, señora Virtudes,

se cadra. Pero mire, chámeme inmediatamente á María das Flores e dígalle que mañá a quero aí ás oito da mañá. ¡Ás oito en punto da mañá, que hai moito que facer! Pois, por exemplo, hai que facerlle a cura á Lúa. ¿Os...? ¿En todo o corpo? Non sei. Vale, á noite bótolle unha ollada. Lembre que non ma pode xuntar con ningún outro can. Esa cadela debe estar separada. E logo temos que vacinar aínda uns cantos. ¿A lista? ¿Que lista, señora Virtudes dos Aires? Seillo de memoria. ¿Como non o vou saber? Coñezo cada un dos meus cento trinta canciños coma se os parise eu mesma, e non preciso de lista ningunha para me lembrar, ben o sabe. Outra cousa. Tamén hai que deixar feita mañá unha boa parcela na zona das sobreiras e dos piñeiros mansos para o Ceo, e outros cans coma el, o Balzac, o Torpe, a Pitusa, e así. Estes cans precisan de moito espacio. Moito, moito. ¿Como que non hai tea metálica? ¿E logo non lle dixera á María das Flores que trouxera tea da vila? ¿Que fixo con ela? Mire, Virtudiñas, a min tanto me ten. Mañá quero aí toda a tea necesaria. Por certo, que o veterinario nos falou dun can, a última vez. A ver se o trae xa con el. Un vagabundo, sei-ca, que atropelara un coche preto de Évora. Pero Virtudiñas, ¿que preocupación ten vostede con que van ser demasiados? ¿Desde cando se preocupa vostede de que teñamos demasiados cans? Os cans precisan unha casa, e a miña casa é a casa dos cans. Toda a xente o sabe. E xa está. Non hai máis que falar. ¿O que? ¿Non me escoita ben? Ah, é que nesta zona da autoestrada o teléfono ten menos cobertura. ¿Como? ¡Que non! ¿Pero que é o que di, señora Virtudes? ¿Que parvadas son esas? ¿Os cartos? Xa. ¿Como que os cartos? Os cartos han chegar, ¿ou? ¿Os cartos da facenda? ¿Os cartos que eu lle dou a vostede para administrar a facenda? ¿E logo? ¿A comida dos cans? Pois merque máis. Xa lle teño dito que no alimento dos cans non se mira en gastos, hai que darlles de comer e asunto resolto. O que precisen,

que tampouco son señoritas caprichosas. ¿Como que nada? ¿Que me quere dicir con iso, Virtudes dos Aires?! ¡Os cans teñen que comer por enriba de todo! ¿É ou non é? Por enriba de todo; non lle esqueza. ¿Pero que me quere dicir con iso? A ver, repítamo. ¿Está a tomarme o pelo ou..., señora Virtudes? ¿Canto? ¿Cinco días? ¿Como que os cans levan cinco días sen comer?! Non me enrede, Virtudes dos Aires. ¿Pero como van levar cinco días sen comer? ¿O Odín? ¿Traboulle por iso, o Odín? ¿Porque levan cinco días sen comer? ¡Pero que me está a dicir, señora Virtudes! ¿Como que non hai cartos? ¿Como que con tantos cans non hai cartos que cheguen? ¿Non me dirá que ten aí os cans a pasar fame?! Iso non llo podo consentir, Virtudes dos Aires. ¿Que quere? ¿Pero que quere vostede? ¿Quere que a bote? ¿Quere voltar para onde a atopei? ¿Ou é que xa non lle acorda onde a atopei? ¿Xa non lle acorda comoapestaba aquel piso escuro e vello onde vivía en Lisboa, alí pechada e illada con trece cadelíñas? ¿Acaso non se lembra de que os veciños a denunciaron á policía polo cheiro que viña do seu piso? ¿Non lle acorda o esfameadas que estaban vostede e as cadelíñas entre montañas de lixo e o fedor a mexo e a merda? ¿É que non lle acorda, señora Virtudes dos Aires? ¿E é así como me paga que eu a teña sacado de alí? ¿Que a fose buscar á comisaría? ¿Que a recollese da rúa cando a policía a desafiuzou? ¿É así? ¿Que me di?, ¿que me ten que dicir? ¿O que? ¿Os cartos? ¡Os cartos, os cartos! ¡Sempre os cartos! ¡Escusas! ¡Non son máis ca escusas! ¡Ai, claro, agora bótase a chorar! ¡Ai non ! ¿Xa non lle acorda todo iso, non sí? Non quere. ¿Ou non lle acorda? Eu tróuxena para a miña facenda. Eu deille un traballo, eu deille e doulle de comer... e vostede págamo así. Tenme os cans sen comer durante cinco días porque seica non chegan os cartos para mercarlles comida. ¿E logo, vostede non comeu estes días? ¡Ai, comeu! Pero comeu catro cousiñas para ir tirando. Xa. ¡Miña pobre!

¿Que tampouco lle chegan os cartos para mercar alimentos para vostede? Pois, ¿sabe o que ten que facer, señora Virtudes dos Aires?, ¿sábeo? Pois o que ten que facer, é repartir entre os cans esas catro cousiñas que comeu, que vostede ben pode pasar sen elas. E nós estamos aquí para iso. Para atendermos os cans. Para darlles os coidados que precisen, ós canciños. Ós meus canciños. Que son animalíños de Deus. Coma vostede e coma min. Coma vostede e coma min, señora Virtudes dos Aires.

A tolemia é un sombreiro (7)

Tamén hai moitos paranoicos. Ante eles éntreme un especial aquel e os meus gatos foxen deles porque lles teñen unha tremenda xenreira, co seu aspecto de dobermans, espelidos, desconfiados, dispostos a saltar en canto se notan observados. Eses tamén son perigosos, porque o transtorno do xuízo lles produce desconfianza e inadaptación social, e unicamente saben xulgar o mundo desde esa torre a través na que se cren superiores ós demais, sen que ninguén que lles faga ver a súa obcecación. En Vigo, Amsterdam, Barcelona ou Lisboa, teñen todos os mesmos comportamentos. En realidade, como lles explico ás veces ós meus gatos, un tolo non é senón as ideas correntes dun home pero ben pechadas nunha cabeza, coma nunha campá de cristal. O mundo non pasa a través dela e acabouse; iso é o que lles pasa sen que queiran ou saiban recoñecelo. Por ese motivo eu trato de relacionarme cos gatos: pretendo abrirme para percibir tamén o mundo a través do aire limpo dos seus ollos.

A señora Lola

Amence. As xentes conducen velozmente os coches, aínda coas luces prendidas, cara ós seus postos de traballo. Unha luz loura e neboenta érguese sobre o Berbés e non permite distinguir con precisión os contornos dos edificios, que se amontoan uns contra outros coma lapas brancas. As gaiotas sobrevoan o porto, pousándose sobre os tráilers, sobre os colectores do lixo e sobre as caixas e os restos de peixe do chan. O mar, picado, resplandece verde, esmeraltado. Entra no peirao o barco de Cangas. Unha muller brinca a terra e diríxese, peirao adiante, cara ó bar onde traballa. En media hora estará a facer tortillas para os obreiros. A cidade esperta, nerviosa e lentamente, do letargo da noite, e a vida bole de novo, imprimíndolle ritmo ó corpo do dinosaurio durmido. A muller camiña con desidia, repetindo un camiño aprendido e memorizado en cada detalle ó longo de anos. Sempre a mesma muller. Sempre o mesmo camiño. Sempre o mesmo bar. Sempre as mesmas tortillas para os mesmos obreiros. Os mesmos pero, coma ela, máis vellos cada día. Hai xa algún tempo que anda deprimida. Antes víñanlle as depresións ciclicamente, por tempadas, pero agora

parece que quixeran acompañala de cotío, instaládoselle no pensamento. Ás noites toma uns tranquilizantes que lle deu o médico, a ver se é quen de durmir dun tirón, pero, dun tempo aquí, nin con esas. Séntese mal. Esperta a cada pouco. Está farta do traballo. Pero é que tamén está farta do seu home, aínda que a súa relación con el non sexa peor do que sempre foi. El anda á viruta. Desde o botaron da fábrica, hai uns anos, anda á viruta. Tan á viruta anda que xa nin se preocupa de buscar traballo. Tampouco sente a necesidade de facelo. Para el a vida é coma un tren ó que se enganchou cando o viu pasar, no que viaxa sentado, e do que non baixará ata que chegue a término. Ás tardes vai ó bar, con ese andar bembón que ten, e alí queda, cos amigos e a botella de caña, a xogar ó dominó. A muller ultimamente sente desprezo por el. Está farta de mantelo, farta de soportalo, farta de velo, farta de querelo. Mira para o reloxo e apura o paso. Distraérase excesivamente nas súas cavilacións e non quere chegar tarde.

No bar comezaba a facer tortillas a primeira hora. Ó longo da mañá, desde había anos, acoden numerosos obreiros a tomar o bocadillo, a cervexa cunha tapa de tortilla, ou a xantar. É o mesmo ritual de todos os días. Pelar as patacas, cortalas, pelar as cebolas, trocealas, fritilas coas patacas, bater os ovos, remexelo todo e repartilo entre as tres ou catro tixolas que tiña preparadas enriba do lume. Axiña chegaban os berros do patrón dicindo, máis tortilla, señora Lola, máis tortilla, e a señora Lola veña a cociñar, veña a facer tortillas toda a santa mañá. É así desde hai moitos anos. Case non lembra cantos. Prefire non lembralo. E é así por moi poucos cartos. Por unha auténtica miseria. Por un soldo de risa. A muller, a señora Lola, chega ó bar, pon o mandilón e dispónse a consumir as horas entre o aceite e o cheiro a fritido, pastoso e rutinario, que de tan familiar xa se lle instalara no bico da pituitaria que disque todos temos no nariz.

Hoxe hai novas no barrio que dan que falar. A xente comenta que un mozo se suicidou co mencer tirándose pola ventá da casa. Seica estivera na farmacia, de madrugada, pedindo tranquilizantes. Segundo os veciños, bisbea dona Leonor, a da mercería, vivía obsesionado co ruído das abellas. Á señora Lola parécelle lembrarse del, pois algunha vez fora tomar tortilla por alí, pero, a verdade, non entende como se pode matar un polo ruído das abellas cando hai razóns bastantes peores polas que morrer. A vida que leva a muller do fareiro, por exemplo... A señora Lola nega para si coa cabeza e, con todo, pensa que iso de suicidarse non está ben porque vai contra as leis do ceo.

Máis tarde chega o patrón, que saíra a buscar cambio, desmentindo que se suicidase ninguén porque, segundo as novas que traía, fora en realidade un asasinato. Dixéralle un taxista do Berbés que no porto de baixura mataran a coiteladas a un ó que lle chamaban o Portugués. Un chulo de putas. Logo, á porta do bar, un cliente veulle ó patrón co mesmo conto. É un ó que a señora Lola lle ten xenreira. O individuo, un albanel da construción, antes acudía todos os días a comer as súas tortillas ata que de repente comezou a mellorar visiblemente. Dun día para outro vestiu ben, mercou coche novo, fixo unha casa... e agora segue vindo case todos os días, pero traxeado e coa orella pegada a un teléfono móbil. A señora Lola, como todo o barrio, sabe que anda na fariña, e mesmo ten aparecido apaleado con varias malleiras por axustes de contas. Ela non pode ver ese aires de novo rico que se dá o tipo.

A iso das dez comeza a chegar a primeira quenda de obreiros, sucios, grises, pedindo tortilla a berros cos seus ollos de goma. Máis tortilla, señora Lola, veña, máis tortilla. O patrón controla a caixa e atende, e un raparigiño que cambia de rostro cada seis meses móvese de aquí para alá servindo ós obreiros.

Esa é sempre a peor hora. Entre as dez e as once, todos teñen fame e berran e parece que a barra tremese, como na talolinga, co timbre das súas voces brumosas. Entretanto, a señora Lola fabrica tortillas mentres o pensamento se lle vai ó fillo, cousas da depresión, que sabe cristo bendito en qué portal andará tirado, ou morto, coma un moleque descomposto, adorando un deus hipodérmico e malnacido. E logo as fillas, dúas, lacazás coma elas soas, preguiceiras e libertarias, estragos dunha familia que lle enche de cristais os calcañares. Por iso cando remate hoxe, tampouco ten ganas de regresar á casa. Por iso tamén hoxe, irá á estación do tren, como fai todos os días desde hai moitos anos, antes de coller o barco de volta a Cangas. Así que durante o día, de cando en vez, para afogar as penas, apártase da caloriña redentora dos fogóns e sae a intercambiar dúas palabras con algún dos obreiros, ós que coñece desde hai anos.

Ata hai non moito, aló un chisco máis tarde do mediodía, á hora en que a señora Lola adoita xantar algo, víñalle por alí a muller do fareiro, unha pobre desgraciada que sempre estaba confusa consigo mesma e asustada do home, e as dúas falaban consolándose mutuamente e latricando un anaco. Un día, como dicíndolle adeus, deulle un bico grande e nunca máis volveu vela. Quen sabe se non a mataría o home, matina a señora Lola, condenado fareiro, de tanto bater nela, mísero cabrón.

Hoxe quen se lle aparece pola porta é Pepa a Loba, unha rapariga de Cangas enganchada na droga, que traballa de puta barata na estrada, e que, coma sempre, entra aproveitando que non está o patrón, para que a señora Lola lle faga unha tortilla sen lla cobrar, que é a ela a quen acode a Loba cando anda esfaameada. Con todo, había tempo que non a vía polo bar. Á señora Lola non lle chista moito atendela, porque ten medo de que calquera día a descubra o patrón. Sen embargo aténdea, en parte interesadamente, pois cada vez que a ve pode preguntarlle

polo fillo, que, entre eles, os da droga sábeno todo uns dos outros. Tranquila, señora Lola, tranquila, que o seu fillo sabe defenderse ben, que non é parvo, que lle sae á nai que o pariu, espétalle Pepa a Loba con cruexa. Coa Carmela, dille, o seu fillo agora anda coa Carmela en Bueu. Alí está ben, perda medo señora Lola. E ela non pode evitar un sorriso aínda que só sexa por saber que o seu fillo non está morto, ou esmorecente, tirado nunha esquina cunha sobredose.

As novas do seu fillo infúndenlle certo ánimo e agora a señora Lola sabe que vai ir á estación, coma todos os días antes de volver para Cangas, pero se cadra hoxe non vai ter tentacións de subir a un tren que a leve lonxe para sempre. Logo de tantos anos cumprindo con ese rito de indecisión, o feito de ir á estación do tren cando remataba o traballo convertérase para ela nunha rutina liberadora. Sabía que era unha opción que estaba aí, sempre ó alcance da man, o salvavidas secreto da súa mente.

Logo o día vai consumíndose e aínda cociña máis tortillas, apegada ós fogóns para que o frío inverno non a penetre por debaixo das saias; aínda imaxina, entre as lágrimas da cebola, que o seu fillo retorna un día á casa para abrazar a nai, e casa cunha muller honrada que trae con el; aínda cavila que non se vai deixar vencer máis pola depresión e toma a determinación de abandonar as pastillas esa mesma noite; aínda bate máis ovos e gasta máis aceite; e aínda lembra finalmente que ten que coller unhas teas que lle encargou a señora Berta, a súa veciña...

Está nesas cando o patrón berra por ela para dicirlle que no teléfono preguntan pola señora Lola. É a súa filla, a pequena. A pequena... sempre fora a peor, a máis rebelde. A través do auricular, a súa voz sábelles á mazá velenosa, e podre, de Branca-neves. A penas mediou palabra. Estou preñada, mamá. ¿Oíches mamá? Quería que o soubeses canto antes; estou preñada.

¿Óesme mamá? Mamá, ¿óesme?, repite a voz mentres ela colga o teléfono e volve para a cociña. Estábao esperando. Sabía que un día lle ía pasar. E a condenada nin sequera se atreve a llo dicir á cara. Bota as patacas no aceite. Condición de muller, dise, e rompe a chorar en silencio, tragando as bágoas, ata se abandonar e deixar que o seu sabor salgado penetre a fritanga das patacas e a cebola.

Cando remata a xornada, encamiñase á estación. Está decidida: hoxe collerá o tren, calquera tren, o primeiro tren que saia, e afastarase desta terra para sempre. Éntranlle mareos só de pensar en chegar á casa, enfrontarse á cara licuada da súa filla preñada, preguntar pola irmá, ausente, escoitar a voz pastosa do seu home, facerlles, unha vez máis, outra tortilla para a cea, inútiles, máis que inútiles, tomar unha pastilla para durmir, deitarse pensando na sorte do fillo, náufrago na casa da Carmela, en Bueu, espertar a cada pouco cos nervios de punta, chorar en silencio na cama, outra vez, volver a coller o barco, facer máis tortillas para eses mesmos obreiros cos mesmos ollos de goma de sempre.

Entra pola porta da estación coma unha bala, atravesa o vestíbulo, diríxese ós andéns, detense diante dun vagón do tren a Barcelona e sobe a el. É a primeira vez que o fai. A primeira. Sempre chega alí, pasea entre os trens, míraos saír, camiña polos corredores adiante e, despedíndoos coa vista, dá media volta. Pero hoxe subira ó vagón e agora estaba no vestíbulo, mirando, sorprendida e atónita polo que fixera, para a porta do compartimento. Coma unha estaca, permanece alí cravada durante un bo anaco. Logo abre a porta do compartimento, fixa os ollos nun asento baleiro onda a xanela, sorrí, vírase, salta do tren abaixo e dicíndose, outra vez será, Lola, outra vez será, dá media volta e marcha a coller o barco de Cangas.

A tolemia é un sombreiro (8)

Con todo, dos dementes de que máis desconfiamos os gatos é dos cans de palleiro, ese exército de tarados pedramólicos. Entre eles temos un, psicótico irreversible (coma todos), iluso que foi quen de falsear as relacións consigo mesmo e co seu entorno ata matar porque pensaba que era Humphrey Bogart. Este tipo de cans viven nun universo irreal, coas súas perspectivas totalmente deformadas e aínda que ós gatos non nos resulten dos peores, son, sen dúbida, os que nos obrigan a permanecer máis atentos, porque adoitan actuar á traizón e cando menos o esperas; benditos pobres cans de palleiro, que son papáns coma zancudos, coas súas mentalidades de esparto.

Bartolo, o tolo

Este que vedes aquí é Bartolo, o tolo. Estou hoxe convosco porque a el (a min) lle foi encomendada a tarefa de representar o papel de tolo neste fermoso teatro, improvisado no palco da festa. Este que vedes aquí (eu) ten o deber de dar obrigado cumprimento ás vosas encomendas, esforzándose en aparecer diante de todos vós, veciños e veciñas, como un tolo digno das vosas expectativas, capaz de gañar o cariño do público. Pero antes de nada, Bartolo (este que vedes aquí) quere agradecerlle á Comisión de Festas a confianza que depositou na súa persoa para escenificar o papel de tolo neste inesquecible acto das festas da patroa.

Antes de comezar, sen embargo, e aproveitando a oportunidade única que hoxe se me brinda, quixera dicirvos algo importante no que hai tempo que me gustaría que matinasedes. A este que vedes aquí (a min) non lle foi asignado o seu papel ó chou nin foi elixido pola súa demostrada valía como actor; a el (a min) encomendáronlle o seu papel de tolo por selección natural, por consenso social e por convencemento popular desde o maldito día en que naceu. Este que vedes aquí, sabédelo ben, son eu, Bartolo, o tolo, entre todos e para todos vós.

Hoxe, claro, non veño contarvos a miña historia. Veño representar o meu papel. Con todo, se o fixese, podería contarvos unha historia amarga, a historia dun tolo triste, triste por dentro aínda que alegre por fóra. A miña historia. Daquela non podo deixar pasar esta irrepentible oportunidade coa que vós mesmos me dades voz, porque eu, Bartolo, non o estou. Ben sei que todos credes que o estou e en consecuencia asignástesme ese papel, que represento gustoso para vós, de corazón, porque a vosa deferencia de hoxe para comigo, que tan hilarante vos resulta, para min é unha deferencia integradora, que me asigna un lugar entre todos vós, un lugar que non sempre estiveren certo de posuír. Pero eu, sabédeo dunha vez por todas, non o estou. A tolemia é un sombreiro que se quita e que se pon a conveniencia. Desde teño memoria, vós puxéstesme ese sombreiro, pero hoxe eu decidín sacalo, rachalo con forza, precisamente, para poder representar o meu papel con lucidez, ese papel de tolo que xenerosamente todos os veciños me ofrecedes, esta vez sobre o escenario, por segunda vez desde que nacín.

Esa é a razón pola que este tolo pretende hoxe que reflexionedes. Sei que todos pensades que me coñecedes moi ben. Sen embargo, reparade en min. Eu non pertenzo a esa clase de tolos que se cren Humphry Bogart, Elvis Presley, Harrison Ford ou John Travolta. Ben se ve. Nin a esoutra que irrompen nos restaurantes armados ata os dentes para acabar a tiros coa vida de trinta ou corenta persoas. Tampouco son desa clase de alienados que vai agredindo a xente pola rúa para acabar por lle fender a cabeza a alguén. Non son ningún psicópata que persiga mulleres para romperlles o gaznate como o estrangulador de Boston ou Jack o Destripador. E non estou, tampouco, entre os que pasan varios anos internados nun psiquiátrico, vixiados por médicos e asistentes e controlados con descargas eléctricas. Non pensedes, sequera, que me manteño ou me mantiven

baixo tratamento ansiolítico e psicosomático. Nada máis lonxe da miña realidade. Por ser, eu non son nin sequera un deses tolos patolóxicos que buscan recoñecemento público a través dos actos irracionais que levan a cabo. Esquecédeo. Eu non pretendo que ninguén me admire polos seus actos. E, sabédelo ben, se hoxe estou aquí, sobre o palco, é a petición vosa, a petición da Comisión de Festas, para escenificar o papel de tolo nesta ilusionante obra de teatro na que tanto esforzo puxestes, meus amigos. Se hoxe eu subín a este palco é por e para iso, por moito que os vosos rostros estean agora demudados, atónitos polo inesperado do meu discurso.

Eu, para vós, son un tolo feliz. Bartolo, o tolo feliz. Ese tolo divertido que sempre alegra a vosa vida e co que se pode pasar un bo anaco. Ese tolo ó que guindades cacahuetes polo aire para que os apañe coa boca e os pape no momento; ese tolo que non sabe xogar ás cartas pero que sempre xoga convosco, sen saber, para que poidades apostar a que perde o que vai con el (comigo); ese tolo ó que lle poñedes e sacades o sombreiro para enredardes a conveniencia; ese tolo que vos vai mercar tabaco, unha cervexa ou o xornal a cambio dun peso que lle metedes no peto. Ese son eu para vós. Bartolo, un tolo feliz. As cousas son distintas, sen embargo, para min. Aínda que nin o sospeitedes, eu son o tolo máis infeliz. E sono porque sei que en realidade eu estou a representar o meu papel, ese papel que me outorgastes xa cando nacín e no que entre todos me fostes reafirmando. Porque xa hai moitos anos, e non hoxe, que mo concedestes entre todos. Por iso non é casualidade que hoxe estea subido a este palco: eu xa viña sendo o voso tolo, aquel a quen condenastes á tolemia desque naceu. Pero, perdede medo, farei un bo papel, e pasaredes, de seguro, un anaco divertido. Sabédeo, o meu designio é estar predestinado a ser o voso tolo para sempre.

Ese foi o meu designio desde cativo, desde aqueles afastados días en que, lembrede, os compañeiros e maillo propio profesor me chamabades parvo porque eu non comprendía as cousas e tardaba en facer as contas máis que todos vós. O parviño. Logo, como eu non era quen de seguir o voso ritmo nin daba aprendido á mesma velocidade, acabastes por poñerme o alcu-me de Parviño. Á miña propia nai a vergoña de ter un fillo así comíalle o corpo, así que un día decidiu pecharme nun cuarto sen ventás e esquecerme para sempre. Alí, na máis horrible escuridade pasei varios anos illado do mundo, inexistente, coma un animal que nunca puido relacionarse cos demais. Un día, cando a mamá morreu, meu pai ceiboume dunha patada e púxome a pedir na rúa. Cando saín á luz, xa vos esquecerades de min pero axiña me recuperastes para a entidade e identidade da vila. Da vosa vila. Da nosa vila. Así que comecei a ser o voso tolo. Todos me chamabades Bartolo –a min nin sequera me acorda, nin o pretendo, o meu verdadeiro nome– e acepteino de boa gana porque, por fin, alguén se decataba da miña existencia logo de tantos anos perdido nas tebras. Cando me dabades os manises, as pesetas, as pavas dos cigarros, e me poñades a bailar, cando me enviabades a por tabaco ou a polo xornal, por requirido, eu sentíame querido. Por iso, hoxe, de verdade que non o esquezo, debo agradecervos que me asignasedes ese papel. Pero, sabédeo, eu non son ese tolo feliz e divertido que todos vós queredes ver en min. Tedes razón, toleo por bailar nas verbenas das festas patronais ata caer rendido; práceme sentarme na beirarrúa do Paseo a facer barquiños e pombas de papel para tiralas ó mar e que se afundan entre as ondas; e, entre outras cousas, adoro situarme á saída da vila a facerlles indicacións coa man ós automobilistas porque me sinto útil. Pero, a pesar de todo, decatádevos dunha vez por todas de que eu non son un tolo feliz. Desde este palco desexo mostrarvos a miña

gratidade a todos vós, que sempre me destes de comer. Desde este palco quero mandarles un bico a todas as mozas que, mortas de risa, sempre me sacaron a bailar e me fixeron feliz un anaco. Desde este escenario, sabédeo, quero e vou representar de corazón o meu papel, o papel de Bartolo, o tolo. Desde este escenario debedes saber tamén que eu non podería existir sen vós porque non tería lugar ningún no mundo, así que vou seguir sendo o voso tolo para sempre. Pero, sobre todo, desde este escenario, quero que, dunha vez para sempre, saibades, de corazón, que eu non o estou.

(Aplausos)

A tolemia é un sombreiro (9)

¿Non é para temer, acaso, entre tanto tolo, que se me esvaia a conciencia? Adoezo. E cando pretendo agarrarme, este manicomio só ten un pasamáns, que leva ó soto, cunhas escaleiras profundas que se perden na loucura; aquí, nin sequera na noite acougamos, asustados co silencio patético das respiracións nerviosas, espreitantes ante a posibilidade mesma de que nos atrapen as mans dos obsesos do sexo, para violarnos, pequenos caniches que se engrandecen mirándose a pirola unha e outra vez, untada de cremas estimulantes e cuberta de preservativos fosforescentes, á procura do cu aveludado de calquera gato que se lles cruce no camiño; que sorte tiveches Milou de non naceres gato neste psiquiátrico infernal.

Carapuchiña e o pobo feroz

Unha vez era unha nena de aldea moi feitiña e moi boa que vivía nun pazo co seu pai e a súa nai e mais dous irmáns varóns. A súa avoa, que a quería moito, agasallouna un día cunha carapucha vermella que ela mesma tecera e como a nena a vestía sempre, e ademais era moi pequena, toda a xente deu en chamarlle Carapuchiña Vermella. O seu pai era o cacique do lugar. Había anos que non se levaba coa avoa (a súa nai) e tempo atrás acabara por botala do pazo. El mandaba todos os días a Carapuchiña á casa da vella cunha botella de viño e unha empanada de pan de millo, porque tampouco era mal home. A avoa vivía nunha casa ó outro lado do bosque e Carapuchiña tiña que atravesalo a diario. A primeira vez, o pai díxolle á nena:

–Rapariga, cando atraveses o bosque non pares a falar con ninguén nin te desvíes nunca do camiño.

Durante un tempo ela cumpriu o mandato do pai, pero un día Carapuchiña topou co lobo, que non era mal animal e o pobre estaba moi só e moi perseguido polos gandeiros da zona.

–Ola Carapuchiña –díxolle o lobo–, ¿onde vas con esa cesta na cabeza?

–Ola Lobo –respondeulle Carapuchiña–. Vou á casa da miña avoíña a levarlle este viño e unha empanada de pan de millo.

–¿Onde vive a túa avoa? –preguntoulle o lobo.

–A miña avoa vive nunha casa de pedra que hai logo do bosque, preto do muíño que está a rentes do río.

E o lobo pensou, a penas teño amigos entre os humanos porque os gandeiros me odian e aquí aínda non hai ecoloxistas que me defendan, e como por culpa do conto estou condenado a vagar de por vida por este bosque, se acompaño a Carapuchiña poderei facerme amigo dela e conversar con alguén de cando en vez.

Amais de Carapuchiña Vermella, a única persoa coa que o lobo falaba a cotío era coa Meiga do bosque, contra a que o pai da nena a advertira moi seriamente, a fin de que se mantivese afastada dela, pois era unha vella envexosa e ruín. A Carapuchiña, que tiña bo corazón, non lle importou que o lobo quixese buscar a súa amizade e a partir de entón deixouse acompañar por el.

Habitualmente a avoa estaba a facer pequenas cousas domésticas cando a neta chegaba á súa casa: poñer a roupa da cama a clareo, apañar unhas nabizas na horta, limpar con pedramol os cacharros enfarruscados da cociña de ferro ou mesmo ver algún programa concurso na televisión; pero así que a cativa entraba pola porta, apañáballe unhas noces ou unhas castañas, dependendo da época, e dáballas para merendar cunha pouca bica mentres lle contaba historias antigas que ela aprendera da súa nai.

Carapuchiña sentíase moi a gusto na compañía da avoa e cada vez pasaba máis tempo con ela. A vella aínda se valía ben e tiña moi boas mañas e moi boa memoria e aprendíalle unha chea de cousas á rapaza. Esta poñíase moi contenta e dáballle moitos bicos en agradecemento. Carapuchiña e a avoa colléronse moito aprecio e queríanse moito, tanto que, conforme foron

pasando os días, sen decatárense, un sentimento mutuo foilles traspasando o corazón e comezaron a amarse en segredo.

O lobo, que intimara moito coa rapariga mentres a acompañaba no camiño, faláballe do bosque e da Meiga que vivía nunha cabana. De cando en vez tiña tentacións de violar a Carapuchiña, porque era unha nena preciosa e algúns animais fan o amor de xeito violento, pero non se atrevía porque no fondo non tiña mal corazón e, ademais, non quería empeorar a súa relación coa xente da aldea. Sospeitaba que os gandeiros o debían odiar a causa da mala sona que collera polo papel que desempeñaba nun conto que se contaba pola comarca desde había moitos anos, pois non podía crer que o perseguisen só por querer alimentarse de simples ovellas.

Avanzando o tempo, o amor da avoa e Carapuchiña foi en aumento e axiña sentiron unha pola outra auténtica paixón. Agora a avoa xa non a esperaba facendo pequenos labores domésticos senón descansando, deitada na cama. En canto chegaba, Carapuchiña espíase e metíase na cama coa avoa, que tamén estaba núa. A nena foi así aprendendo pequenas cousas deliciosas que a vella lle foi ensinando con moita gracia, con moita sensibilidade e con grande sensualidade.

Un día tras outro, cada vez que Carapuchiña, espida, se enlazaba entre as sabas co corpo da avoa, mantiñan a mesma conversa, un enredo que a vella lle ensinara:

- Avoíña, qué brazos máis grandes tes.
- Son para abrazarte mellor.
- Avoíña, qué mans tan suaves tes.
- Son para acariñararte mellor.
- Avoíña, qué ollos tan grandes tes.
- Son para gozarte mellor.
- Avoíña, qué boca máis grande tes.
- É para humedecerte mellor.

—Avoíña, qué lingua tan grande tes.

—É para percorrerte mellor.

A continuación a vella pasáballe os seus dedos expertos polo corpo da neta e ámbalas dúas empezaban a suar ata que a cama se convertía nun mar de auga. Para Carapuchiña todo aquilo era novo e excitante e estaba a descubrir unha fonte de gozo tan grande que quedaba encantada. Pero o seu amor debían mantelo en segredo entre as dúas porque ó pobo feroz non lle gustaban nada ese tipo de relacións e se este chegaba a saber algo vingárase, querería castigalas, e faríalles moito dano ás dúas. Así que Carapuchiña non lle contou nada a ninguén, nin sequera a seu pai nin ó cura, e no lugar todo o pobo feroz seguíu gabando a boanza e o corazón xeneroso de Carapuchiña, que todos os días atravesaba o bosque para lle levar á súa avoa unha botella de viño e unha empanada de pan de millo.

O lobo, sen embargo, empezou a sospeitar que existía unha relación especial entre as dúas e intentaba sonsacala cando ela ía camiño da casa da avoa, atravesando as corredeiras do bosque, acompañada do animal.

Un día, sentindo uns terribles ciumes, o lobo levou a Carapuchiña onda a Meiga, na súa cabana do bosque. Era esta unha vella de voz moi aguda e pelos moi longos e revoltos. Ofreceulle un vaso de colacao con galletas e á nena pareceulle tan boa aquela señora que decidiu que a partir de entón non deixaría de ir por alí un só día, de paso que se dirixía á casa da avoa, e ademais viríalle moi ben o colacao con galletas para recuperar forzas.

O lobo sabía que a Meiga lle botaba o mal de ollo á bebida que lle daba á nena porque adoitaba facelo con toda a xente á que llo ofrecía, e por iso el nunca bebía. A partir daquela, Carapuchiña deu en tolear pouco e pouco e cambioulle o carácter, facéndose moi egoísta e posesiva. Cada vez que a rapariga se

deitava coa avoa comportábase de forma autoritaria e dominante e mesmo chegou un momento en que a súa relación con ela se fixo tiránica. A vella comezou a sospeitar que algo lle pasaba á neta porque Carapuchiña non obraba coma sempre, así que quixo falar con ela para averiguar qué tiña a rapaza, pero como non lle sacou palabra decidiu plantarlle cara. Carapuchiña, que seguía a tomar o colacao da Meiga, acabou por virar tola (incapacidade mental transitoria) e, ante a actitude da avoa, entrou en cólera e decidiu matala sen que esta sospeitase nada. Inicialmente pensou en afogala meténdolle a cabeza dentro da auga do váter pero logo caeu na conta de que sería moito máis propio e respectuoso coa tradición fenderlle unha machada no pescozo e pendurala dunha maceira, e así o fixo.

Coa avoa morta (desangrada) e pendurada dunha maceira e o lobo merodeando por alí, a Carapuchiña entroulle medo de que o pobo feroz descubriese o seu crime e a castigase, así que botou a correr ata o pazo e alí, chorando, díxolle ó seu pai que o lobo matara a avoa e a pendurara dunha maceira e quixera facer o mesmo con ela pero lograra fuxir correndo polo bosque.

O lobo, que era hipocondríaco e algo malo temía, vendo que o ceo se puxera amarelo e que iso era símbolo de mala sorte, decidiu darlle sebo ás canelas e fuxiu á parte máis mesta do bosque para agacharse nela.

En canto se correu a voz do acontecido, o pobo feroz, indignado pola malvada actitude do lobo e os danos psicolóxicos que o seu crime provocara nunha nena de tan nobre corazón, decidiu organizar unha batida, comandada polo cura e o cacique, para lle dar caza e escarmiento. O primeiro foi á procura das mulleres, que estaban rezando na igrexa, e o segundo á procura dos homes, que estaban a atrancar unha estrada cos tractores para protestar pola cota do leite. Durante a noite peneiraron o bosque con fachos e escopetas de perdigóns e co mencer deron

co animal e atrapárono. Levárono para as portas do pazo e alí vingaron o seu crime, mallándoo a paos ata que morreu.

Carapuchiña Vermella foi moi feliz o resto da súa vida, pero desde aquel día, e por ter desoído os consellos do pai para que non falase con ninguén no bosque, cando saía coas amigas ou cos mozos, tivo que estar no pazo ás dez en punto da noite ata que cumpriu a maioría de idade.

A tolemia é un sombreiro (10)

Ora, é preciso que saiban estes cans malditos, pechados entre paredes inexpugnables que teñen nome e que se denominan Unidade de Agudos, Unidade Residencial e Unidade de Rehabilitación, que son eles os únicos que posúen a patente de autenticidade, pois no mundo exterior a rúa está inzada de dementes (oficialmente denomínanse dementes de baixa intensidade), verdadeiros tarados potenciais nun mundo onde a loucura é un estigma do que non se libran nin as vacas. Agora, cada vez hai máis épocas estrañas e calquera podería descubrir que os cans son tolos que lamben as cidades, embobados, cando as moscas baixan soas ó suicidio do inverno. Se non, ¿por que os cans lamben as cidades, embobados?

O Bar de Sam

O sol, coma un tomate esmagallado e moi maduro, macio e fofo, sobre toda a chaira. Unha alfombra de asfalto, inmisericorde, que a atravesa. As rodas infladas dos tráilers, quecendo sobre o alcatrán á velocidade da luz. Un solitario bar de estrada, con rótulos luminosos. Un individuo maduro de idade madura que vai entrar nel.

PARTE 1ª, SECUENCIA 1ª

(O diálogo e o pensamento do ghicho simultanéanse)

Ola Elsa, (Ola Ilsa), Ola Ricardo (Ola Rick), Non me pareceras ti, xa había moito tempo que... (Non estaba certa de que foses o mesmo, a última vez que nos vimos foi en...) Que non viña ó bar de Sam, (na Belle Aurore), Oh, ben sei, Ricardo, desde o día que pecharon... (Rick, que amable ó lembráreste. Claro que foi o día en que os alemáns invadiron París), O cine; para min non é doado de borrar ese día da memoria, (Non é doado de esquecer, lembro todos os detalles, os alemáns vestían de gris, ti de azul) Si, aínda conservo a entrada da derradeira sesión, (Si, gardo aquel vestido; cando os alemáns marchen volverei poñelo).

PARTE 1ª, SECUENCIA 2ª

(Véselle a cara en primeiro plano, mentres fala).

Así lembro o día que volví alí. Elsa estaba na porta, resplandecente, mirándome, e o sol outonizo douraba dondamente as terras brandas da chaira de Antela. Estaba a piques de anoitecer e, de seguro, saírían as estrelas. ¡Que fermosas, as estrelas, tan cinematográficas, salferidas no veludo negro do ceo! Sobre o val podíanse escoitar os cantos dalgunhas ras, pero escoitábanse especialmente as bucinas dos tráilers que atravesaban as rectas de Xinzo a todo meter, camiño de Ourense ou de Vigo. No Bar de Sam xa estaban prendidas as luces vermellas da entrada, e Elsa permanecía na porta, mirándome resplandecente. Atravesei o lintel e quedei cegado pola penumbra do interior. Desde a entrada, boteille unha ollada ó local. Só un par de mesas ocupadas, con parellas, e un camioneiro na barra amarrado a un cubalibre. Ó fondo seguía o piano, o meu piano, repousando diante das cortinas, coa tapa baixada. Sam secaba un vaso cun pano e ollaba para min. Cuspín de medio lado, como tería feito John Wayne en *Río Bravo*, e cabalguei un dos tallos da barra. Pasara tanto tempo, e non me dixo nin mu. Alí quedou, esfregando no vaso, pensando, de entre todos os cafés do mundo tivo que entrar no meu, estou certo de que o pensou, porque, a dicir verdade, desque pecharan o cine eu collera sona, por toda a Limia, de raro, de estraño, de solitario, de venado, e ata case estou por dicir que de lobishome. E digo por toda a Limia coa boca ben chea, pois cando era o acomodador non había can que non soubese de min. Así que permaneceu esfrega que esfrega no vaso, mirando para min e meneando a cabeza de arriba a abaixo. Logo preguntoume, ¿que che poño? e engadiu, berrando coma unha mula, benvido Riqui, benvido ó Bar de Sam. Pero díxoo así coma quen o di no mercado, moi efusivamente, demasiado efusivamente. Teño para min que non o dicía de verdade, porque eu ben sei que en todo

ese tempo a xente toda de Xinzo me miraba coma quen mira un toliño, ¿non si?, un coitado, e el non había de ser dos que apagasen o ruxe-ruxe ese que se aquelara sobre a miña persoa; e total ¿por que?, pois por iso, porque non volvera polo Bar de Sam, e porque lle retirara a palabra ó patrón, o dono do Maricel, e porque deixara de ir xogar ó dominó cos outros, e porque me sentaba na praza a ver pasar os camións. Díciase por aí que o feito de quedar sen traballo me deixara aqueloutrado, entolecido, que me volvera rabudo coma unha estruga, pero igual estaban a confundirme con Bette Davis en *Qué foi de baby Jane*. A min, quedar sen traballo a verdade é que tanto me tiña, o que si me puxera, en cambio, unha cousa aceda na gorxa, así coma de tristura metálica, foi que pechasen o cine como o pecharon, e que non se puidesen ver máis películas. Que todos quedasemos para sempre sen o mundo dos artistas. Iso foi o que me matou. Así que pouco me importa o que pense Sam, ou que me saúde coma se estive a vender gando, que se volvíñ alí foi precisamente para dicirlles a todos que eu estaba perfectamente, san e cabal, e que era tan home coma os outros, especialmente cando, coma aquel día, a Elsa miraba para min, resplandecente, e bulíame o sangue, como a Humphrey Bogart baixo o ceo de Casablanca, que só de pensalo pónseme a pel de pita. Así que cando Sam me preguntou qué quería tomar, axustei o traxe e a paxariña que non levaba, inclineime con elegancia sobre a barra, e co cigarro enganchado de medio lado na boca, díxenlle, con sobresaliente distinción:

—Un wiski. Con soda, por favor.

PARTE 2ª, SECUENCIA ÚNICA (Flash back):

(Escóitase unha voz en off –a do ghicho–. Simultaneamente, vense as imaxes).

Eu, sentado na bancada da praza, canda os vellos da vila, vendo pasar tráilers. Sucédense as imaxes, pero eu estou sempre

no mesmo punto da praza, inequivocamente sentado na mesma posición, e agora chove, agora neva, agora anoitece, agora vai frío, agora calor, agora é mediodía, agora poalla, mentres cambian os camións de fondo, que son distintos, porque os que xa pasaron desaparecen para nunca xamais. Eu, a ver para os tráilers, coma unha estatua, a ver como pasan, como roncan e fungan, como atravesan o centro da vila, como se resenten cando se deteñen no semáforo. Eu, esperando que un día aparecese Elsa ó volante dun deles e desde a ventá me berrase, veña, ímonos. E enfilásemos rumbo a París, ou a Casablanca, e non regresásemos nunca. Miro para eles e cáeme a baba, pois penso que quixera ter sido camioneiro para poder apropiarme do mundo e sentir que me espera un amor en cada destino. As imaxes sucédense durante cinco anos, fugaces coma cometas: desque pecharon o cine ata o día en que volvían entrar no Bar de Sam e non dixo nin mu. Farían falta moitos camións para poder filmar unha película deses cinco anos, tantos que case sería imposible. Habería que empezar a recrutar camioneiros no Bar de Sam, onde paran moito a tomar unha copa, a falar coas rapazas, a ver algunha película ou a escoitar a actuación dalgún xenio local. Non sei cómo lles pode gustar un local tan burdo coma o de Sam; claro que os camioneiros son tipos brutos e violentos, e debe ser por iso polo que Sam pon películas brutas e violentas. É algo que me contraría: eu son unha persoa pacífica. En parte, se non lle quixen volver alí foi por esa razón, porque poñía películas de violencia, desas en que o sangue agroma continuo manchando toda a pantalla. Díxenllo e non me fixo caso. Díxenlle que tiña que poñer as películas clásicas, as de antes, que eran as boas. Díxenlle que se fixase como se facía unha película tan excelente como *Quén teme a Virxinia Woolf*, tan intensa, e sen verquer unha gota de sangue. Díxenlle que sacase esas trapalladas que andaba a poñer, do tipo *Bruce*

Lee contra Lin Chu. Díxenlle que iso volvía a xente parva, e que lles puxese *Casablanca* ós camioneiros e ás súas nenas do bar, que ía ver como llo agradecían. Díxenlle que esas películas de sangue non podían traer nada bo. Díxenlle que fixese caso de min, o tipo que máis cine vira de toda a provincia de Ourense. Díxenlle que as películas de antes, as que se facían en branco e negro, relaxan o espírito e fan que un se atope a si mesmo na pantalla. Díxenllo e mandoume á merda, a min, que mo debe todo. Débeme o nome do bar, e o seu, e a idea do rótulo de Café Americano, débeme o piano, e a iniciativa do vídeo e de poñer películas. Así que tamén me debe boa parte da clientela. E volvo alí logo de tantos anos e non me di nin mu. Un pobre barman coma el nunca puido entender o que se sente entre as butacas, cunha lanterna nas mans, cando tes diante a Humphrey Bogart baixando os rápidos dun río africano e a xente tropeza torpemente sen saber onde sentarse. Sam non o entende. Sam non entende un carallo. Iso foi o que me dixen a min mesmo durante os cinco anos en que permanecín sentado na bancada da praza de Xinzo vendo pasar camións. Iso foi o que eu dixen para min, tratando de ignorar aquela voz agresiva que me bombardeaba sempre con aquilo de, está vostede intentando fuxir de si mesmo e nunca o logrará, pero eu contestáballe, sabe vostede moito sobre o meu destino. Repetiamos o diálogo un e outro día, un e outro día, con cada camiión que pasaba, el veña con está vostede intentando fuxir de si mesmo e nunca o logrará e eu arrepoñéndomelle con sabe vostede moito sobre o meu destino. ¿De onde viría a endiañada voz? Así día tras día, esmagándome a cabeza co seu timbre penetrante. Pero pola virxe que eu non andaba a tentar fuxir de min mesmo; só pretendía buscar un oco no mundo desde que as vellas rellas do Cine Maricel caeran para sempre, coma unha maldición, sobre a porta da entrada.

PARTE 3ª, SECUENCIA ÚNICA

(Interior).

Outra vez chego cedo. O Bar de Sam é un escenario baleiro. Nin sequera el está detrás da barra. Onte pasei aquí toda noite, desde que abriu, ás seis da tarde, ata as seis da mañá. Apetéceme pasar aquí as noites, por ver se envellezo máis á presa. O Sam é moi cuco. As cousas xa non son coma antes; non se relaciona a penas cos clientes, e detrás da barra aparece e desaparece segundo conveniencia. Para min, mellor. Déixame máis marxe de manobra fronte a Elsa. Cada vez que a miro recoñézolle o seu amor por min trala seda dos ollos. Ela sempre me quixo, e ségueme querendo. Ela é a única persoa que aínda me quere. Pero non mo manifesta porque ten medo de Sam. Está moi distinto, o Sam, cambiou moito nestes cinco anos. Prendo un pito porque sinto a soidade escénica do local. O ruído do misto ó rasgar na caixa resoa coma unha bala inesperada de Burt Lancaster. Elsa quéreme porque sobre todo son un tipo pacífico. Xa case o único tipo pacífico do mundo. Ela ollou docemente para min cando onte lle reprochei a Sam que seguise poñendo películas violentas do tipo **Tiburón**, todo sangue. Pero, ¿el que lle vas facer, coitado? Aí o está. Vén feito un trapo, descamisado, coma sempre. Míroo fixamente. Simulo a compostura. Axusto o traxe e a paxariña que non levo, inclínome con elegancia sobre a barra e, co cigarro enganchado de medio lado na boca, dígolle, con sobresaliente distinción:

–Un wiski. Con soda, por favor.

E o cabrón non di nin mu.

PARTE 4ª, SECUENCIA INICIAL

(Voz en off, outra volta).

Lembro que foi exactamente igual que o primeiro día que volvín alí. Elsa estaba na porta, resplandecente, mirándome, e o sol outonizo douraba dondamente as terras brandas da chaira de

Antela (coma se desde aquel primeiro día non tivese cambiado nunca de posición e todo fose un decorado de Hollywood). Estaba a piques de anoitecer, e o resto tamén era igual que aquel día: as estrelas tan cinematográficas no veludo do ceo negro, os cantos das ras, as bucinas dos tráilers, e as luces do Bar de Sam, acesas. Só que aquel día, do interior procedía un rebumbio tremendo. Entrei. Os camioneiros bebían cervexa, na barra, amarrados ás nenas (os camioneiros sempre beben cervexa, por aforrar; ou todo o máis cubalibres), e os clientes ocasionais estaban todos alí, sen faltar ningún, ocupando as mesas e circulando pola sala, animados pola música dun acordeón que facían soar uns tipos no escenario e, sobre todo, pola algarabía do xentío. A tapa do piano tamén estaba erguida pero non semellaba haber ningúen para tocalo. Víase que Sam fixera correr ben a voz de que ía ter festa, o cabrón, porque alí había xente de Sandiás, de Xunqueira, de Sarreaus, da Porqueira, de Calvos de Randín, de Trasmiras, de Cualedro, de Baltar, de Muíños e mesmo de Verín e de Chaves, que estaba o Lito Honwana, un preto fuxido de Angola que puxera unha tenda de cranios de animais na vila portuguesa. E a min non me avisara. Así que, sen lle dicir nin mu, acheguei-me onda el, axustei o traxe e a paxariña que non levaba, inclíneime con elegancia sobre a barra e, co cigarro enganchado de medio lado na boca, díxenlle sorrindo cínica e distinguidamente:

—Un wiski. Con soda, por favor.

Por suposto, non dixo nin mu. Palabra por dicir non ten tacha, aínda que o que cala amola a quen fala.

Eu dedicara toda a mañá a pasear, seguindo a beira do río. Procurara descanso para os meus ollos e para o meu espírito entre as fermosas cores douradas dos campos da chaira, ulindo o pracenteiro arrecendo da bosta e do esterco, que tanto me agrada, e agora sentíame con azos para deixarme embeber polo ritmo da noite escoitando a música do acordeón e gozando dos

brillos amarelos do wiski mentres buscaba intermitentemente a Elsa cos ollos, moi intermitentemente, para que se decatase do meu xogo, para irle facendo saber de vagar que o seu amor por min era correspondido.

Lembro que pasara un bocado grande de tempo e levaba uns cantos wiskis elegantemente pedidos co traxe e a paxariña que non teño cando empezou a soar o piano. Sen me eu decatar, iso lémbroo ben, empezou a soar o piano porque un ghicho sentara nel e comezara a tocar. E tamén case sen me decatar, a medida que a música se me foi metendo no cerebro, o mundo derrubóuseme rapidamente. Perdín a noción do tempo. Miraba para Elsa continuamente, de seguido, abandonando o intelixente xogo da intermitencia, e aquel son parecía que quería volverme tolo. Eu miraba para Elsa como dicíndolle, Elsa, pero qué fas neste puto bar americano, de camareira, Elsa, veña, colle o tráiler e larguémonos a París, onde seremos felices, veña Elsa, entraremos polo Arco de Triunfo nos campos Elíseos, Elsa, e a música do piano soaba caoticamente, como se todo se derrubase sobre min, Elsa, ¿lémbreste Elsa da última vez que nos viramos?, fora na porta do cine Maricel, ¿non fora alí, Elsa?, ¿fora en París, se cadra? e Elsa mirábame sen dicir nada, como intuindo algo estraño, realmente estraño, así que axustei o traxe e a paxariña que non levaba, atravesei o bar, achegueime con elegancia ó pianista e, co cigarro enganchado de medio lado na boca, díxenlle con sobresaliente distinción:

–Tócaa para min.

O pianista miroume sorprendido, e seguiu a tocar sen facer caso das miñas palabras. Foi entón cando llo tiven que repetir.

–Tócaa para min.

Esta vez miroume máis detidamente e preguntoume qué carallo quería que tocase. Repetinllo de novo. Díxenlle, tócaa para min, toca o tempo pasará. Miroume por terceira vez, recri-

minador, alegando que non a sabía. Insistinlle unha vez máis e contestoume así de moi malas formas, mandándome ó carallo, como fixera Sam, con esas malas formas que aprenden nas películas violentas que lles gusta ver ós que non saben de cine, coma se unha cousa tan seria fose un capricho de meu, que Elsa estaba observándonos. Derrubouseme o mundo todo, derrubouseme e só me quedaba unha oportunidade para recuperar o control da situación. Así que fun onda Sam, axustando o traxe e a paxariña que non levaba, e co cigarro enganchado de medio lado na boca, díxenlle con sobresaliente distinción:

–Tócaa ti, Sam.

Pero Sam, como Elsa (aínda que por motivos distintos), estivera observándome e xa debía estar previsto. Esta vez si que dixoo, pero díxoo coma quen non di nin mu:

–Déixame en paz, Riqui. Lisca de aquí.

Non lle insistín máis. O mundo estaba a derrubarse e non había nada que puidese evitalo. Díxenlle:

–Está ben, Sam, intentei razoar contigo pero é inútil.

Antes de marchar abordei a Elsa e biqueina na boca, apretándome contra a súa blusa lixeira, que lle insinuaba os peitos, brancos coma elefantes pastando malembe. Sentir a calor dos seus labios foi como coller coa man o veludo negro do ceo estrelado. Como non o esperaba, non dixoo nin mu. Só eu falei:

–O mundo está a derrubarse e nós escollemos este momento para namorarnos.

E saín pola porta.

PARTE 4ª, SECUENCIA FINAL

(Acentuación dramática de exteriores).

Cando volvíñ ó Bar de Sam Elsa estaba na porta, como esperándome, pero non resplandecía. Tiña a cara pálida, descomposta, e non lle sacaba ollo á miña escopeta de caza. Era

noite pecha e o ceo parecía cuberto por un inmenso crespón negro, inzado de nubes pedramólicas, coma se todos os paxaros de Hitchcock sobrevoasen o bar. Coa escuridade, a penas se distinguían os tráilers aparcados no aberto.

—¿Onde vas? —espetoume.

Non esperaba que me preguntase nada. Crin que o comprendería, que o entendería todo sen palabras. O mundo acababa de derrubarse sobre nós e nada se podía facer xa por evitalo.

—Eu tamén teño unha misión que cumprir —díxenlle—. O que hei de facer non podes compartilo comigo. Non pretendo protexerte, pero comprende que ó cabo os problemas de dúas persoas pouca cousa importan neste derrubado mundo. Algún día poderás comprendelo.

Así que axustando o traxe e a paxariña que non levaba, entrei no bar, achegueime con elegancia a Sam, e co cigarro enganchado de medio lado na boca, disparei sobre el ata matalo, ata que o sangue sucio e quente agromou do seu corpo como a el lle gustaba.

A tolemia é un sombreiro (11)

Con frecuencia dígolles ós gatos, a ver, gatos, perdede ese medo que vos domina, acougade, debes saber que hoxe sempre hai salvación: é a química, curandeira de noso. E dígollo coma se estivese a falar comigo mesmo, porque trato de zafarme do medo, espertando a miña mente para non caer na selvática preguiza que domina os cans. Para evitar ser coma eles adoito falar cos gatos e ler moito a prensa, por iso levo os recortes interesantes gardados nos petos. Este dicía (20/10/99): Catro dos dez fármacos máis vendidos son de uso psiquiátrico, entre os que se atopan dous antidepressivos, un tranquilizante e outro que induce ó sono. Estoutro dicía (29/10/99): Entre o 20 e o 25 por cento da poboación adulta desta cidade presenta un trastorno psíquico, na súa maioría neurose, segundo os estudos epidemiolóxicos que manexa a Asociación Galega de Saúde Mental. E aínda outro dicía (16/10/99): Máis do 15 por cento dos nenos do Estado padecen trastornos de ansiedade. Estes casos poden converterse en patoloxías crónicas.

Coma o Pato Donald

Era martes e Olga aínda tiña unha hora antes de ir a clases de alemán; sentíase preguiceira, así que entrou no salón, estomballouse no sofá e prendeu a televisión ó chou, por matar o tempo ata marchar. Estaba a facer **zapping**; a piques de cambiar outra vez de canle cando lle chamaron a atención as palabras daquela rapaza loira, de rostro dondo e suave, cos ollos marcados de rímel azul, que aparecía na pantalla. Eu non lle boto a culpa a ninguén, dicía, pero a xente presiónate... Aqueles ollos de princesa cativaron a atención de Olga coma un imán. Podía intuír perfectamente de qué estaba a falar. Eu vivía para o meu corpo, seguía relatando, deixei de estudar e practicamente deixei de vivir; o único que quería era morrer. A Olga tremeulle o corazón: estaba a falar do dinosauro, daquel dinosauro amarelo que semellaba ter sete vidas e que tamén a ela se lle metera un día no corpo. Ela chamáballe así, o dinosauro. Cada vez que lembraba eses anos en que o animal habitara o seu corpo, estremeciábase. Poñíaselle a pel de pita. O que quería –continuaba dicindo a rapaza, entanto lle sorría á presentadora– era ter o corpo que eu desexaba, e sabía que podía controlalo pois baixaba cinco ou seis quilos para ir a unha festa e o que non comía nunha semana comíao logo nun día.

Instintivamente, Olga subiu o volume do televisor, acochouse no sofá e viuse reflectida na pantalla. Era a primeira vez que lle pasaba. Era consciente da súa enfermidade, desde había varios anos levaba contra ela unha loita sen tregua, pero nunca oíra a outra rapaza coma ela falar do seu mesmo problema.

A presentadora, unha muller de pelo negro e abundante, vestida cun traxe azul de chaqueta, preguntoulle, Ruth, quero saber se tamén o facías por gustarlles ós mozos. Facíao, respondeulle Ruth coa súa expresión mol, e de feito a miña enfermidade desencadeouse por un rapaz. A min gustábame un rapaz e quixen facer todo o posible para adelgazar.

Era martes e Olga retrocedeu cinco anos atrás na súa vida, transportándose ata aquela espantosa fin de curso en que todo comezara. Volvérase máis mentirosa que Pinocho, aínda que non lle medrase o nariz. Medrábanlle, sen embargo, o medo e a angustia, unha angustia longa e eléctrica, que lle queimaba o estómago, a tráquea e a gorxa. Volvérase máis astuta que Sherlock Holmes, pero a súa astucia, en vez de axudala, afundíaa, esnaquizábaa. Coma Polgariño, abandonado polos seus proxenitores no medio do bosque, Olga sentíase perdida, extraviada da persoa que ela mesma fora. Case non podía recoñecerse. Cambiáralle o corpo, cambiáralle a mente, cambiáralle o carácter. Logo chegou unha guerra inútil contra todo e contra todos na que se vía coma unha especie de bruxa, malvada e feroz, que desprezaba a todo o mundo pero que, sobre todo, se desprezaba a si mesma. Para os seus pais, para as súas amigas, para o seu entorno Olga convertérase no máis perverso, pérfido e caprichoso dos personaxes dun conto que ninguén acababa de crer.

Aínda agora, martes, sentada casualmente diante do televisor, resultáballe difícil comprender o xeito en que todo comezara. Ela estaba convencida de que se debera á rutina que presidía a súa vida, reducida a estudar e ir á clase. A monotonía

apoderárase dela e Olga deprimíase ó comprobar que os seus compañeiros do instituto só lle facían caso cando a precisaban como a boa estudante que era: pedíanlle os apuntes, consultábanlle dúbidas e solicitábanlle información relacionada coas materias, pero logo, a ela ninguén a convidaba a saír; ninguén contaba con Olga fóra das clases. E tiña a sensación de que na súa casa acontecía o mesmo: a súa nai valoraba o irmán maior pola súa simpatía e a súa irmá pequena pola súa inocencia, pero intuía que ela era, unicamente, a filla dos sobresalientes, a rapaza que, puntualmente, traía boas notas.

A finais de xuño daquel ano a súa familia trasladárase de Vigo a Cangas, porque adoitaban pasar os veráns na casa da avoa. Os seus pais ían traballar desde alí. Os exames acababan de quedar atrás e Olga andaba aínda nerviosa. Tiña todas as vacacións por diante e, coma sempre, ningún plan especial, así que, descubriendo que era moi relaxante, empezou a saír a pasear coa bicicleta. Como se sentía moi ben, cada vez pasaba máis tempo pedaleando.

Na televisión, aquela rapaza de rostro suave, cos ollos marcados de rímel azul continuaba a falar. Cando eu empecei coa enfermidade, relata, o que estaba de moda era *Sensación de vivir*; os *niños ricos* que non fan nada e están moi delgados. Tamén naquel espantoso ano na vida de Olga que agora lle volvía á memoria, a todas as súas compañeiras do instituto o que lles gustaba era *Sensación de vivir*. De feito, sempre se preguntara a razón de que a ela non lle gustase. ¿Por que, se Olga non era, en realidade, nada diferente ás outras? Se cadra había algo que ela descoñecía e que a mantiña afastada dos demais. Agora, casualmente sentada fronte ó televisor, xa nada tiña remedio e debía asumir o seu pasado, pero daría calquera cousa por borrar aqueles anos, por desintegralos nun profundo sono ata que, como á Bela Durminte, se lle desfixese o maleficio.

Dúas semanas despois de comezar os paseos en bicicleta, que lle permitían fuxir das manías da avoa e dos cargantes caprichos da irmá pequena, Olga perdera peso de tanto pedalear. Un día acompañou a súa nai a Vigo e atopouse cuns compañeiros do instituto que lle comentaron con entusiasmo que estaba máis delgada. Supoñíao. Pero aquela observación fíxoa moito máis feliz do que esperaba. De alí en diante, intuíu que a súa delgadeza podía resultar unha estratexia eficaz para que a aceptasen entre eles. Mesmo se sentía xa un pouco máis querida. Uns anos antes non lle tería importado, pero agora, a verdade, empezáballe a gustar que os rapaces tamén se fixasen nela. Así que cando volveu a Cangas propúxose seguir un réxime. Ó principio, deixou de tomar doces e pan, e paseaba catro horas diarias en bicicleta. Á semana seguinte comezou cunha dieta. Xantando só coa nena e a avoa na casa non lle resultaba difícil. A súa cuñada facía réxime e podía fixarse nela. Ademais, era moi delgada. Tal como a ela lle gustaría ser. Sería só unha pequena dieta que, pensaba, podía controlar perfectamente, e que lle serviría para facerse valer ante os demais. Durante o curso anterior estudaran as calorías dos alimentos na clase de ciencias, e non tardou en aprendelas de memoria; quería saber qué era o que debía ou non debía comer para adelgazar.

A partir daquela a súa vida converteuse nunha película que ela mesma protagonizaba pero da que nunca escribía o guión, coma se algunha man descoñecida gobernase o seu corpo. Pouco e pouco, a comida foi volvéndoselle unha obsesión.

Era martes, e unha voz en *off* sacou a Olga, sentada casualmente ante o televisor, do seu ensimesmamento. As cámaras mostraban agora un primeiro plano dunha rapaza de pelo moi curto, con raia ó medio, de cara delgadiña, ollos rasgados e boca pequena, vestida cun bodi negro. Jessica Rodríguez, di a voz en *off*, pasou de querer perder uns quilos a obsesionarse

co réxime. Anoréxica e bulímica, salvou a súa vida tras permanecer ingresada durante un mes nun hospital. Ten 18 anos.

Olga ollaba atónita para o televisor. Miraba á rapaza con tenrura, pero todo aquilo resultáballe estraño e, no fondo, incómodo; sentíase como Alicia no país das marabillas: ó outro lado do espello. Jessica mantíña as mans inmóbiles, pousadas sobre o colo; a Olga chégalle a súa voz, íntima, confesional. Estaba en terceiro da ESO, achegábase o verán e díxenme, voume librar dalgúns quilos, quedas mona e vas á praia máis a gusto; en fin, o que nos propoñemos todas. Seguí un réxime que atopei no que se aseguraba que perdías medio quilo diario, e eu dixen, ah, pois estupendo, antes do verán pñoome fenomenal. Cumprino ó pé da letra e, como estaba case sempre soa, había días que decidía recortalo. Un día tomei algo fóra do réxime e vomitei. A partir de aí pillaslle o truco: vomitas o que comes e xa está.

Sentada casualmente ante o televisor, Olga seguía con avidez o relato de Jessica. Ela nunca conseguira vomitar por máis que o intentara. Sempre fora incapaz. Sen embargo, durante cinco longos anos, a súa vida xirou unicamente en torno á comida. O réxime que comezara na casa da avoa convertérase nun pesadelo máis invencible que Indiana Jones. Axiña tivo que buscar trucos para seguir adelgazando porque, cada semana, perder quilos se facía máis difícil: ía a pé a todas partes, non cesaba de limpar a casa para facer exercicio, nunca lle botaba aceite á comida, atestábase de laxantes para provocarse diarreas e tomaba diuréticos sen control.

Querida nai:

Tes que perdoarme. Eu, sen sabelo, quería ser como a barbi que me regalaches de nena. Quería ter a súa cintura de boneca. Por iso, coma se fose o Mago de Oz, facía desaparecer a comida do meu prato. Por iso mentía, ata que me convertín nunha mentirosa patolóxica.

Sabes, ás agachadas eu situábame fronte ó espello e, igual que a madrastra de Brancaneves, preguntáballe, espello, espelliño, dime quen é a rapaza máis delgada de todo o contorno. E nunca quedaba satisfeita. Por iso sentar diante do prato da comida era como sentar na silla eléctrica. Tes que perdoarme, mamá. Case nos mato ás dúas co meu soño envelenado de ser unha barbi de quince anos. Enganeite desde o principio. O réxime desregularizoume o corpo e a regra baixá - bame cada quince días. Eu asusteime: temía que repercutise na miña maternidade no futuro. E baixo ningún concepto estaba disposta a iso. Así que te convencín para que me acompañases ó médico. Pero unha semana antes tomei vitaminas e comín, para evitar que as análises desen anemia. Ó médico insistílle en que perdera peso porque andaba moito en bicicleta, e ti corroboráchelo, ¿lembras? Dixo que me vía delgada pero que non parecía preocupante, e que o descontrol da regra se debía ós quilos que baixara. Os resultados das análises non deron anemia e para min foron un impulso para a miña conducta. Tes que perdoarme, mamá. Só quería ser como a barbi.

A presentadora do programa dirixiuse agora a un home de pelo cano e barba branca, con lentes, vestido de traxe e garavata, situado entre o público. Doutor Xosé Luís Moreira, dille, ¿por que razón esta enfermidade está a medrar tanto? Porque estamos a vivir, responde o médico, a cultura da delgadeza; asóciase a delgadeza co éxito en todos os sentidos, co éxito profesional, co éxito económico, co éxito nas relacións sociais, nas relacións familiares e na autoestima persoal.

Olga perde interese polo que ve na pantalla e abstráese ata que as cámaras absorben nun primeiro plano o rostro doutra rapaza. Ten o pelo negro, intenso coma acibeche, longo, e uns ollos verdes que resplandecen na súa tez pálida, de porcelana. Mostra unha expresión profundamente triste. Escóitase de novo unha voz masculina en *off*. María Abreu, 18 anos, comezou

sendo anoréxica pero agora non pode controlar a bulimia. Chegou a tomar lixivia para provocar os vómitos. Intentou suicidarse dúas veces.

Olga, aquel martes, sentada casualmente ante o televisor, volveu reconecer nos ollos da fermosa rapaza o animal que tamén se lle metera a ela no corpo, coma un dinosauro amarelo. Sentírao, sobre todo, logo da visita ó médico, cando utilizaba calquera tipo de truco que lle permitise perder un gramo de peso. Inicialmente cortaba a comida en múltiples anaquiños e espaxíaa polo prato para que dese a sensación de que comía, sobre todo os sábados e domingos, cando os seus pais estaban na casa da avoa, ou cando, rematado o verán, regresaron a Vigo. Logo comezou a agachar e tirar a comida. Sempre buscaba unha escusa para erguerse da mesa e botala polo váter. Tamén empregaba o truco de vestir roupa con moitos petos onde puidese esconder a comida que sacaba furtivamente do prato. E, cando as cousas se poñían difíciles, vestía dous ou tres niquis xuntos, para deixar caer a comida entre eles. Durante o verán, na casa da avoa, subira e baixara infatigablemente as escaleiras da casa para adelgazar. Cando retornaron a Vigo, como no piso non tiña escaleiras, amontoaba os dicionarios no chan do seu cuarto –os libros máis voluminosos que posuía– e durante a noite, ás escuras, pasaba dúas ou tres horas subindo e baixando dicionarios, para seguir perdendo calorías, e facendo abdominais na escuridade ata a madrugada, ás veces vestida cun chufasqueiro para suar máis. Cada vez durmía menos e, por suposto, facíao totalmente espida, para pasar máis frío. Tamén sabía que se podían gastar calorías co contraste entre frío e calor, de xeito que se pegaba un tempo á estufa e a continuación corría ó conxelador e sacaba cubiños de xeo para esfregalos polo seu corpo nu. Por se fose pouco, colmábase de antibióticos. A súa irmá pequena collera unha infección e o médico déralle uns antibió-

ticos que a chuchaban moitísimo. A ela atraíalle a imaxe chuchada da nena.

A súa obsesión era tremenda. Deixábase levar por aquel animal, o dinosauro amarelo, coma se xogase a Tom e Jerry con el. Un sábado que a súa cuñada foi comer á casa da avoa e quedou a durmir, Olga probou a súa roupa. Aínda non lle valía. Ese, o da súa cuñada, había ser o seu modelo perfecto. Había ser coma ela.

Non tiña báscula, pero sabía ben cando adelgazaba e cando non. A finais do verán tivo ocasión de pesarse: perdera 25 quilos. Pero Olga xa non era a mesma: o seu carácter mudara completamente. Convertérase nunha rapaza fría, egoísta e malhumorada, que non soportaba a súa nai e consideraba inimigos a todas e cada unha das persoas que a rodeaban. Así que, coma Robinsón Crusoe, decidiu apañarse para sobrevivir ela soa.

Era martes, e a voz de Jessica retornou ós seus oídos a través do televisor. Miña nai comezou a sospeitar, contaba a rapariga, porque vía que eu comía con normalidade pero seguía adelgazando. Un día pilloume vomitando no baño. A partir de entón levoume ó médico, ó psicólogo, ó psiquiatra, ó endocrinólogo... pero a xente presionaba a miña nai, dicíalle que era unha histérica e unha esaxerada, preocupándose tanto.

Casualmente sentada ante o televisor, Olga sentiu frío. O mesmo frío eterno que se apoderaba dela naquela época en que todos insistían en dicirlle que estaba moi delgada aínda que ela seguise véndose gorda e torpe coma o Pato Donald. Cando estou moi gorda, dicíase, non me aceptan por gorda e agora, que aseguran que estou moi delgada, tampouco me aceptan por delgada. O primeiro día de clase no instituto asustouse de verdade. Case ninguén a recoñeceu. Daquela decatouse de que algo non ía ben. Sobre todo, porque nas olladas atónitas que lle dirixían os seus compañeiros distinguía o espanto, coma se ela fose un

espectro, unha pantasma emerxida de ultratumba, o terrible dinosauro amarelo. Se anteriormente se sentía marcada por estar gorda, agora era o feito de estar delgada o que a sinalaba.

Cando a súa nai comezou a sospeitar que algo pasaba, había algún tempo que ela xa non se sentía ben: tremíanlle as pernas cada vez que baixaba unhas escaleiras, mareábase con frecuencia, sufría taquicardias, saíralle unha estraña peluxe por todo o corpo, perdera a menstruación e non podía controlar a vexiga: de mañá erguíase mexada. Aquel dinosauro amarelo que se lle metera no corpo e lle chuchaba o ventre e os intestinos parecía disposto a acabar con ela. Xa en Vigo, a nai, intranquila, comezou a controlala. O lema de Olga sempre fora ser o máis discreta posible para non alarmar o seu entorno familiar, pero agora resultáballe demasiado complicado. A súa nai axexábaa, permanecía diante dela mentres comía e mesmo a esperaba para vela almorzar polas mañás. Aínda así, cos seus trucos, conseguía zafarse da maior parte dos alimentos.

A súa nai, que ás veces faltaba ó traballo para poder vixiala, decidiu levala a un endocrino. Olga non soportaba permanecer un segundo ó lado dela sen discutir. O día que lle anunciou que a levaba ó médico, sentiuse acurrada. Daquela xa ninguén lle dicía que estaba delgada. Todos calaban. Diante súa semellaba un tema tabú, pero notaba ese arrepío nas miradas que a poñía terriblemente nerviosa.

Ola Henrique:

Xa ves que che escribo, malia que cheguei a odiarte tanto. Sabes, ti fuches a primeira persoa que me falou de anorexia. Tiven un irmán anoréxico, claro, pero nin sequera o lembro porque eu acababa de nacer e nin os médicos daquela coñecían a enfermidade. Chegou a entrar en coma, Luís, meu irmán. Pero eu nunca relacionei esa palabra comigo, anorexia. O día que miña nai me levou á

túa consulta, puxéchesme fronte un espello e dixéchesme, mírate Olga, ¿que ves? Calquera se tería asustado. Sobresaían os ósos, no meu rostro, marcando uns ollos fugaces e nerviosos, afundidos sen piedade detrás dunha pel que se lles pegaba coma plástico. Pero eu seguía véndome gorda. Olga, o Pato Donald bembón. Enganarte a ti resultábame moito máis difícil. Sabías exactamente o que eu pensaba e o que me estaba a pasar. E con todo, enganeite. Enganeite durante varias semanas. O primeiro día pesáchesme, ¿lembras? Dei 47 quilos. Mandáchesme volver á semana seguinte e xa adelgazara quilo e medio. Dixéchesme que non podía ser, que volvese a semana seguinte, coa obriga de pesar os 47 quilos da primeira vez. Entón merquei unha báscula e xa non me librei dela. Pesábame cada media hora. Esa semana controleime: non adelgacei, pero tampouco engordei. Tiven que buscar un truco para dar o peso que me pediras. Xusto antes de entrar á túa consulta fun ó baño e bebín oito vasos de auga. Sabía que equivalían a dous litros, pois fixera a proba na casa. Cando me pesaches, a báscula marcou os 47. Mostrácheste satisfeito, aínda que só estaba inflada de auga coma unha bola. Á semana seguinte non fun quen de controlarme e baixei ós 44,5. Para disimular o meu peso, repetín o mesmo truco e enchín os petos de pedras. Faltoume medio quilo para dar os 47 pero tirácheslle importancia. Daquela, enganábate e odiábate con toda a miña alma. Pero cada vez, resultoume máis difícil enredarte porque seguía adelgazando. E ¿sabes?, agora sei que a mentira nunca pode ser eterna.

Un día que Olga foi comer á casa do seu irmán probou a roupa da súa cuñada. Esta vez quedáballe grande, pero en vez de pensar que ela estaba extremadamente delgada deulle por pensar que a súa cuñada, que usaba a talla 36, estaba demasiado gorda.

Era martes e Olga, sentada casualmente ante o televisor, volveu á realidade porque na pantalla aparecía outra rapaza.

Chamábase Rosalía e a presentadora dicíalle, pero, Rosalía, ti es anoréxica desde os doce anos, chegaches a non comer máis que unha mazá ó día, ¿como é posible? Olga examinou detidamente a rapaza, sen escoitar as súas palabras, e cando volveu oír as voces que saían do televisor a presentadora estaba a interrogar á nai de Rosalía, situada entre o público. Cando ten esa ansiedade, di a muller, unha señora de lentes grosas e pelo negro e voluminoso, eu digo, esta non é a miña filla. Come esaxeradamente, merca comida, agáchaa, engólea e logo vomíttaa.

Querido irmán:

Non sei como dicircho, pero débitoche a vida. Ti sabías ben o que me estaba a pasar e eu intuía que o debías saber, pero entre nós sempre imperou o silencio. Daquela, o meu único deus era o Corpo e eu xa non tiña forzas para vivir. Ese día subimos sós no ascensor, os dous. Puxécheste fronte a min e con aquela firmeza e aquela frialdade que foi a miña salvación, dixéchesme, mira Olga, eu ben sei o que che está a pasar, sei no porque o vivín coma ti e porque o padecín coma ti. Sei no porque aínda o levo gravado nas veas. E a penas nuns segundos, irmán, recoñecinme nos síntomas que me describías. Cos teus ollos espetados nos meus dixéchesme, Olga, de seguires así, en dúas semanas entras en coma e poste á beira da morte. Logo engadiches que a decisión era miña, e aclaraches que vós o pasariades mal ó principio, pero logo estariades aí, e eu, sen embargo, da morte non regresaría xamais. Entón, irmán, o ascensor detívose e a conversa nunca volveu ós nosos labios. Agora preciso dicirche que aquel instante foi o golpe de mar máis oportuno que bateu contra a miña conciencia. Meu irmán, débitoche a vida aínda que nunca me atrevese a dicircho.

A partir daquel día, Olga reaccionou. Pediu axuda na casa e levárona a un psiquiatra. Tomaba as pastillas e comezou a comer. Na primeira semana recuperou dous quilos e, dúas semanas des-

pois, cinco. Con todo, preocupáballe chegar ó seu peso anterior. Trataba de asistir con regularidade ás clases no instituto, pero era consciente de que non daba asimilado o que os profesores explicaban. Sentíase nerviosa: na clase non estaba á altura de antes. Un día, preparando un exame de xeografía, decatouse de que non era quen de asimilar o que lía nin podía reter as cousas. Aquela noite, nun ataque de ansiedade, dirixiuse á neveira e acugulouse de comida. Enguliu todo o que atopou, mesturando os alimentos e deixando a neveira baleira. Ese foi o principio da bulimia. Desde entón comezou a se erguer polas noites a comer. Inxería tanta comida que recuperou peso cunha velocidade pasmosa. Logo tiña un sentimento de culpabilidade tan grande, polos atracóns que se daba, que se enchía de laxantes e tentaba vomitar, sen conseguilo. A continuación unha sensación de esgotamento invadíalle o corpo, canso, vencido. Sufrira cambios tan fortes que xa non tiña ningún tipo de control sobre el. A bulimia converteuse para ela nun suplicio moito peor que a anorexia. Se antes podía controlarse para deixar de comer, agora éralle imposible dominar os impulsos que a levaban a atracarse de alimentos ata que lle saían polas orellas. As pastillas que lle dera o psiquiatra durmíana e os exames metíanlle un medo irracional, vertixinoso. O seu estado mental era cada vez peor. Volvía discutir coa nai por culpa da comida e agora pasaba sen control de etapas de bulimia a etapas de anorexia.

Ola meu:

Escriboche porque, aínda que me resulte doloroso, teño algo que dicirche: non podo querer-te. Non é posible querer a alguén cando nin sequera te queres a ti mesma. Con todo, gustaríame que saibas que eu non me quería suicidar. Creo que non quería, aínda que polo amor que che debo, non podería xurarcho. Só pretendía fuxir do inferno onde caín prisioneira, un lugar no que a vida non vale

nada. Aquela noite atopábame excesivamente cansa e non tiña forzas para pensar. Pasara toda a noite tomando café e intentando estudar. Era de madrugada. Case sen pensalo, coma se fose un acto instintivo, cun vaso de auga, engulín a caixa enteira das pastillas que me dera o psiquiatra. Non pretendía suicidarme, de verdade. Non penses que pretendía abandonarte, porque era a min mesma a quen abandonei. Desexaba espertar na cama dun hospital da que non me deixasen saír ata sandar. Pero nada diso aconteceu. Espertei dous días despois, na miña propia cama, onde miña nai me deitou logo de atoparme esvaecida no chan. Cando acordei, seguía alí, presa do meu propio pesadelo. Daquela, non me pidas que te queira cun amor que nin sequera atopo para min. Túa, Olga.

A presentadora do programa escoitaba atentamente a Rosalía. A nada lle atopas sentido, aseguraba, nin á vida. Logo do meu primeiro intento de suicidio foi cando empecei a ser consciente de que me estaba matando.

A partir da inxestión de pastillas, Olga tomou a determinación de sobrevivirse a si mesma. Para empezar, pediulle á súa nai que a levase ó endocrino. Xa non sabía comer e precisaba que a axudasen e que lle marcasen unha dieta. Durante unha tempada, subía e baixaba peso continuamente. Os exames provocábanlle ansiedade e dáballe por comer. Pero impúxose certas metas e, axudada por un psicólogo, adoptou certas estratexias. Obrigábase a saír, a entreterse, a buscar distraccións. A bulimia non desapareceu de repente, por suposto, pero ela comezou a contabilizar como grandes victorias os pequenos triunfos. Alegrábase, por exemplo, dos días en que se erguía unicamente unha ou dúas, en vez de tres veces, durante a noite, para saquear a neveira. Os tres primeiros meses foron bastante duros, pero seguiu a dieta (exceptuando os seus ataques, claro). Con cada pequena victoria facíase un regalo, por insignificante que fose.

Outra das súas estratexias consistía en sorrir. Situábase fronte a un espello e ensaiaba o sorriso ata que lle saía amplo e visible. Sabía que se era quen de controlar un sorriso tamén o sería de controlar o seu corpo. E para desafogarse empezou a escribirlle cartas, que logo rachaba, a xente real ou imaxinaria: a un mozo que non tiña, a unha amiga que nunca coñeceu, a un irmán que non existiu, a un médico inventado, a unha nai coa que nunca falaba... e así sempre podía dispoñer da compañía que precisaba. Con todo, durante varios anos as súas recaídas foron frecuentes e, por veces, sentía unha ansiedade inmensa. De cando en vez sufría taquicardias e ataques de ansiedade que a afogaban.

Pouco a pouco, o seus saqueos piratas da neveira foron distanciándose cada vez máis no tempo. E, aínda que ás veces recaía, ela tiña a vontade de saír da enfermidade. Cando algo fallaba, falaba en alto consigo mesma: escoitábase e autoconvenciábase; dicíase catro verdades.

Era martes, e Olga, sentada casualmente ante o televisor, sentíase ilusionada co seu futuro; tiña a enfermidade controlada, aínda que era consciente de que a súa longa sombra sempre permanecería agachada, espectante. Seguía indo a un endocrino unha vez por mes. Logo de tanto tempo, estaba a aprender a comer de novo, coma se fose unha nena pequena. Sentíase como cando tiña sete anos, pero volvía ser a propietaria da súa mente. E, a pesar de que lle quedaran algunhas manías que non se vía con forzas de superar (nunca comía plátanos, que teñen moitas calorías, e non era capaz de probar o leite enteiro), sabía que vencera. Seguía a facer a ximnasia de mantemento que tanto a axudara a superarse e estaba aprendendo alemán.

Olga ollou para a pantalla: as letras sobreimpresionaban o rostro da presentadora. O programa remataba, era martes e, a ela, sentada casualmente ante o televisor, pasáraselle a hora e non ía chegar a tempo a clases de alemán. Pero non importaba.

A tolemia é un sombreiro (12)

Cando eu non era gato e habitaba a cidade, sentía que a urbe estaba feita de sangue de figo, producía berros de cristal e os que habitabamos nela tiñamos vertixes de menta; entón as rúas doían e semellaban culleres, así de estrañas. Agora sei que moitos dos que seguen alí, paseando libres polas rúas, tamén levan o sombreiro da tolemia e son dementes potenciais. Se collemos ó chou unha persoa calquera, quizais unha muller con depresión, condenada a traballar facendo tortillas e cunha familia que ela considera miserable, e a apuñalamos (discretamente) para poder diseccionar o seu cadáver sobre a mesa do forense, veremos con toda claridade que a química tamén viaxa a través das súas veas e, ademais, poñendo atención, poderemos observar unha división do seu corpo en dúas partes: unha parte dese corpo ataca constantemente á outra parte da mesma muller, e unha desas partes ten asoballada á outra, énchea de reproches e inmobilízaa en medio de grandes sentimentos de culpa, de xeito que nunca se atreve a romper coa realidade voraz que a atenaza, amarrándoa á tixola en que fai as tortillas.

O ceo amarelo

Camiñara polo campo toda a noite. Sentíame canso, esgotado, de tanto camiñar. A herba, húmida e fresca, estaba alta e cubríame ata a cintura; facíame o paso máis dificultoso. Sen embargo, e a pesar da canseira, sentíame ben. Sentíame francamente ben, camiñando, baixo o ceo aberto, naquel campo infinito onde non había nada nin ninguén. Experimentaba unha gratificante sensación de benestar que me mantiña a mente en branco, sen ningún tipo de pensamentos nin preocupacións. Nin sequera sabía onde estaba, pero tampouco iso semellaba importarme. Coa vista perdida nas estrelas e no ceo inabarcable, sentía a herba, a rozarme e humedecerme os pantalóns. Aquela era a miña única realidade tanxible. Era coma se tivese alcanzado un estado mental que me superaba a min mesmo. O caso é que camiñara ata o esgotamento, ata que me venceu o sono e quedei durmido, pracidamente, sobre a herba húmida.

Non sei canto tempo durmín, pero cando espertei era de día, desde logo. Se cadra, xa mediodía, pois a luz caía terriblemente vertical sobre o campo. En todo caso, eu xa non me sentía igual. Algo cambiara e comezaba a notar a necesidade de ter

que chegar a algures. Pero, ademais, había outra cousa que me chamou profundamente a atención ó espertar e que, sen dúbida, influíu de xeito decisivo no meu estado de ánimo: o ceo estaba amarelo, intensamente amarelo, e a luz que se reflectía sobre o campo estaba tamén tinguida desa cor. Inicialmente non lle dei importancia, a verdade, e púxenme a camiñar. A miña canseira case desaparecera, porque durmira durante moito tempo, ou iso sospeitaba, pero xa non me sentía igual. Aquela sensación de paz, de inenarrable desinhibición, fuxira do meu espírito. A cor do ceo comezou a inquadarme cada vez máis. Realmente, non era algo que eu tivese visto noutras ocasións, o ceo tan amarelo, pensaba eu, e daquela era lóxico que me preocupase. Con todo, a paisaxe estaba fermosa como nunca a sentira. Aquela luz proxectábase sobre a humidade da herba e compoñía un cadro de améndoas doces, deslumbrante. Sen embargo, en vez de invadirme a intensa alegría da noite anterior, unha calorosa pesadez de trópicos apoderouseme do pensamento. Empecei a camiñar cada vez máis a modo, coma se unha fatiga descoñecida e ilocalizable me rubise corpo arriba, procurando praza de hóspede na miña mente cacimbada. Agora o roce da herba nas pernas parecíame unha masa de auga gorda, lamacentas, que me dificultaba o paso.

Certa inquadanza comezaba a rillarme os nervios. Daquela foi cando dei en pensar que se cadra o ceo non estaba amarelo. Podía estar amarelo, non digo que non, pero tamén podía ser que fose eu quen estivese amarelo e proxectase as miñas preocupacións e os meus temores sobre o exterior: sobre o ceo e a paisaxe. Así que comecei a sospeitar que collera unha hepatite e que o ceo non era máis que o espello onde se reflectía a miña enfermidade. A verdade é que estes pensamentos íanme e víñanme, pois non estaba seguro de nada, pero cada vez foron tomando máis forza no meu abatido estado de ánimo. Pouco despois quedei

totalmente convencido: con *case* total seguridade collera unha hepatitis e agora evitaba mirar para o ceo porque representaba a verdade tanxible que me vomitaba o estado da miña saúde. Da miña precaria saúde. Entón pregunteime cómo fora posible que collera unha hepatitis. Imposible non era, desde logo, aínda que si improbable, pois eu non pertencía a ningún grupo de risco no que puidese contaxiarme. E, que eu soubese, nunca estivera en contacto con ninguén que tivese a enfermidade. Claro que, para o meu desacougo, faltábame por saber qué tipo de hepatitis sería a que eu tiña, o que me intranquilizaba de maneira desmesurada. Mentres me abría paso entre a herba, con máis e máis desidia a medida que ía pasando o tempo, non deixaba de lle dar voltas na cabeza ó xeito en que puidera contraer a enfermidade. ¡Hepatitis! A cor amarela, a verdade, non deixaba lugar a dúbidas. Sen embargo, estraño en min, non sentira ningún tipo de dores ou síntomas que me puidesen facer sospeitar nada.

A herba aparecía cada vez máis medrada e naquela zona do campo levábaa á altura do peito. Todo o que se distinguía no horizonte, ata perderse, era aquel enorme campo de herba, inaltable, inacabable, asfixiante, sensacional. Se cadra collera a hepatitis cando compartira bebida con algunha amiga ionqui, cavilaba. Tiña un par de amigas ionquis, ás que con frecuencia perdía de vista durante semanas e incluso durante meses. Logo, un día, chamaban por sorpresa ó timbre da miña casa e compartiamos unhas copas. Se cadra algunha delas pegárame a hepatitis. Non resultaba nada alentador supoñelo, pois o tipo de hepatitis que me contaxiaran, daquela, sería un dos máis perigosos. Sen embargo... a hepatitis, ben pensado, pode collela calquera. De feito, hai tipos de hepatitis que constitúen unha enfermidade moi común e só requiren un pouco de repouso na cama.

Eu non sabía cánto tempo (cántos días, quizais) levaba camiñando a través daquel campo interminable. Pero agora,

consciente da miña enfermidade, comezaba a sentirme angustiado. Entre aquela herba, que por veces me daba pola cintura e por veces me alcanzaba o peito, unha brumosa claustrofobia apoderábase de min. Os meus pés avanzaban, un tras outro, cafóficos, en tanto eu arelaba poder botar man dun tranquilizante que me relaxase durante un tempo. Consumíame pensando que a sensación de atravesar un campo de herba infinito debe ser semellante á dun náufrago esquecido e desesperado en medio do mar. ¡Se polo menos na distancia pasase un tren que deixase ver o seu fume ou ceibase o seu pitido!...

Eu camiñaba mirando para a herba, dourada, sen erguer a vista, evitando que o amarelo algodoado do ceo me debilitase mentalmente. Creo que foi daquela cando notei os primeiros síntomas que confirmaban a miña sospeita: doíame o fígado. Coma unha premonición, o amarelo do ceo intensificouse ata o punto de absorber calquera outra cor que a paisaxe puidese mostrar. Eran molestias desagradables, que se intensificaban canto máis de présa trataba de camiñar, así que aminorei o paso. O problema é que eu nada sabía sobre os efectos da hepatite e polo tanto ignoraba o que podía pasar a continuación. O único do que estaba convencido era de que non podía quedar alí parado, a mercé daquela maldita e aveludada herba húmida, dourada. Devecía por atopar unha cabina telefónica, por ter capacidade para chamar a alguén e contarlle o que me pasaba, por pedirlle consello e asistencia médica. Sobre todo, asistencia médica. Precisaba que me vise un médico de contado. Sen embargo, ignoraba se no medio dun campo de herba coma ese podía haber cabinas telefónicas. Maldicín por non posuír un móbil. Poder falar con alguén, sobre todo, con algún médico ó que lle contar os síntomas da miña enfermidade, aliviaríame as penas. De todos os xeitos, e aínda que se producise o improbable feito de que atopase unha cabina de teléfonos, e aínda que

me comunicase con algún médico, ben pensado, pouco ía poder remediar, porque naquel longo campo interminable non había medicamentos nin farmacias onde poder abastecerse.

A dor do figado incrementouseme e un desagradable tretremi apoderouseme de todo o corpo, facéndome palidecer de receo e angustia. Por veces tiña ganas de vomitar, e caín na conta de que nin sequera lembraba cándo fora a derradeira vez que comera algo. Estaba canso de levar a cabeza gacha, coa vista fixa na herba, pero a idea de observar o reflexo da miña enfermidade no espello do ceo desacougábame terriblemente. Camiñaba de vagar, seriamente fatigado, atento a todos os síntomas do meu corpo.

Non sei exactamente en qué momento foi. O que sei é que escoitei un ruído forte, coma un trono, que me fixo mirar o ceo. A min parecíame imposible que existise un amarelo máis intenso, pero naquel momento a cor do ceo fíxose deslumbrante, tan deslumbrante que danaba os ollos. Os tronos repetíronse e cobraron máis intensidade ata romper nun ruído enxordecedor. Unha tormenta. De súpeto, ocorreu, comezou a chover. Caeu unha intensa chuvia de fideos, grosos, amarelos, casambuleiros. Era fantástico. Unha chuvia de fideos. Perdín o medo inmediatamente. Sabía que se trataba só dunha chuvia de fideos. Así que era iso, que eu non tiña hepatite ningunha. Quen o ía pensar, durante todo ese tempo estíbese preparando unha simple chuvia de fideos. Por primeira vez reparéi nos meus brazos brancos, tan brancos como a neve entre aquela chuvia amarela e aquel ceo dourado, relucinte. A verdade, non sei cómo non me decatara diso antes. Aforraría uns cantos sufrimentos inútiles, pensaba mentres me deleitaba vendo caer os fideos, longos e grosos, cheos de luz, sobre a herba. Así que acelerei o paso sentíndome relaxado, máis relaxado que nunca, entre aquela herba radiante. Por favor, díxenme, parezo un vulgar hipocondríaco. E púxenme a brincar mentres camiñaba asubiando unha fermosa canción de amor.

A tolemia é un sombreiro (13)

Diseccións semellantes, pero con análises diferentes, poderíamos levar a cabo con distintos habitantes do mundo exterior; co cerebro dos camioneiros, que agochan un fluído azul que se move a través dun cable á velocidade da corrente eléctrica; co cranio basculante dos ludópatas como a Pantera, que na cidade ve subir as casas en muletas e descobre a figura dunha avestruz estirándose no vestibulo dalgunha Tragaperras; co intelecto ferido dos refuxiados políticos que, como Taquín, abandonan o seu país por correren perigo as súas vidas, e agora sobreviven tocando a fruta polas rúas... Sen dúbida, gracias á miña experiencia e á lucidez que me caracteriza e trato de conservar intacta, estou en condicións de demostrar que, se collesemos outras moitas persoas ó chou, iríannos saíndo diversas tipoloxías de tolemias con diferentes modelos de sombreiros, maiormente neuróticos (quizais coma min, que son un doce violento neuropático). As causas das súas neuroses, das súas depresións, dos improprios do seu sistema nervioso central, que, como ás hélices, se lles atranca coas algas de seguido, poden ser tantas que nin sequera paga a pena analizalas. Atoparíamos, efectivamente, desde as

presións mentais que, consciente ou inconscientemente, exercen sobre as persoas os felices modelos económicos e sociais triunfantes (poñamos por caso as raparigas anoréxicas); os desvaríos dos hipocondríacos, que observan cos seus ollos de gatos amedrentados os progresos que a dinámica médica e sanitaria experimentou nos últimos tempos; ata a violencia verbal dos condutores, dos afeccionados ó fútbol, das claustrofóbicas relacións de parella, e, por suposto, as incapacidades mentais transitorias dos adictos a calquera tipo de substancia ou forma, pasando polos humores fedorentos do estrés laboral e pola neurose de comportamento á que nos somete, coma a unha lura nerviosa, o sistema consumista en que todos estes sombreiros habitan.

Hamburgo, tan intimamente

Hamburgo, abril de 2000

Estimado Cibrán:

Imaxino que te sorprenderás bastante ó recibires esta carta. A dicir verdade, nin sequera estou certo de que te vaias decatar de quen son eu, pero iso, a fin de contas, non lle fai importancia ó caso. A nosa relación, que sempre foi ben puntual (vímonos un par de veces e a penas entrecruzamos dúas ou tres palabras, circunstanciais) vén a conto de termos un amigo común: o Milucho. Todo o que eu sei de ti seino por el: que es filólogo, que traballas no servicio de recollida do lixo do concello, que vives só, que estás divorciado, que non tes fillos, que fostes veciños no piso onde residías antes... Todo mo contou o Milucho, tan boa xente, el, e así e todo tan perdido en problemas que non es quen nin de imaxinar. Xa sei que te vas sorprender de que che fale do Milucho a estas alturas, logo de tanto tempo de non saberes nada del; desapareceu da túa vida, e da de todos, incluída a miña, practicamente da noite para o día. Pero tan

certo como iso é que el non tiña amigo máis de seu ca ti, ou mellor dito, non tiña máis amigos ca ti e daquela ten plena confianza na túa persoa.

Se eu che conto todo isto –que a min, abofé, pouco me afecta– e mesmo me atrevo a escribirche é porque a situación do Milucho é abondo desesperada como para facelo, e sei por el que lle gustaría contar coa túa axuda. En canto a min, e aínda que se cadra non caes na conta de quen veño sendo, acudín a Hamburgo desde Vigo preocupado polas novas que sobre o noso amigo me trouxeron uns emigrantes da zona. Cheguei a esta cidade, onde tan complicado me resulta facerme entender, e non me foi difícil contactar co Milucho, pois sabía onde atopalo, pero non fun quen de convencelo da necesidade de que retornase a Vigo. Amigo Cibrán, e permíteme que te trate de amigo, a min non me vai nada nisto, pero coido que ti es a única persoa que podería forzar ó Milucho a volver. A única que podería sacalo do inferno en que se atopa.

Estou por asegurar que non debes saber moito da súa vida privada (e intimidades), malia tiverdes no pasado unha excelente relación, porque el nunca foi home resolto a lles contar ós outros as cousas de seu, por amigos que fosen; con todo, supóñote sabedor, por simple capacidade de observación, de que nunca foi home dado ás mulleres ou, mellor dito, nunca foi home ó que se lle desen as mulleres. El, solitario, taciturno, introvertido, non adoitaba principiar conversa nin amizade con ninguén. Nin sequera os seus compañeiros do hospital chegaron nunca a ter co Milucho máis contacto có imprescindible no traballo. E, coma ti, salvando as diferencias de carácter, vivía só.

Ó meu ver, os seus problemas de comportamento, extremadamente tímido, acañado, naceron do seu aspecto físico. Eu, que non son ningún Robert Redford, non me considero un tipo feo, e digo isto porque a raíz da súa falta de relacións coas

mulleres foi presa de numerosos traumas que de principio o levaron a buscar as causas na súa suposta fealdade. Non sei se ti estarás de acordo con esta miña, e súa, premisa; se cadra consideras que o Milucho non é tan feo, pero eu, e que isto quede entre nós, coido que nese punto leva toda a razón: non foi nada favorecido pola gracia divina. É tristemente feo, o home. E, por favor, non vaias pensar por isto que che digo que a min me gustan os homes. Cada cousa no seu sitio. Apoucado, coitado, sexualmente virxe, cohibido, lobo estepario, o tempo foino convertendo nese tipo fulminantemente estraño e introvertido que ti e mais eu coñecemos. Pero na vida as rarezas páganse e, como ben sabes, uns problemas levan a outros. A súa terca soidade mantívoo sempre afastado das mulleres e converteuno en ignorante, por necesidade, da práctica do sexo. A definición que mellor lle acaía era a de anacoreta urbano. E perdoa esta saída de ton, pero debo aclararche que a única alternativa que lle quedaba era a masturbación. Nesta situación, todos os seus problemas agraváronse. A medida que ía tendo máis idade, fíxose cada vez máis solitario, raro e apartado, e a súa relación coas mulleres convertéuselle nun tormento. As únicas coas que mantiña un contacto mínimo eran as compañeiras de traballo. Chegou a situación tal que o simple feito de que unha muller lle falase cravándolle os ollos poñíao tan nervioso, tan profundamente visceral, descontrolándoo tanto, que sentía fortes tremores nas pernas, e as cordas vocais tensábenselle ata imposibilitalo para contestar. Poñíase viruta na mirada. El achacáballo, non había dúbida, á súa falta de coñecemento íntimo do corpo feminino, que o facía sentirse sempre en inferioridade de condicións con Elas, empequencido e torpe. E o Milucho, que sería vítima de numerosos complexos pero nunca tivo un pelo de parvo, dábase conta de que os seus problemas non eran cousa común e que precisaba axuda, pero a penas tiña amigos e carecía de valor

abondo como para acudir a un psicólogo. Non sabía cómo afrontar o seu problema, cada vez maior.

Como ti ben sabes, un día tépedo de finais do verán, desafortunado, diría eu (cando menos para min), o Milucho desapareceu das nosas vidas. Desapareceu sen deixar rastro, abandonando a súa casa tal e como a tiña cando saíra dela de mañá, con destino ó traballo. No hospital ninguén soubo máis del. E ninguén aportou novas súas, malia denunciaren os compañeiros a desaparición na prensa local. Pero non o tragou a terra. Se cadra quixo fuxir de si mesmo, sen equipaxes, coma vaca fría. En realidade, e aquí entra o miolo da historia que che vou contar, colleu un tren na estación de Vigo que o había deixar, dous días despois, na sucia e buliciosa Amsterdam, tan cosmopolita, esa cidade.

En Amsterdam pasou o Milucho unha longa tempada, ata que se convenceu de que non lle gustaba. Alí, nunha urbe estraña con sona de liberal e mesmo de libertaria, pretendeu encarar o mundo. Pasaba o día, coma un turista máis, dando longos paseos polas canles, entrando en todo tipo de locais, descubriendo o mundo, intentando mirar directamente, desinhibido, para unhas mulleres ás que non coñecía de nada nunha cidade onde ninguén o coñecía de nada. Sempre que entraba en calquera tenda ou pub, buscaba ser atendido por unha muller. E polas noites internábase no barrio de Walletjes, frecuentando as sex shops e os espectáculos porno do Zeedijk, e merodeaba, non sen certo rubor, arredor das vitrinas onde as prostitutas lucían os seus corpos, aquel abismo. En dúas palabras: decidira amarrazar o touro polos cornos. Pero limitábase a contemplar. Nunca se atreveu a entrar naquelas vitrinas nin a solicitar os servicios de muller ningunha; nin con tocalas, sequera, soñaba. Miralas era todo o que quería. Ser quen de miralas, cada vez máis tempo. Cada vez con maior seguridade. Polo demais, Amsterdam non lle gustou. Era unha cidade cosmopolita na que se podía

aprender o mundo. Nela podía desinhibirse, descubrir o sexo coma en ningún outro sitio. Pero era unha cidade sucia, visguenta, tremendamente descarada, moito máis do que podía soportar, e o peor, había droga por calquera esquina. Todo tipo de droga. A pouco que frecuentase o Walletjes non era quen de librarse da presenza abouxante da droga, ese demo do que nunca quixo saber nada, odio de celador de hospital que soporta rapazolos inxectados de hipodermia branca.

Así que un día, sen pensalo máis, colleu o tren e marchou para Hamburgo.

A cidade alemana foi moito máis do gusto do Milucho. Non lle custou adaptarse a ela, a pesar do molesto que lle resultaba o idioma para facerse entender. Pesáballe na cabeza, coma unha dor. Hamburgo era unha cidade de contrastes, tan fría e tan quente, tan alemana, paraíso do sexo, de arquitecturas modernas e barrios abismais, pero resultáballe tépeda coma as mamas dunha muller virxe; (imaxinaba). Axiña controlou toda a zona de St. Pauli, especialmente a Reeperbahnstrasse, e tamén aqueloutros lugares máis tranquilos, os da Grosse Freiheit, onde todo resultaba tan selvático e tan acolledor ó tempo. En Hamburgo sempre chovía. Os días deixaban caer a súa poalla de cacimbos, cincenta, con aquel neboeiro de pedramol que se introducía por todas as fendas da cidade húmida. E aínda que o frío era por veces excesivo, non o atopou demasiado afastado da friaxe que de neno lle enchoupaba as sabas na casa paterna de Baiona. Hamburgo facía non só que se encontrase a gusto senón que ademais nela tamén se sentía anónimo. Ninguén o coñecía, e iso permitíalle unha eufórica liberdade que nin sequera a súa timidez natural coartaba.

Durante as primeiras semanas esforzouse en tomarlle o pulso a unha cidade que o fascinaba, tanto polos seus contrastes como pola fermosura das raparigas loiras, de pel branca, inxenua, que a habitaban. Parecíalle que, de seu natural, as alemanas,

tal como as vía fisicamente, habían ser por forza ben máis inxenuas e inocentes cás galegas, lascivas. E non deixaba de estrañarlle que nunha cidade de mulleres tales tivese o sexo un barrio tan ostentosamente ostentoso. Era unha inusual contradicción que non daba comprendido. Pero tampouco o pretendía. Hamburgo era así.

Desinhibido naquel anonimato, pronto fixo das sex shops o seu reino. Coñecíaas todas, visitábaas todas, aínda que tiña as súas preferidas, e pronto resultou habitual entre propietarios e dependentes. Os espectáculos porno e as mulleres en vitrina da Herbertstrasse, sen embargo, non eran do seu agrado, como lle pasara en Amsterdam, e a penas os frecuentaba. Prefería o recollemento e a intimidade das sex shops. Pouco hai de estraño nisto, como comprenderás; está ben en consonancia co seu carácter lobuno e taciturno. O seu sentimento de inferioridade con respecto ás mulleres fora sempre tan acusado que, sendo quen de atopar o pracer do sexo na soidade, non ía consentirse a si mesmo arriscar nese punto. Con todo, fuxira de Vigo para dinamitar a coita que Elas, de sempre, lle producían e debía mostrarse cauteloso, e ir ós poucos, no asunto. Por outra banda, os rostros luxuriosos dos asiduos ós espectáculos porno, a calquera clase deles, resultábanlle repulsivos. Mariñeiros bálticos, travestís, camioneiros, curiosos, estibadores do Elba, yuppis, ocasionais, chulos de todo tipo..., era coma se alí todos eles perdesen o control de si mesmos, a súa conciencia racional, renunciando á intimidade. Patético. Podía parecer absurdo, pero el nunca se sentira tan cohibido coma naquelas salas.

Ó principio, nas sex shops mercaba revistas e, sobre todo, pasaba horas nas cabinas diante das películas porno, masturbándose. Cambiaba varios billetes, entraba nas cabinas cun cargamento de moedas, e sentábase sen présas, estendendo as toallíñas ou o papel hixiénico sobre as pernas para non mancharse. Logo

introducía as moedas e seleccionaba as películas, deténdose un bo anaco en cada unha delas, ata escoller a que lle parecese máis excitante ou novidosa. Polo xeral quedaba coas que mostraban primeiros planos violentos, grotescos (vaxinas de esparto amarradas por mans de lúpulo, peludas, bocas sorbendo pirolas de cervexa, tan espirituais, linguas estilizadas, coma serpes), tamén coas que ensinaban mulleres rabiosas, almas perdidas facéndoo entre elas, acariñándose as tetas, mordéndose o pube ós poucos; pero nunca as que mostraban homes sós, homosexuais, auga gorda. Era mulleres o que el quería ver, non homes, e contemplalos mostrando o seu cu de estrugas non era prato que lle abrise o apetito, por picante que fose. De cando en vez escollía algunha de sadomasoquismo, poucas ocasións eran, e sempre cando batían con látigos nalgunha muller de expresión inxenua, canalla, por observar as súas reaccións, indescifrible mestura de pracer e sufrimento. Orgasmo letal. Con todo, sentíase incapaz de masturbarse, tan intimamente, con escenas semellantes, e para facelo seleccionaba outra película. Tampouco as de zoofilia lle chamaban a atención. Mal de bestelleiros, de infancias perdidas. Desbotábaas sen comprender qué se lle podía atopar ó cu dun ganso, negro pozo de plumas, á pirola grimosa dun can.

Así e todo, tamén nas sex shops había elementos de distorsión. Ás veces rompíase aquela intimidade máxica porque escoitaba, con desagrado, os desaforados berros de pracer de tipos que se masturbaban nas cabinas contiguas. Pola contra, el era sempre silencioso, obraba coa máis absoluta discreción, sen emitir salaios, ruídos, xemidos, berros, estrondos, nin sequera cando o orgasmo o desbordaba, queimando o papel hixiénico, o chan da cabina, e quedaba cos ollos fixos na pantalla, o corpo vencido.

Pasou bastante tempo masturbándose exclusivamente na privacidade das cabinas, reservadas para tales mesteres, sen o facer nunca na casa, pois consideraba que era aquel o lugar establecido

para afrontar o sexo. O lugar que, ademais, o incitaba. Con todo, a súa curiosidade levouno a probar cremas estimulantes para o pene, preservativos fosforescentes, e outros obxectos para a satisfacción (persoal) cos que aprendeu a facer probas na soidade do seu cuarto, estimulándose coma se diante dos ollos tivese un espello máxico, cabina de sex shop mental, sempre as pupilas postas na vontade do pensamento, proxectando o que o desexo desexa. Era realmente máis cómodo e, sobre todo, máis barato.

Desque chegara a Hamburgo todo lle resultaba alentador naqueles reinos de taifas: a estética de vibradores, falos de todos os tamaños, monecas inchables, vaxinas vibrantes, preservativos de todos os sabores dos que nunca podería gozar enteiramente, lencerías, revistas pornográficas, afrodisíacos, vídeos, tarots eróticos fricciónándolles calor ás rúas de St. Pauli, unha illa naquela cidade fría, esvelta, cos cisnes movendo o seu cu de plumas polas augas do Lago Biken.

Así, deste xeito, que xulgarás vulgar, sen dúbida, ía transcorrendo a súa vida, amigo Cibrán. Pero el sentíase feliz por primeira vez, aínda decatándose de que o seu pasado se deformaba cada vez máis, peixe que se perde nun mar, tan remoto. Imaxínate cómo será esta cidade que eu levo aquí catro días e parécese-me unha eternidade; xa me atrapa coa mesma intensidade con que me atraparon os segredos do Milucho. Se cadra estrañaste de que levando tan só catro días en Hamburgo, estea tan informado da súa vida, pero na pensión onde estou ata o derradeiro chanzo das escaleiras cospe a historia do Milucho, de cómo o sexo lle foi marcando o ritmo da vida, de cómo o frío lle fixo sentir quenturas baixo os pantalóns e lle foi chuchando a seseira, urbe xelada que vomita néboa morna.

Un dos motivos do padecemento e do actual estado físico do Milucho foron as comidas; anoxábano. Nada había que lle recordase un lacón con grelos, un cocido, tan propio das brumas.

Ata que un mal día descubriu o pracer das salchichas, tan enormes, tan brancas. Comíaaas para xantar e para cear, para almorzar ou para engulir a calquera hora en que lle entrase a fame, grandes, brancas, libidinosas, sensuais, escuras, con tomate, con mostaza, auténticas Frankfurt que nada tiñan que ver coas que probara noutros lugares. Axiña descubriu que comer salchichas, devoralas en solitario silencio, en calquera recanto da cidade mentres se distraía vendo pasar universitarias de cabelos de ouro e ollos claros coma o Báltico lle proporcionaba tanto pracer coma a masturbación nas sex shops. Un pracer diferente, claro. Pero pracer, a fin de contas.

A modiño foise deixando engaiolar polo entusiasmo ata querer probar todo tipo de obxectos relacionados co sexo. Comezara cos preservativos fosforescentes, tan seductores que exercían sobre el unha intensa fascinación na escuridade do seu cuarto. Logo foron as cremas para untar o pene, a fin de que medrase, de que brillase, de que falase do seu estilizado porte con elocuencia graciosa, entretemento que lle proporcionaba hilarante satisfacción. Culto ó seu membro viril, raíña das salchichas, de mostaza permanente. Pero a medida que se foi familiarizando con tales distraccións e a medida que estas se lle foron facendo rutinarias, intentou explorar cousas novas. Unha das novas cousas que máis satisfacción lle produciu foi a compra dunha boneca inchable. Os primeiros intentos resultáronlle difíciles, anodinamente impersoais, e mesmo aburridos, pero a medida que a foi probando máis, penetrar a Luci sobre o parqué –así lle chamou–, ou darlle a probar o seu membro, cheo de mostaza, entre os beizos fríos, tan abismal, bulindo en sangue, con preservativos negros, e vermellos e verdes e azuis e con sabor a menta e a limón, a medio excitar, poderosamente erguido, vencido polo seme, espontaneamente espido, resultáballe máis emocionante, moito máis emocionante, ca ningunha outra

cousa. Ás veces deixábase abrazar polo corpo magnético de Luci e pasaba horas acariñándoa, penetrándoa, deixándose tocar por ela, pola súa suavidade inexplorada. E detrás de Luci veu Claudia, moito máis perfecta, con vibracións na boca e nas mans amais da morneira húmida na vaxina, e pelo natural; e detrás xa veu Brigitte, con temperatura corporal, de beizos carnosos, sensuais, auténtica amiga, servicial. Perfecta. Toda unha muller.

Pouco a pouco foi descubrindo outras realidades. Gracias a Luci, a Claudia, a Brigitte, gracias ás sex shops, ás cremas, ós preservativos fosforescentes e ás cabinas das películas porno, decatouse de que podía ser autosuficiente para toda a vida. Era quen de gozar do sexo sen necesidade de mulleres: non as precisaba, e iso compracía e reconfortábao. Podía ignoralas, vivir sexualmente sen elas. E sen inferioridades. Abondáballe co seu propio corpo. E comezou a sentirse superior. Daquela colleu confianza en si mesmo. Ata pensou en afrontalas cara a cara, en explotar a súa nova situación. Se cadra xa te vas decatando de en qué medida o sexo se converteu tan desmedidamente no referente único da vida do Milucho e podes comprender a miña preocupación.

Os feitos continuaron agravándose. Porque cando o Milucho se sentiu psicolxicamente fortalecido, cando decidiu que el era o seu propio deus e que no seu cosmos as mulleres non tiñan cabida, comezou a comportarse moito máis neuroticamente, como con úlceras nos nervios. A súa teima centrouse no pene. Compraba cremas con moita máis asiduidade, todo tipo de estimulantes para a pirola, para agrandar o seu tamaño, para o brillo, para a súa elegancia e porte, e comezou a practicar unha especie de culto fálico que rematou –ou aínda non rematou, que é o verdadeiramente grave– nos extensos parques do campus universitario, ás beiras do Lago Biken. Verás: o Milucho mercou un traxe de chaqueta, unha gabardina elegante e

longa, puxo garavata, e marchou a tomar posicións nos lugares máis discretos do parque, agachado entre as árbores e a vexetación, á espera de que comezase o desfile das estudantes que voltaban das súas clases na facultade. Quería mostrarlles todas as posibilidades do seu revitalizado membro. Así foi como se converteu en exhibicionista. Unha vez recobradas as forzas en si mesmo, considerando as mulleres desde outra perspectiva, a da súa prescindibilidade manifesta, decidiu que había que comprobar se aquelas estudantes, tan novas elas, tan loiras, tan inxenuas, tan alemanas, de inocencia tal, con aquelas tetas enormes que parecen sepultarte, descomunais, eran capaces de lle aguantar a mirada, só a mirada, nada máis que a mirada, cando lles poñía a pirola diante, descubríndolles o que era quen de portar entre as pernas, home feito. Autosuficiente.

Transcorrerón os meses, desde a primeira exhibición, e para el foron como o sinal dun intenso afortalamiento espiritual e psicolóxico. A medida que foi facendo máis regulares os seus hábitos de exhibicionista desprendeuse dos vellos complexos. Xa non se sentía inferior ás mulleres. Nin sequera desexaba enfrontarse a elas. Todo o contrario: éralles superior. Tan superior que nin sequera se atrevían a miralo. A vida do Miluchiño, como ves, Cibrán, botouse a perder, definitivamente. E precisa dunha man amiga que o saque, de raíz, dese inferno.

En función do positivo que os acontecementos lle estaban a resultar para o seu carácter, propúxose realizar o traballo con puntual regularidade, de nove da mañá a unha do mediodía, horario de oficina, como observarás. Logo, polas tardes, tempo libre, acudía puntualmente ás sex shops, ás cabinas, e outravolta á intimidade do seu cuarto.

Pero tamén xurdiron problemas. Entre outras cousas, amigo meu, os cartos, que non duran sempre, fóronse acabando, e a súa situación agravouse considerablemente. Ademais, o sexo

apropiousele centímetro a centímetro da masa encefálica. As súas obsesións ó respecto eran cada vez máis esquizofrénicas, docemente esquizofrénicas.

A dicir verdade, Cibrán, péreceme que levo aquí toda unha eternidade. ¡Todo me resulta tan estraño e tan familiar! E a miña situación vaim destruíndo. Teño graves problemas de cartos, Cibrán, amigo. Paso fame. O Miluchiño hai moitos meses que non come máis ca unha salchicha diaria. Comprenderás a miña preocupación, intuirás como a vista e as palabras se me nubran neste neboeiro de pedramol que en Hamburgo agroma. O noso amigo xa nin sequera atende ós problemas terrenais, se é que podemos dicir que os do sexo son doutro tipo. Para el, son de índole espiritual.

Pero as desventuras aínda non rematan aquí: o Miluchiño foi detido en dúas ocasións pola policía alemana e, aínda que en liberdade, está pendente de pasar a disposición xudicial e ser procesado en calquera momento. As estudantes, aquelas loiras estúpidas, histéricas e lascivas femias que nin sequera foron quen de miralo ós ollos sen insultar, tan irracionalmente, sen berrar, denunciárono repetidas veces. Por suposto, afórroche os detalles e penalidades das detencións en calabozos e comisaría. Non vén ó caso.

O Miluchiño precisa axuda, Cibrán, precisa de alguén que o veña sacar de entre as árbores do Lago Biken, alguén que o arrastre para Vigo e que lle faga comprender que xa abonda de lles demostrar a todas esas insufribles mulleres que non as necesita, que non lles ten aquel ningún. Por iso che rogo que me axudes, malia que a nosa amizade che quede tan lonxe, Cibrán, porque moito temo que o Milucho, psicótico, neurótico, sen cartos, con tanta fame e coa policía marcándolle os pasos, sexa quen de facer calquera parvada, porque sospeito que a vida, para el, está chegando ó final.

A tolemia é un sombreiro (14)

Coma eles, habitantes do mundo exterior, eu non son máis que un pobre neurótico que espernexa, náufrago nun océano de aceite, graxento e inmenso, ó que chamamos psiquiátrico, unha vítima deste tempo cruel que me tocou vivir e que sempre enfoca os seus fusís impíos cara ós débiles, ós sensibles, ós lúcidos de espírito e ós gatos, a fin de nos perverter, inmisericorde, de malearnos, desquiciarnos e aprisionarnos contra o irreprimible desexo da morte e do suicidio. Coma eles, eu sobrevivo gracias á química, que me afasta do pesadelo e do delirio do sono e me proporciona a donda sensibilidade dos gatos, a súa intrépida visión. Sei que hai un anxo na miña mesa.

Cousas do intestino

Hai certas cousas que non recordo ben. Chovía moito, diso non me esquezo. Viaxaramos a Llandeilo porque se celebraba alí o Eisteddfod. Como pasa sempre neses días, non había unha soa cama libre en toda a vila e acabamos durmindo nesa grande esterqueira en que se converte o terreo que habilitan para camping. Unha grande merda onde se amontoaban a feixes as latas de cervexa. Ademais, a herba, por moi mesta que sexa, non ten aquel para soportar tantos centos de persoas. Lembro que esa noite chovía de carallo, pero eu sentía unha calor inmensa que non me permitía distinguir se o que me esvaraba pola cara eran gotas de chuvia ou de suor. A min, a dicir verdade, calquera líquido me sabía a cervexa. Todo, esa noite, me sabía a cervexa. Estabamos alí para montar farra, divertirnos, sentirnos libres e reivindicar. Eu estivera ben cedo no concerto de Dafydd Iwan, e fora sensacional. Primeiro actuou Gwenda Owen A'r band, que quentaron bastante o ambiente. Logo, con Iwan, acabamos todos enriba das mesas berrando coma tolos a favor da independencia de Gales. Iwan é un tipo sensacional. Faiche estremecer as neuronas, prendéndolles lume ata que sobes cos demais

ás cadeiras e ás mesas e levantas os puños e berras, berras e berras porque levas Gales no corazón. Cando o concerto remata estás extenuado, esgotado; todas as forzas do corpo se che van pola boca para fóra mentres bailas sobre os manteis coma un elefante ferido. Neses momentos todo o mundo se lle entrega. E digo todo o mundo porque nos seus concertos hai público de todas as idades: mozas, mozos, nenos, vellos, adolescentes... todos quixeramos arrincarlle o corazón para disolvelo entre o lúpulo da cervexa e fundilo co noso sangue. A forza que bate a auga contra as rochas bate no meu sangue vermello, como diría o vello Thomas.

Cando deixamos o concerto xa caeran dez ou doce cervexas e ardíanos o corpo. Saímos á rúa competindo por ver quen arrotaba con máis forza, pero pillounos unha arroiadora tromba de auga que descargaba naquel momento. A chuvia, fría e dura malia ser agosto, non nos molestou. A min mesmo me fixo ben. Aliviábame sentir a auga chorreándome pola pel, precipitándose desde o meu pelo curto e esmagado ata caerme coma unha cortina sobre os ollos enfebrecidos. Alguén, non lembro quen, propuxo que podíamos continuar a farra no Athletic Club, porque alí actuaba Sobin A'r Smaeliaid nun concerto organizado por Cymdeithas Yr Iaith Gymraeg, os dragóns da nosa lingua. E alá fomos, sen cuestionarnos máis o asunto, cara ó Althetic Club mentres gozabamos daquel baño natural que a meteoroloxía quixera depararnos.

As rúas estaban inzadas de xentío, sobre todo ás portas dos pubs e dos locais improvisados para a ocasión, e nas beiras amontoábanse as latas de cervexa baleiras, esmagadas, machucadas, desfeitas. A peña berraba e cantaba sen lle importar a chuvia, embebeliz. Tamén había xa algúns caídos na batalla, esbarroados sobre un portal ou diante dun escaparate, empapados coma pitos e ausentes da realidade terrea. Polo demais, a chuvia non

só non nos molestaba en absoluto senón que actuaba como euforizante. Cando estás de farra todo vale. E, desde logo, non sería a min precisamente a quen o mal tempo fose privar dos benditos desafoxos do verán e, sobre todo, dos indescritibles días do Eisteddfod. Bastante tiña con pasar a maior parte da miña vida baixo terra, naquel furado das minas de Sygun. A excitación traíame á mente os versos do meu venerado poeta: Eu coñecín a mensaxe do inverno, as frechas de sarabia, a neve inocente, e o vento foi a miña irmá pretendente.

De camiño ó novo concerto, o cheiriño dun *fish & chips* desconcertou os nosos narices e, aproveitando a ocasión, fixemos unha escala técnica para lle botar cousa ó estómago: só unhas pataquiñas con vinagre. Devorámolas coma quenllas, pois a mediodía a penas comemos nada. Nada máis ca cervexa, quero dicir.

Finalmente chegamos ó Athletic Club, non lembro como, pero chegamos, pois do que estou certo é de que ningún de nós estaba xa en condicións de enfiar o camiño correcto. Se cadra guiounos a luz da poesía, a luz que penetra nos solares secretos polas puntas do pensamento, onde os pensamentos arrecenden na chuvia.

Non sei se foi gracias á música dos Sobin A'r Smaeliaid ou gracias ós militantes de Cymdeithas, o caso é que no local non entraba unha palla e o ambiente fervía, vitrocerámico. A xente rebulía dentro, coma nun formigueiro, bamboleábase dun lado para outro, cos rebordantes vasos de cervexa na man, ciscando boa parte do líquido sobre a moqueta e regando a quen atopase ó seu paso. O estilo da música era ben distinto ó de Iwan. Á chamada do pop rock dos rapaces que actuaban no improvisado escenario acudira sobre todo xente nova; a media de idade baixara considerablemente con respecto ó concerto de Dafydd Iwan e os carrozóns desapareceran do mapa. A peña estaba

cargada de carallo e as cabezas parecían flotar ó son da música entre a espuma da cervexa. Semellaba que todos navegabamos nun barco ó paio. Víase ben que os rapaces de A'r Smaeliad non quedaban atrás no de enfebrececer o público co seu ritmo cardíaco corazónico, e os chíos da súa voz non tardaron en traspasar as fibras sensibles das nosas células nerviosas. Mirade –repetía eu mentalmente–. As parellas bailan enriba dos mortos, verdes de fragas e neve, libres á luz da lúa coma unha bandada de pombas.

Apañamos unhas pintas e cando demos conta delas dirixinme á barra na procura de novo aprovisionamento. Tiven que esperar cola e cando por fin retornaba albisquei a Siân nunha esquina, bailando en solitario. Fun onda ela e saudeina. Parecía moi alegre. Quedei de palique un anaco e acabamos bailando os dous, freneticamente. Era o que mellor podíamos facer, porque, ben pensado, falar xa non eramos quen de falar moito. A verdade é que o que fixemos foi flirtear, máis que nada. Coma dous imbéciles. Debemos comportarnos coma nenos. Se cadra ela estaba excitada polo alcohol, non o sei. Ben pensado, parecíamos parvos, alí, os dous, falando e bailando coma se levasemos un feixe de anos sen vernos cando aínda estiveramos xuntos o día anterior. Non lembro de qué falamos, ledos coma perdices. Lembro, iso si, o momento en que lle envorquei media cervexa por entre as tetas. Estabamos a rir, que era o único que fixeramos desde que topara con ela, e sen me decatarse fixen un movemento estraño e tireille a cervexa. Se cadra déronme un golpe ou así. O suxeitador debín enchouparllo ben, e mailo corpo, pero ela botouse a rir coma se non soubese facer outra cousa. E como a risa é contaxiosa, xa se sabe, zarandéámonos coas gargalladas e deixámonos caer ó chan, case inconscientemente, enriba das zamarras, un sobre o outro, chorando de tanto rir. Levado pola euforia da situación aínda lle verquín o

outro medio vaso da cervexa, o que me quedaba, por enriba das tetas, esta vez moi a propósito, facendo que xogaba. Como non sabía se ela o ía tomar a mal, adianteime ós acontecementos e púxenme serio. Díxenlle:

—Que o cheiro do verán prenda en ti como na moqueta.

E de seguido eliminei aquela finxida rixidez da miña expresión e boteime a rir esaxeradamente, con forzatroz, coma se quixese dar-me ante ela unha importancia que non teño. Non debeu ser moi natural.

Estivemos os dous así, a rir, porque ela me seguía o xogo, eu cada vez máis bébedo e ela con aquelas tetas puntiagudas enchoupadas no lúpulo pegañento, que lle debeu deixar perfumegante a lencería e a súa pel de cerva. Desde aquel momento xa non puider sacarlle a vista dos peitos, aínda coa risa que me daba de seguido, porque o que de verdade tiña ganas de facer era comerllos alí mesmo, lamberlle ata rebentar a cervexa nos pezóns de cereixa que debe ter. Pero naquel sitio estabamos rodeados de xente bailando e con seguridade non sería procedente. O lume dos músculos quenta a xuventude e a semente, vello Thomas.

Bailamos e bebemos cervexas, unha tras outra. Ela movíase con soltura, coma se acabase de chegar. Ora, moi nas súas non debía estar, e dígoo polo que fixo de alí a un pouco. Afastouse cun sorriso pícaro e dirixiuse á parede contra a que un tipo descoñecido durmía a borracheira estomballado na moqueta. Siân achegouse onda el, bicouno nunha orella e logo sentou ós seus pés. O tipo nin se decatou. Ela desamallooulle os cordóns dos zapatos e entrelazou os do pé esquerdo cos do dereito, atándoos con forza. A desinhibición que Siân mostraba aquela noite tíñame absolutamente alucinado. Excitábame en extremo e non podía deixar de pensar no lúpulo amargo que adozaba a pel delicada dos seus peitos.

Cauteloso, permanecín a certa distancia observando absorto como espertaba ó individuo aquel e lle mostraba a lingua, provocativamente. El abriu os ollos nun estado de semi-consciencia e mirou para ela sen saber que pasaba. Logo tentou incorporarse para seguila, porque se ía retirando a modiño para atrás. El fixo por se erguer, sen dicir palabra, pretendendo poñerse en pé. Así que tentou dar un paso, bébedo como estaba, os amallós entrelazados dos zapatos impedíronlle o movemento e provocaron que se precipitase de fuciños contra o chan, estrondosamente, desplomándose con torpeza e chantando o seu nariz vermello na moqueta. Sián estaba radiante. O seu rostro parecía iluminado polos versos. A alba rompe por detrás dos ollos: desde a cabeza ata os pés o vendaval do sangue esténdese como un mar. Ó seu redor todo o mundo riu e aplaudiu, celebrando a broma.

Logo volveu onda min, feliz, triunfante, querendo recuperar o ritmo do baile. Pero eu xa non puiden bailar. Non sei se quizais foron as gargalladas ininterrompidas ou a excitación que me induciu o seu comportamento e o arrecendo dos seus peitos perfumegantes, pero o caso é que por un intre a penas puiden conter as ganas de mexar que me golpearon salvaxemente a uretra. Mesmo creo que algo de líquido quente e amarelo se me debeu ir polo pantalón abaixo, se ben non son moi consciente. Cousa involuntaria, claro, aínda que tamén debeu influír algo a cantidade de cervexas que levaba engulidas, digo eu, pois se no concerto de Iwan lle metera unha ducia, alí non levaba menos.

Para evitar males maiores, precipíteime cara ós baños, escaleiras abaixo, onde o estrondo da música e as voces afofan un tanto e a cargación da atmosfera diminuía considerablemente. No silencio a música resoábame aínda máis nos oídos, tradeándonos cuns pitidos agudos que semellaban furarme os tímpanos ata esnaquizalos.

Velocísimo, empuxei cunha patada a porta dun dos váteres e entrei, apurado e apretando as pernas. Todo estaba sucio, repugnante, diría eu, pero non era momento de ser escrupuloso. Sentei sobre a taza sen contemplacións, pois a presión dos meus intestinos fixérase descomunal e sentía unhas ganas irrefreables de expulsar toda a merda que levaba dentro. E non me explico cal, a verdade, pois á parte das patacas con vinagre non comera nada desde o xantar. O corpo, mal que ben, é así, caprichoso; xa se sabe.

Percibín o tacto húmido da louza sucia, sórdida, arrefriándoseme o cu. En cinco segundos descarguei un intenso e disperso bombardeo sobre o fondo do váter, aliviando por fin a maldita presión estomacal que me atenazaba.

Un calafrío percorreume as costas, apoderándoseme do corpo suoroso. Sentín un fondo malestar. A humidade comíame os pés: tíñaos sobre diversos charcos dun líquido escuro, pedramolento, que se apropiaran do chan. Viñéronme as náuseas. Descubrín os peitos de Siân diluíndose entre a espuma sucia que flotaba baixo os meus zapatos.

Logo boteime para adiante e deixeime estar, alí sentado, abandonándome ó relax e ó alivio que supuxo a liberación dos meus intestinos. Paréceme que foi así como fun adormecendo, ós poucos, tan de vagar, sobre a taza. Pero nin sequera o sei con certeza, de verdade, non o lembro nada ben. Debín quedar durmido naquela posición fetal, debeu ser así.

E o tempo arroxou a miña mortal criatura a derivar ou afogar nos océanos, que diría o meu querido Thomas, o dono da Palabra.

Non sei canto tempo despois espertei. Non acordei de súpeto. Máis ben foi ós poucos, tal e como quedara a durmir. Cando abrín os ollos vía todo neboento e malamente distinguía os contornos das cousas. Non sei se era o fume que procedía do

piso superior ou o alcohol que embotaba o meu cerebro. Parecíame estar soñando. Eu atopábame alí pero era coma se non estivese. Toda a escuma da cervexa caíame como chumbo sobre as pálpebras.

Devolveume á realidade o son indescribible das arcadas que procedían do váter contiguo. Alguén estaba a vomitar de forma noxenta. Quen se atopaba alí parecía botar a vida pola boca para fóra: enchíao todo cos seus ruídos vomituraiis, estremeceedores. Por debaixo do panel que separaba o meu váter do seu, atravesaba un auténtico río de augamerda. Unha masa líquida, húmida e pegañoxada, avanzaba cara ó meu territorio. Aquel ghicho anónimo non daba parado de trousar.

Sentín unhas náuseas terribles. Os intestinos contraéronse, brutalmente. Tiña o estómago encollido e invadíame un males-tar visceral. A cabeza xirábame coma un carrusel entolecido. Doíame. Entre a nebulosa, viñéronseme outra vez ó pensamen-to os peitos de Siân. As arcadas non cesaban. Sentilas, oílas, presenciando os restos de comida e cervexa a aboiar no río de augamerda, provocou que eu tamén vomitase, ceibando un líquido escumoso sobre as miñas propias pernas. A humidade, penetrándome os zapatos, apoderándoseme dos pés, fíxose inso-portable. Cada vez tiña máis calafríos. As palabras do vello Thomas afogábanme entre aquela brétema de papel: a miña gorxa tivo sede antes da estrutura da pel e a vea que envolven a cisterna onde palabras e auga se fan unha mestura infalible ata que o sangue corre turbio; o meu corazón sentiu amor e o meu ventre fame: e adiviñei o verme das feces.

Pouco máis lembro. Se cadra foi un impulso visceral. Dos meus intestinos, pero non meu. Non o sei. Lembro a penas que me erguín a modo, así como estaba, coas pernas enchoupadas na miña bile e os pantalóns baixados, e entrei no váter contiguo movéndome dificultosamente.

O individuo permanecía axeonllado sobre o chan, cos pantalóns empapados na auga escumosa e pedramolenta e a cabeza inclinada sobre a boca da taza. Levaba o peliño curto, coma min, e respiraba dificultosamente, sen interese, coma se estivese farto de loitar contra a serpe de mil brazos en que se lle convertera a docemente amarga cervexa. Axeonlleime á súa beira e nin sequera se volveu. Se cadra non se decatou da miña presenza. Collinlle a cara entre as mans e volvína para min. Sentín sobre os meus ollos a súa mirada amarela, sucia, ensanguentada. Sua- ba. Tiña a fronte enchoupada en suor. A taza do váter estaba chea de auga ata arriba e aínda rebordaba, precipitándose sobre o chan. Víanse os restos dos vómitos, flotando. Aparteinos coa man e apañei unha pouca auga entre as palmas. Suavemente, laveille o rostro, refrescándolle a suor. Logo acariñeille o peliño todo, querendo sentir como a súa respiración se relaxaba. Agradeceumo coa ollada. Creo que lle acalmei o sufrimento. Volvín coller unha pouca auga e fíxenlla beber. Seguro que o aliviaba. Ademais, el non era quen de facer as cousas de seu. Tiña moitísima sede. Bebeu dúas ou tres veces.

Logo, saquei o meu xerse e boteillo sobre os ombreiros. Tremaba. Entón volveuse, cravando os seus ollos nos meus. Tiñaos brancos, baleiros. Arrepiaba velos. Desaparecéralle o iris. Foi coma se a morte me estivese a mirar cara a cara. Non o puíden resistir. Presentín que era a única forma de axudalo. Agarreille a cabeza e afundinlla con forza naquela auga azafranada. A penas fixo resistencia. Moveu os pés un par de veces e máis nada. Impulsivamente. Si, creo que o fixo impulsivamente.

A tolemia é un sombreiro (15)

E aquí, entre as paredes inexpugnables, desvívome por manter san o equilibrio e a conciencia (ás veces bicando os gatos, querendo tocar o piano, fitando algo que brilla), que non só conleva a supervivencia da miña dignidade fronte ós vendedores de mercadorías, ós vendedores de diñeiro e ós vendedores de información senón tamén unha imprescindible protección intelectual ante esta manda de cans dementes que arremeten contra nós, os gatos, coa súa pulsión visionaria, coma se o manicomio fose seu.

05 AM (Vigo)

A rapaza de pelo amarelo e nariz de magdalena calou. Choramícabala. Atragoábanselle as palabras ó falar. O medo, como unha silueta enigmática, reflectíase na mirada, usurpándolle cada un dos seus ollos, toldados de pintura azul celeste. Contrastábanlle cos beizos, moi marcados en laranxa. As bágoas que lle baixaban polas meixelas arrastrábanlle o rímel, debuxándolle un rostro suave e guerreiro á vez, volcánico e carnavalesco, máis propio da fachendosa inocencia dunha moza india da tribo dos siux que dunha adolescente galega. Ela, entre saloucos e coa respiración entrecortada, ensinando a súa lingua de caramelo, que se lle entrevía a través da boca, insistía en que avisasen á policía. Eran as cinco da madrugada. As tres ou catro persoas que a escoitaban ou a rodeaban, entrando e saíndo de alí, impacientábanse.

–A ver, tranquilízate e contéstanos. ¿Se es de Vigo, para que fuches a unha pensión? –inquiriulle unha das voces.

–O meu mozo é compostelán –proseguiu ela– e queríamos pasar a noite xuntos, por iso buscamos unha pensión.

–¿Teus pais sábeno? –preguntoulle a voz.

Ela quedou en silencio uns instantes. A súa mente estaba confusa, pero podía intuír que se quería salvar a vida do seu mozo e saír daquela máis lle valía ser sincera.

—Á miña nai díxenlle que ía durmir á casa dunha amiga. Meu pai é camioneiro e case sempre está de viaxe.

—E o teu mozo, ¿cantos anos ten? —interrogouna outra das voces.

—Dezaoito. Dous máis ca min.

Por detrás das cortinas escoitábase un totumbla de voces e pasos e intuíase un continuo e intenso movemento. As outras, as que estaban con ela, solicitáronlle que comezase a historia desde o principio, de forma clara e tranquila.

—O meu mozo chegou á estación do tren sobre as nove ou as dez da noite. Ás dez. Logo de cear, ¿onde ceamos?, ah, si, unhas hamburguesas, queríamos escoitar música e fomos tomar algo a un pub, xa non me lembro cal. Estivemos escoitando os Pet Shop Boys un anaco, e falando do noso.

Detívose. Estaba excesivamente nerviosa e custáballe continuar. Sen máis, coma se lle aflorase unha histeria subcutánea, botouse a chorar e a berrar, a chorar e a berrar, atrapada entre o esparto dos medos e presa dun ataque de histeria. Sentiu que as voces que a rodeaban danzaban sobre ela, intentando calmala.

Unha delas deu unha orde:

—Hai que sedala.

Ela miraba para as persoas que a rodeaban, intentando relacionar aqueles corpos coas voces que escoitaba, e pasaba a ollada dunha a outra, fugazmente, coma se fosen pantasmas e coma se non se decatase de nada, allea ó que facían ou dicían.

Sentiu que alguén lle estaba a introducir unha agulla no brazo e, nese momento, recuperou forzas e, sen deixar de xemer, pediulles que avisasen á policía. Estaba exhausta. Case non sentía o seu corpo, que lle semellaba un recheo de casulos. Con

palabras confusas e inintelixibles, aseguraba que alguén secuestrara o seu mozo. Ante o escepticismo dos ollos que a rodeaban, ela tentaba, desesperada, unha e outra vez, que chamasen á policía para proporcionarlles a descrición do rapaz secuestrado, un adolescente alto, de pelo curto e pinzado para arriba con fixador.

Algunhas das voces que a acompañaban desapareceron, á espera de que os sedantes lle fixesen efecto. Unha voz feminina permaneceu con ela, tratando de tranquilizala. De alí a un tempo as voces retornaron, dispostas de novo a interrogala. Tamén ela sentía certo acougo e procuraba reflexionar.

–Había un pavo real –dixo ela mostrando a súa ollada perdida, caída, case agochada tralas pálpebras inferiores.

–¿Un que? ¿Un pavo real? ¿Onde había un pavo real? –preguntoulle unha das voces.

–Un pavo real –repetiu–. Na pensión.

–Vale, pero céntrate, a ver, dinos qué fixestes no pub. ¿Que bebestes?

–¿Beber? Anís. Eu unicamente anís cunhas gotas de coinctreau. O meu mozo sempre toma un vodka con xenebra e limón.

De entre das voces chegoulle unha recriminación pola mestura de bebidas alcohólicas que describira, pero cortouse ante os requirimentos, silenciosos e xestuais dos outros corpos que a acompañaban. Ela nin sequera se decatou. Practicamente só era quen de atender á voz que se lle situaba diante do rostro, pegada a ela, fronte contra fronte coma nun espello. As demais voces relacionábaas cun espacio sideral existente pero non recoñecible.

–Estivemos en varios sitios –continuou–. Claro, nunha noite de marcha sempre pasas por varios locais e estás moi pouco tempo en cada un deles. Así que é difícil lembrar os lugares onde vas porque ás veces entras por simple rutina. E a pesar do frío, o meu mozo empeñouse en ir ó Castro, porque conseguira

almallar unha botella de calimocho. Pero non lembro se iso foi antes ou despois dos pubs.

Unha voz que non tiña identificada, e que a remitía a unha especie de bramido de rinoceronte, resooulle diante dos seus propios morros, inoportunamente reprobadora.

–Vaia, que saes da casa e nin sequera sabes o que queres nin a onde vas.

Ela quedou calada antes de contestar. Unha sombra negra, lavañeira, de terror, asomou ós seus ollos. Os pensamentos quedáronselle atrapados nunha selva de imaxes que lembraba con nitidez.

–Sei. Non houbo máis, logo marchamos para a pensión. Había un pavo real, un enorme e misterioso pavo real.

–¿Onde estaba o pavo real?

Antes de responder volveu sentir que algo a vencía e a cabeza caeulle sobre o peito, adurmiñada. Unha man agarrouna polo queixo e deulle a cheirar un algodón. Espabilou.

–No vestíbulo –dixo–. O pavo real estaba no vestíbulo e en todas partes.

Un pavo real, fermoso, enorme, deambulou nun instante pola mente de todas as persoas que escoitaban, magnífico, soberbio, abaneándose polos corredores e, de cando en vez, facendo medrar o seu corpo como a masa dun boleardo.

–Pedimos un cuarto –continuou– e o pavo real seguiunos ata a porta do ascensor. Estivemos rindo un chisco do pavo e de nós mesmos, e deitámonos. Estabamos espidos, abrazados, cando comezamos a escoitar ruídos estraños no corredor. Inicialmente pensamos que era o pavo real, pavoneándose, e aínda demos en rir máis. Pero de alí a un pouco escoitamos unhas voces que desmentiron a nosa hipótese. Era un exército de voces, o que proviña de detrás da porta, coma se todos os alumnos dun colexio fixesen fila para entrar na clase. Así que me erguín

da cama e agacheime para mirar a través do ollo da pechadura. Quedeí abraiada. Ó longo do corredor e, por suposto, xusto detrás da porta, había un exército de nenos, baixos, gordechos, cambutas, cun pelo liso e recortado que lles baixaba cubríndolle a fronte e tapándolles as orellas, peiteados coma frades, de caraña doce e redonda, todos iguais, sen que ningún se puidese diferenciar doutro, nin sequera pola roupa, pois vestían todos do mesmo xeito, unha especie de mandilón gris apretado, que lles marcaba a panza. Cando vin todo aquilo pensei que me dera algo, un lóstrego de siroco que me varrera o cerebro. Por un momento convencínme de que estaba soñando, que nada do que vía era certo, de que quedara durmida e estaba a soñar. Sen embargo, o que estaba a ver era real. Absolutamente real. Tan real como o pavo que había no vestíbulo.

Saloucou. Estaba angustiada, víaselle no seu rostro de india. Ningunha das voces que a rodeaban se interpuxo no relato, pero as olladas cruzáronse, incrédulas e fascinadas.

—Aquel exército de críos abandonou o corredor en rigorosa fila, cantaruxando en voz baixa unha estraña melodía, unha melodía atractiva, engaiolante, que te impulsaba a sumarte a eles, a seguiilos, a unirte a aquela excéntrica ringleira de nenos que agora baixaba as escaleiras, a aquel exército encantado que te arrastraba coma se fose o flautista de Hamelín. Horrorízame lembralo. Eu, de nena, sentía pavor ante o conto do flautista de Hamelín. Temía que viñese un día ó meu barrio e me levase con el, canda os outros nenos, para o país de nunca xamais.

Tralas cortinas que separaban o lugar onde estaba a rapaza de pelo amarelo e nariz de magdalena o movemento era constante. De alí procedían rúidos de voces e de pasos apresurados, xente que corría, que berraba, que choraba, que xemía, que protestaba. De cando en vez, algunha das persoas que a estaba escoitando a ela saía con premura, solicitada urxentemente por

algunha voz do exterior. Aínda que ela non era consciente, estaba formando un auditorio absolutamente entregado.

—Como posuído por unha forza irresistible, críptica e capaz, o meu mozo abriu a porta e saíu do cuarto, espido como estaba, medio en transo, xordo ante os meus berros amedrentados e incrédulos que o chamaban para que retornase onda min, e acabou por sumarse, errante, coma un cabobo, a aquela longa fileira de rapaces frades. Eu retrocedín, asustada, temendo que me levase tamén a min; así que puxen a camiseta que deixara deitada sobre a moqueta, vestín os pantalóns, e saín ó corredor. Non se escoitaba ningún ruído. Case na punta dos pés, fun ata o final, onde había unha ventá que daba para a rúa. Desde alí puíden ver como toda aquela ringleira de rapaces clónicos saía da porta da pensión e, a través dunha rampa que alguén colocara alí, sen interromper o seu ritmo, ía entrando na gabarra dun tráiler que estaba alí aparcado. Detrás dela, coma unha lamprea que segue a corrente, vagaba o meu mozo, espido e distinto, pero tan intimado, tan enfeitizado e tan cantaruxante coma os demais.

A rapaza resoprou. Volveu facer un alto e agora tampouco a interrompeu ninguén. Sentíase moito máis segura de si, cos nervios ben aveludados. En realidade non transcorreran máis de dous minutos desde comezara a falar, pero aquela lucidez extrema que mostraba no uso da palabra estaba a provocar a sorpresa dos oídos que a escoitaban.

—Desde a ventá do corredor enxerguei a rúa pero non vin a ninguén, non había xente a aquelas horas. O que non sei é como logrei saír de alí. De verdade, non o lembro. Estou certa de que se alguén da pensión chega a dar comigo tamén me secuestran naquel tráiler.

A rapaza calou, deixando caer os brazos para dar a entender que non quería falar máis. Observou detidamente aquelas orellas, aqueles vultos, aqueles corpos que a miraban, tentando distingui-

los, diferenciais, e sorriu, esaxeradamente, coma quen se acaba de liberar dun horrible pesadelo que é de propiedade particular. O sorriso rematou nunha gargallada breve, ferinte, que se confundía cun laio e deixaba ó descuberto os seus nervios trezados.

–Déixenme chamar á policía, por favor –suplicou.

Cando xa non o esperaba, unha daquelas voces interrompeuna con brusquidade. Comezaba a distinguilas mellor. Tras delas aparecían, desfiguradas, algunhas batas longas, brancas e deslumbrantes.

–Vale, a historia que nos contas é moi orixinal, pero agora dinos, ¿que pasou antes?

Ela non respondeu. ¿Antes? Realmente non entendera a pregunta.

–Qué pasou antes, pregunteiche –repetiu a voz.

–¿Antes?

–Antes, efectivamente. Nos pubs. En todos e cada un dos locais onde estivestes. ¿Que tomaches?

A rapaza parecía desconcertada. ¿Que tomara? Tomara anís cunhas gotas de cointreau.

–¿E que máis? ¿Que máis tomaches?!

Agora xa eran varias as voces que preguntaban a un tempo. Ou a ela parecíanlle varias.

–Anís cunhas gotas de cointreau.

–Moi ben, iso xa o dixeches. ¿Cantas copas?

–¿Cantas? Non o sei. Non o lembro. Tres ou catro, non moitas. Só unha en cada local onde estivemos.

–¿E onde estivestes? ¿En cantos locais?

–Por aí, en varios.

–¿En cales?

As preguntas estaban a punto de facela tolear. Agora quería chorar pero non era capaz. Dáballe a risa. Unha risa teimuda, nerviosa.

–Xa digo que non sei; non me lembro.

–¿E que tomaches?

–Tomei anís cunhas gotas de cointreau –respondeu coma se fose a primeira vez que o dicía.

–¿E pastillas? ¿Que pastillas tomaches?

–¿Pastillas? ¿Que pastillas?

De súpeto, a rapaza abriu os ollos e a boca, instintivamente. Pastillas, díxose. Abriu e pechou as mans. Tiña os tendóns flácidos, coma plátanos. Estaba mal, sentíase pedramarrada.

A voz do médico chegoulle de novo, máis irritado e inquisitivo ca nunca.

–¿Pastillas!

–Ah, pastillas. Si, non sei. Tomamos algunhas. El, o meu mozo toma pastillas. Eu nunca as probara. Si, tomei pastillas. El coñece os pastilleiros e sempre llas dan boas.

–¿Que pastillas tomaches?!

–Non o lembro. O das pastillas.... creo que tomei unha pequeniña, diminuta, azul; e outra, unha estreliña, que brillaba. Si, creo que tomei pastillas –esforzábbase en recordar–. O meu mozo pasoume algunhas. Fómolas buscar a un local. A el gústanlle os sitios moi eléctricos. Con espírito, di. Creo que tomei algunha.

–¿Cantas tomaches? ¿Cantas pastillas?

–¿Cantas? Non o sei. Creo que dúas... tres, quizais catro ou cinco... non o sei. Se cadra non tomei, pero si, creo que tomei pastillas –dicíao rindo e chorando a un tempo, sen parar de rir e chorar–. ¿Ou non tomei pastillas? Tomei, tomei tres, azuis, un secante e pastillas azuis para bailar mellor a música ácida. Non estou segura. Á policía, por favor, chamen á policía –dixo atafeándose de novo–, o meu mozo está secuestrado nun tráiler.

A cortina que separaba o habitáculo do corredor desprazouse para un lado. Unha enfermeira entrou apresurada. Solicitaba axuda.

–Un accidente. Temos tres graves, estanos metendo –dixo.

Dúas das persoas que estaba alí, vestidas coas súas batas brancas, deixaron a rapaza. Outro médico seguíuna interrogando logo de lle facer un sinal a un dos auxiliares e a unha enfermeira. Saíron os dous de alí.

–¡Vaia se tomaches pastillas!, ¡vaia se as tomaches! –espetoulle con crueldade–. Con que o teu mozo está secuestrado nun tráiler, ¿non sí? Co flautista de Hamelín, ¿non é?

Nun minuto, o auxiliar e maila enfermeira apareceron de novo onde estaba a rapaza, levemente recostada sobre unha padiola. Traían con eles un rapaz duns dezaioito ou dezanove anos, agarrado cada un por un brazo, que se movía torpemente e ó que a cabeza se lle ía para os lados. Estaba grogui. Nin sequera era quen de falar. O médico fíxose cargo del e púxollo á rapaza diante dos ollos.

–Con que secuestrado, eh. ¿Logo este quen é? ¿Sabes dicirme quen é este mozo? –interpelouna moi enfadado.

–¡Johnni! –berrou ela.

Ela tentou incorporarse para ir ó encontro do rapaz. Dese-xaba abrazalo, pero non foi quen de aguantar o peso do seu propio corpo e ó se erguer acabou batendo contra el, arrastrándoo, e precipitándose os dous sobre unha mesa auxiliar, ategada de medicamentos ata os topes, que derrubaron coa súa caída. A enfermeira anicouse para erguelos do chan e o médico, con cara de fastidio e resignación, permaneceu inmóbil, coma un parvo, observando o sorriso tranquilo, de manteiga tenra, que se debu-xara nos beizos da puñeteira rapaza.

A tolemia é un sombreiro (16)

Pouco e pouco, na salvagarda do raciocinio, voume facendo un adicto ós gatos. Amais de inxerir grandes cantidades de peixe e leite (xa case o único con que me alimento) cada vez miaño máis a miúdo e con maior perfección. Son un adicto ós gatos, pero sobre este asunto, nada teño que temer, pois resulta unha adicción brillante fronte ás dos tolos adeptos dos cans, que son o resto. Convivindo con eles, afágome a tratar con adictos ó manicomio, adictos á noite, adictos á violencia, adictos ás Tragaperras, adictos ó tabaco, adictos ás drogas (drogadicτος), adictos ó sexo, teleadictos, adictos ó roubo (cleptómanos, claro), adictos ás alucinacións, etc., e mesmo convivín, cando eu non era gato e habitaba na cidade, con adictos a discutir, adictos ó malhumor, adictos a insultar os veciños no ascensor... En definitiva, sendo adicto ós gatos practico un simple exercicio de hixiene mental.

Estou tolo

Estou tolo. Ben, non estou certo de se estou tolo ou son eles os que me queren facer pasar por tolo. En todo caso, son as esencias. Seguro. Os cheiros. Este perfume a canela, o arrecendo a especias, a lombo de elefante, a mulemba, que fai que o cerebro me estea indo para atrás no tempo. Desque cheguei a Marrocos estou a volver á infancia. A miña mente retrocede. Sobre todo, a causa deste arrecendo a canela e arroz con leite. E mátame. Mátame a min e mátame o azul do cerebro. Disque estou perdendo o azul, o azul, que é a miña lucidez toda. Iso din os médicos. Fáltame o mar e o aire da terra. Da miña terra. A súa cor de pálida esperanza. A canela váiseme metendo pola boca, paseniño, de vagar, docemente, coma cando a mamai me facía arroz con leite nas tardes de domingo, e rúbeme pola gorxa ata os conductos nasais –ás veces impídeme mesmo respirar– e aprópiaseme de toda a masa encefálica, do cerebro, do pensamento todo, expulsando o azul, a miña vida, todas as boas lembranzas que eu levaba dentro para poder seguir vivindo. Sinto que perdo o mar, que perdo o ceo. A esperanza. E cómeme a canela, devorándome, destruíndome os intestinos e a mente,

poñéndome nos ollos ese amarelo desértico que enche de néboas invisibles as calellas do zoco desta maldita cidade.

Aínda que ás veces dubido. Non sei se son eu ou son eles, que me queren matar. Inxectándome a canela, o azafrán, ese ulido a especias, devolvéndome no tomiño, o cecimbre, os cheiros da infancia, cando a mamá cociñaba na casa da aldea aquelas enormes potas de caldos arrecendentes, a vitamina que me deu a vida, a forza, o azul do cerebro. A razón. Porque eu teño azul ata o sangue. Ou *tiña* azul ata o sangue. Coma os peixes dos mares galegos. Coma eles. Por iso, se perdo o azul, se deixo que se me esvaia, váiseme esvaer tamén a vida. Por iso permanexo xa sempre pechado nesta casa. Porque xa non podo saír a pasear entre os ruídos eléctricos do zoco, nin soportar ese cheiro de alfombras a canela, ese cheiro penetrante e amarelo. Non podo. O malo é que está empezando a chegar aquí. Ás paredes deste cuarto, impregnadas de leite e sémola, onde me acubillo nunha esquina, contra a parede, para impedir que o azul me abandone para sempre. Teño medo. Non quero deixar de ser eu. Non quero que o meu cerebro perda a auga do mar que sempre tivo. Para poder regresar á miña terra, algún día. Se me deixan. Pero non sei canto tempo máis poderei soportalo. Se cadra non moito. Porque o estómago se me está enchendo de arroz con leite, mesto, pegañento, atroz, que me provoca vómitos. E con eles expulso todo o azul que levo dentro. O meu sangue. O meu propio sangue. Terei que facer algo. Non sei o qué, pero terei que facer algo.

A tolemia é un sombreiro (17)

Ultimamente estou a comprobar con satisfacción que co meu inmenso amor azul ós gatos, trépome a esa tenrura de tolos que hai neles, esa tenrura que os fai tolos, tolos, tolos, acróbatas dementes no abismo da súa soidade, e eu mesmo deito tamén sobre a súas peles aveludadas os meus bicos apaixonados, de tolemia morna e pousona, coma o viño bo, porque, mira, mulemba, non hai que pensar que toda a tolemia sexa un desastre. Sendo gato síntome cigala, neurótico hepático, transxénico e gasométrico feliz.

Persecución

(Secuencia A)

Lisboa, á noite. 31 de decembro. Un individuo duns corenta anos entra nun autobús urbano ategado de xente. Desde a parte dianteira do autobús, érguese sobre a punta dos pés e intenta distinguir algo entre os rostros dos viaxeiros que ten ó alcance da vista. O autobús móvese con brusquidade en medio dun tráfico infernal. Ós tropezóns, atravesa a Baixa en dirección á praza do Rossio. As rúas están adornadas cos debuxos que fan as luces de cores do Nadal e un sabor de tristeza permanente apoderouse de Lisboa. O individuo intenta abrirse paso, nerviosamente, entre a xente, sen deixar de mirar para todos os rostros. Vólvese continuamente. Sospeita que alguén o persegue. En realidade, sábeo. Sabe que o perseguen desde o poder político, desde a policía, desde os amigos, e desde a súa propia familia, e por iso está practicamente seguro de que alguén o persegue para matalo. Leva meses sospeitándoo. Uns fíos invisibles teceron unha negra confabulación contra el que non é quen de desmontar. Pero intúea en cada alento. A pesar do frío, o individuo vai en mangas de camisa. Ten a cara pálida, desencaixada,

e o pelo revoltado. Cando se abre paso a cobadazos entre a xente, todos ollan para el con desconfianza. Logra chegar á metade do autobús a través dun estreito corredor que se vai formando ó seu paso.

(Secuencia B)

Amsterdam, á noite, 31 de decembro. Un individuo duns cincuenta anos, peludo e corpulento, entra nun tranvía que non vai excesivamente cheo de xente. Sobe pola porta traseira e avanza despreocupadamente, mirando sempre á fronte, ata que chega ó centro do tranvía, onde está a plataforma de xiro dos vagóns centrais. O individuo leva o pelo trezado e entrelazado coma un *rastafari*, recollido na fronte cunha cinta vermella. Viste unha enorme camisa de flores, un pantalón vaqueiro vello e sucio, e os auriculares duns *walkmans* nos que soa música *reggae* aprisionanlle as orellas. Ás costas leva un pequeno macuto e unha especie de esteira de varas de madeira, enroscada. Detense no centro xusto do tranvía con cara de satisfacción e observa ó seu redor. Séntese canso, pero ultimamente sempre se sente canso. Ten dores que se lle fixeron cada vez máis frecuentes e non lle semella nada bo ese *algo* que anda a rillarlle o corpo. Sospeitando que a súa enfermidade está demasiado avanzada, desde hai uns meses dedícase exclusivamente a contemplar a vida e gozar dela. Non está disposto a desperdiciar un único segundo de Amsterdam, esa deslumbrante cidade onde, desde hai cinco anos, vive.

(Secuencia A)

A pesar das baixas temperaturas do inverno lisboeta, ó individuo cáelle a suor pola fronte abaixo. Mira entolecidamente para todas as persoas que ten arredor, cos ollos ensanguentados. Descubre que a xente está a mirar para el, entre curiosa e amedrentada. Odia a xente. O individuo ódiala porque está seguro de

que non quere del nada bo. Odia todo o que ten ó seu redor. Odia rabiosamente os cans e a xente que ten cans, porque está convencido de que tamén os cans se volven contra el. Sabe que todo o mundo o persegue. Todos queren a súa morte. Volve mirar ó seu redor con cara recriminadora e comeza a berrarlles ós demais ocupantes do autobús. Ninguén lle contesta. Ninguén lle di nada. Ninguén se move. O individuo sospeita que todos os dese autobús están contra el. Sábeo. Aínda que os pasaxeiros non se decaten, está asustado porque ten medo deles. Teme que algún deles o poida matar. Decidido a defenderse como sexa, leva a man por debaixo da camisa e saca un enorme coitelo que gardaba agochado no van do pantalón. Vólvese contra a xente e ameázaa brandindo o coitelo. Ninguén se move. Algúns, os que están máis lonxe, retroceden. Os que están ó seu redor nin se atreven a respirar.

–Este é un coitelo para matar porcos –berra enerxicamente colocando o gume sobre o pescozo dunha muller nova á que agarra polo brazo.

–Para matar porcos –prosegue–. ¿Hai algún aquí?

O autobús detense no Rossio e os que poden aproveitan para saltar á rúa. No autobús non se escoita unha soa voz. O individuo continúa coas súas ameazas, mentres os pasaxeiros observan, inmóbiles, como ó individuo lle treme o brazo e lle fraquea a voz.

(Secuencia B)

O individuo agarra a esteira que leva ás costas, desátalle a fita que a prendía, e desenvólvea. Como naquela parte do tranvía hai pouca xente, non atopa dificultades para estirla sobre o chan. As persoas que están próximas a el apártanse, intrigadas, deixándolle espacio. O individuo alisa ben a esteira sobre a placa metálica do tranvía e senta sobre ela. A xente obsérva o pero sen

lle facer demasiado caso. Saca unha pequena almofada do macuto, que coloca no extremo superior da esteira. O individuo menea o corpo axilmente, ó ritmo da música *reagge*, mentres segue revolvendo no petate. O tranvía atravesa Amsterdam, pasando pola Centraal Station. Logo, déixaa atrás pola beira do canal central. Chove sobre a cidade e cae unha auga fría, demorada. O individuo acaba de volver dunha intensa viaxe en camión ata un lugar de Italia chamado Chioggia, onde se hospedou na pensión dunha tal Claudia. Agora, no tranvía, sorrí pensando nela. Saca do macuto un pao de chocolate que leva envolto en papel de prata e ponse a liar un canuto. O tranvía detense nalgunhas estacións, onde sobe e baixa xente. De alí a un pouco, sóbelle o volume ós *walkmans*, déitase sobre a esteira, cruza as pernas e dispónse a paladear o sabor do cannabis. Amsterdam, repítese. De novo o infinito pracer de estar en Amsterdam.

(Secuencia A)

O individuo parece altamente agresivo e a xente que o rodea está cada vez máis asustada. Semella descontrolado, fóra de si. Encárase con todas aquelas persoas que ten ó seu arredor e mesmo increpa ás que están lonxe. Os que poden, aproveitan as paradas para ir baixando disimuladamente do autobús. O individuo di a berros que a el ninguén o liquida e que, mentres teña ese coitelo de matar porcos, ningún marrán se vai atrever con el. Leva a camisa solta e enchoupada en suor, os cabelos mollados e os ollos reflicten unha carraxe pedramólica e un medo incontrolables.

–¡Ninguén! –berra contra a xente–. ¡Ninguén!

A voz sáelle nerviosa e desgarradora. De súpeto, o individuo dóbrase cara adiante sobre o seu propio corpo e, con todas as forzas de que é capaz, espeta o coitelo contra a plataforma metálica que conforma o chan do autobús.

(Secuencia B)

O individuo encóllese en medio dun berro de dolor que borra de repente a súa expresión de felicidade e fai que todos os pasaxeiros do tranvía se volvan cara a el. Está dobrado sobre o ventre, agarrándoo coas mans coma se lle tivesen espetado unha puñalada invisible. Inexplicablemente, entre os seus dedos comeza a borbollar o sangue, tal se un coitelo de aire se lle tivese cravado no ventre. O individuo trata de calmarse. Acouga. Volve pousar a cabeza sobre a almofada no chan do tranvía, achega o canuto á boca e aspira novamente aquel fume mesto que lle enche os pulmóns de rebeldía. Cando menos, está seguro de que vai morrer feliz.

A tolemia é un sombreiro (18)

Se logro superar as ameazas continuas a que nos someten os cans (a min e ós outros gatos) renacerá no meu intelecto unha corrente brillante, de neurotransmisores capaces de prender no cerebro emocional. Esquizofrénicos, psicóticos e paranoicos obsérvanme coma ácaros nunha festa prohibida. Teñen un concepto limitado do que existe fóra das paredes inexpugnables; nunca se atreverían a saír porque cren que os lobos, ladrando en wolof, están a esperar por eles. O meu ardor de gato tenos desconcertados. Agora estou seguro de que hei vencer, aínda que só miañe e beba leite, porque sei que a tolemia é un sombreiro que se pon e se quita cando un quere e se sabe controlar.

O fareiro

O fareiro, na súa soidade, nunca estaba tranquilo. Miraba para aquel mar que odiaba con toda a súa alma e deprimíase. Tiña demasiado tempo para pensar e moi poucas cousas que facer. De todos os xeitos, o sentimento de incomunicación que o atenzara había anos xa non planaba sobre el coma unha banda de corvos negros, pois agora ía xantar e durmir á casa a diario. No faro, a maior parte do tempo ocupábo en ler novelas de ciencia-ficción, as únicas que o distraían e lle facían algo de chiste. Unha vez por mes quedaba a pasar a noite alí –iso era o que máis lle custaba–, vixiando o sistema de funcionamento da lanterna. Por veces botaba unha cabezadiña, por veces deixábase engaiolar mirando, apampanado, a distancia á que chegaba o potente chorro de luz do faro, e por veces entretíñase escoitando a radio, aínda que a esas horas o único que poñían era música e, a iso das catro, o programa Almas perdidas. Non era que lle entusiasmase, e de feito escoitábo con certa desidia, porque non o convencían os temas empalagosos que a locutora trataba, pero tíñalle certo morbo pois estaba seguro de que detrás daquela voz melodiosa debía agacharse un apetecible corpo de azucre.

Durante o día a cousa era máis doada de levar. Un dos seus métodos para matar o tempo no faro era enxergar o horizonte por uns potentes prismáticos cos que observaba a esgotadora homoxeneidade mar, a exasperante lentitude dos barcos e o previsible voo das gaivotas. Mercáraos para espiar á súa muller desde o faiado da casa sen que ela se decatase, pero un día decidiu levarlos para o faro, convencido da súa inutilidade nunha poboación con edificios altos e outros obstáculos insalvables mesmo para as lentes máis potentes. Nese sentido, o que peor levaba unha persoa ciumenta coma el era a desconfianza que sentía polo feito de ter que deixar soa na casa á súa muller, así que procuraba non pensar nela, soa, que lle producía unha sensación de sabor a leite agre. Durante unha época dedicouse a mercar revistas de encrucillados, pero aquilo de cavilar nas definicións acababa coa súa paciencia. Se por algo non se tiña era por ser un home paciente. Ese defecto engrandecía de forma desmesurada o marcado trazo desconfiado e posesivo do seu carácter, que se acentuara extremadamente desde que lle confirmaran aquel destino bucólico, para anacoretas vocacionais, ironizaba.

Sen embargo, a súa situación era envexable, mesmo para persoas que realizaban outro tipo de traballos, porque o faro estaba a quince minutos en coche da vila onde vivía. Esa facilidade para trasladarse puido ser, así e todo, o agravante que colocou en situación límite os seus receos con respecto a Candela, a súa muller. En función dos pequenos detalles que viñera observando con atención durante os últimos meses, estaba convencido de que tiña razóns suficientes para crer que ela lle era infiel. A sospeita doíalle especialmente porque, logo de quince anos de matrimonio, seguía totalmente namorado dela. Para el Candela representaba a claridade, o lampo, o resplandor, a esperanza, como a luz do faro na noite para os barcos. Pero ese temor facíalle presentir que o lume esmorecía.

A escasa distancia á que se atopaba da súa casa ofrecíalle a posibilidade de plantarse alí por sorpresa nun cuarto de hora, e a soidade e o receo convertérono nunha persoa amargada. Claro que, reflexionaba, ningún home cabal que soubese que a súa muller se deitaba con outro podía permanecer indiferente. Para evitar tentacións, había tempo que lle tiña prohibido acompañarse doutras persoas, prohibición que lle resultaba doada de facer cumprir na medida en que a súa muller non traballaba e, en teoría, pasaba todo o día na casa, limpando e cociñando coma un sapoconcho, pero nos últimos tempos, desde que sospeitaba o da infidelidade, decidira prohibirle tamén que se detivese a falar con ninguén cando atravesaba as rúas da vila.

Unha mañá, desorientado na obsesiva soidade do faro, coa ollada incrustada nos aguilloados farallóns daquel mar infame, chegou á conclusión de que a súa muller lle poñía os cornos cun mariñeiro musculoso co que tempo atrás a tiña visto falando varias veces preto da lonxa. Aquel día colleu o coche e, cos nervios a flor de pel, conduciu ata a vila de forma irracional e vertixinosa, avanzando coa liña branca da estrada entre as dúas rodas. Cando chegou, efectivamente, Candela non estaba. A súa certeza de que viña de verse co mariñeiro era tal que, cando entrou, sen mediar palabra, lle cruzou a cara a labazadas. Non era a primeira vez que batía nela, así que a muller tratou de xustificarse, chorando e implorando a súa inocencia, sen deixar de xurarlle que fora pasear á cidade e logo estivera tomando algo nun bar. A vila, dicía, sen compañía ningunha, resultáballe asfixiante, poirenta coma un ácaro. Pero o fareiro non a creu porque ela sempre poñía a mesma desculpa, esa de que fora a un bar da cidade. Convencido de que nos adúlteros a mentira é patolóxica, ignorou as súas palabras pero, malia os golpes, non conseguiu que confesase a súa relación co mariñeiro. Tivo unha ocorrencia e, antes de volver ó faro, foi mercar

un teléfono móbil para poder chamala en calquera momento e confirmar que se encontraba na casa a todas horas, como lle tiña ordenado.

Coa sensación de estar ineludiblemente cimentado, igual que os mexillóns ás rochas, ás bases daquel faro que cada vez odiaba máis, foi perdendo o interese por outra cousa que non fose adiviñar e facer conxecturas sobre cada paso que a súa muller puidese dar. Como agora a chamaba por teléfono practicamente cada hora, ela adoitaba estar na casa, excepto neses tempos autorizados que el lle asignara para que fose facer a compra ou resolver algún papel no banco. Sen embargo, era consciente de que o feito de que estivese na casa tampouco era garantía de fidelidade, pois podía facerse acompañar de calquera home co que mantivese unha relación ilícita, e temía que a luz que ela irradiaba murchase para sempre. As súas conversas, por outra banda, non adoitaban durar máis dos tres ou catro segundos imprescindibles para comprobar que ela permanecía na casa, pois nos últimos tempos, aínda que el a seguía querendo con loucura, debido ás súas desconfianzas, a relación con Candela fixérase como a tona aburrida dese mar triste que, quixese ou non, tiña diante dos ollos día tras día, e convertérase nunha relación tinguida de sepia.

Consciente das limitadas posibilidades que as chamadas telefónicas lle ofrecían para impedir a infidelidade da súa muller, incrementou as visitas que, por sorpresa, facía á súa casa no medio da xornada laboral, o que orixinou entre eles discusións vehementes, enfrontamentos como nunca tiveran e algunhas pelexas de indescribible violencia verbal nas que o fareiro acababa por bater na muller de xeito despiadado. Desde que se convencera de que, seguramente, non era ela a que ía a casa do amante senón o amante o que se deitaba con ela na súa propia casa (esa horrible idea mareábo só de imaxinala), obcecábase

sentindo que ó longo das súas horas de soidade aquel mar de merda reflectía no seu rostro todo o fastío salgado que lle era consubstancial, e déralle por matinar na posibilidade de que non fose o mariñeiro o culpable da infamia á que Candela o sometía senón un camioneiro da zona, amigo de seu, en quen confiara e a quen el mesmo convidara varias veces á casa a tomar uns wiskis pola noite. Era unha posibilidade que podía resultar perfectamente plausible e nin se lle ocorrera con anterioridade.

Desde aquel día púxose a facer cábalas tratando de adiviñar o horario que os dous acordaran e os costumes que terían adquirido para se deitaren sen levantar sospeitas. Resultáballe evidente que o tipo, a non ser que fose torpe de entendedeiras, entraba pola porta de atrás para evitar a desconfianza dos veciños –iso sempre e cando o amante non resultase estar entre a propia veciñanza, claro–, trataría de non fumar nunca na casa (o camioneiro fumaba coma un carreteiro) e farían o amor nalgún dos outros dous cuartos para evitar que el atopase algunha cousa cambiada de sitio no seu propio dormitorio.

A única posibilidade de comprobalo era sorprendelos *in fraganti* nalgunha das súas visitas sorpresa, pero a cuestión era averiguar a hora en que se citaban. O lóxico, deduciu, sería que o fixesen cando menos posibilidades había de que el aparecese de súpeto, quer dicir, á primeira hora da mañá, cando acababa de saír. Así que un día, convencido de que seguindo os seus razoamentos podería por fin desenmascarar a traizón á que o sometía a súa muller, amarrou un coitelo, por se tiña que lle facer fronte ó camioneiro, e regresou á súa casa media hora despois de marchar. Cando chegou alí, efectivamente, quedou sorprendido coma un cangrexo, pero non por non atopar ó camioneiro e a Candela enleados no seu niño de amor, senón porque na casa non había absolutamente ningún.

Esperouna sentado no sofá da entrada e cando, logo de media hora, abriu a porta, tan tranquila, coma se nada tivese acontecido, el, colérico, bateu con silandeira carraxe na muller, sen mediar palabra, como facía a maior parte das veces. De alí a un pouco, desesperado, aínda sentíndose impotente, ameazou con botala da casa, pois cada vez estaba máis convencido de que as súas malleiras, á parte dos negróns que lle deixaban, non eran efectivas. Esa ameaza debía darlle mellores resultados, pois o torreiro sabía que ela nunca o abandonaría porque non tiña de qué comer... de non ser que dese con outro home que estivese disposto a mantela.

Un par de horas máis tarde, no faro, engruñado e abouxa-do, hipnotizado diante aquel mar narcótico, decidiu dar un paso máis e chamouna por teléfono para ameazala con suicidarse se non deixaba definitivamente os seus amantes. Parecíalle que só unha ameaza dese tipo podería facela recapacitar e lograría que volvесе a entregarlle o seu desviado corazón.

Tres días despois, durante unha desas visitas sorpresa que realizaba á casa, anuncioulle, non soporto máis a túa traizón, sen a luz do teu amor a vida non paga a pena, e decidín suicidarme. Logo entrou no baño, colleu unha coitela de afeitar e abriu un corte no pulso da man esquerda o suficientemente profundo como para sangrar en abundancia. Con absoluta serenidade, dono da situación, saíu do baño e ante a expresión horrorizada da súa muller sentou no sofá do salón, á espera de que me leve o descanso da morte, díxolle. Ela, incrédula e atónita, xuroulle, unha e mil veces máis, asustada e posuída por un tremor de nádegas flácidas, que nunca lle fora infiel con ninguén e, con menor convencemento, que nunca llo sería. Logo achegouse a el e abrazouno, abricouno, aloumiñouno, bicouno e consolouno. O fareiro mantívose impasible, vendo caer o seu sangue, en estudiada actitude esmorecente, ata que logrou que

Candela psicoloxicamente se derrubase sobre os seus xeonllos e, saloucando, lle prometese fidelidade e amor eterno. Só daquela el se ergueu, bicándoa e ameazándoa con volver facelo se persistía na súa actitude. Saíu da casa e, guiando o coche coa man dereita, dirixiuse só –non deixou que ela o acompañase– ó servizo de urxencias.

Durante os días posteriores, inmerso na clausura pegañenta do faro, acougou a súa ansiedade e persuadiuse de que toda aquela tortura que o desconsolaba estaba a rematar definitivamente. Unha tarde, cando menos o esperaba, sen embargo, chamou á súa casa e o teléfono non lle deu sinal. Esperou, convencido de que seguramente se trataba dunha pequena avaría. Intentouno de novo un pouco máis tarde, pero esta vez tampouco sentiu sinal ningún. Inquedo, a partir de entón estivo chamando de seguido, case febrilmente, ata que a súa desesperación se converteu en desconfianza e a desconfianza en rabia. Igual que as veces anteriores, coma se unha úlcera ardente lle queimase o estómago, conduciu entolecido ata a casa, preso dunha rabia incontida, que nunca sentira. Atopou a Candela na cociña, despreocupada, entre os cacharros. Preguntoulle, qué lle pasa ó teléfono, e antes de que ela puidese contestarlle agrediu-na salvaxemente, como nunca o fixera, indiferente ós seus berros, agónicos, que pedían auxilio. O corpo dela precipitouse sobre o chan, e alí quedou, entre unha chea de pratos e vasos rotos, co nariz esnaquizado e sangrante, mentres o leite rebor-daba por toda a cociña e o seu home se metía no automóbil e volvía ó faro á mesma incontrolable velocidade á que viñera.

En canto se apercibiu só, entre a serenidade do mar, o torreiro rompeu a chorar. Estaba seguro de que fora necesario proceder así, pero sentíase un pouco arrepentido. A pesar de todo, el quería cegamente, e agora, logo daquilo, temía que ela se atrevese a abandonalo definitivamente. Así que, por instinto

de supervivencia, o fareiro colleu outra vez o coche e percorreu por terceira vez o mesmo camiño. Cando chegou, ela estaba no baño, co rostro inchado, tratando de cortar a hemorraxia do nariz. Abrazouse a ela, pregándolle, implorándolle, rogándolle, suplicándolle perdón. Ela permanecía silente, dona da súa propia mudez, cega para quen non quería ver.

Candela aínda non pronunciara palabra cando el volveu ó luscofusco do faro, o día escurecendo. De novo, fronte a el, o mar indiferente, alardeando da súa sinistra e enigmática nocturnidade. Subiu á lanterna para, na soidade, laiarse desconsoladamente da súa sorte.

Precisamente porque non tiña nada que facer no faro, permaneceu alí ata moi tarde, sen ganas de regresar á casa, apoiado sobre o cristal, cos ollos pechos, deixando que o chorro de luz que orientaba os barcos lle traspasase a córnea cada poucos segundos. Estivo así un tempo, dubidando de todo, consumíndose na súa propia desesperación, nas súas propias contradicións, na perversa crueldade dos seus ciumes. Así estivo ata que, de súpeto, a luz do faro se apagou. Sen máis, esmoreceu. Inicialmente pensou que era unha avaría, nalgunha rara ocasión tiña pasado xa, pero pareceulle estraño, demasiado estraño. A do faro era unha óptica perfecta. Tan estraño que acabou por interpretalo coma un sinal. Un mal sinal. Se a luz esmorecía, podía querer dicir que Candela o deixaba para sempre. Imaxinou que nese preciso momento ela debía estar a piques de abandonar a casa. Coa pel electrizada, incontroladamente neurótico, cazumbi, volveu coller o coche, a máis velocidade que nunca, levitando coma un espírito por riba da liña branca da estrada, e cando chegou tremíalle o corpo coma un cefalópodo nervioso, sobre todo polo que os seus ollos descubriron. O tráiler do seu amigo o camioneiro, o amante de Candela, estaba aparcado á porta da súa casa. Instantaneamente, un arrebatado cegouno e o mundo

caelle enriba. Por fin comprobaba que as súas sospeitas, eternas, eran fundadas.

Amarrou unha barra de ferro do maletreiro do coche e entrou na casa, entolecido, cos ollos avinagrados. Como no atopou a ninguén no salón, subiu sixilosamente ó dormitorio, ás escuras, adentrouse no cuarto, axexou as sombras que se distinguían baixo as sabas e, coa barra de ferro, bateu brutalmente contra elas sen chistar. Logo prendeu a luz. O corpo de Candela, ensanguentado e desfigurado polos golpes, desdebuxábase sobre a cama. Estaba morta, pero, sen embargo, estaba soa. Alí non había ninguén máis.

O fareiro deixouse caer sobre a cama, rendido, onde pasou toda a noite desvelado, amarrado desesperadamente ó cadáver da súa muller. Véndoa, aínda co rostro afundido polos golpes, desexaba con degoro devolverlle a vida, que o tempo retrocedese unhas horas para evitar, agora si, esa eterna condena á soidade que ía vivir sen ela.

A primeira hora da mañá, vencido pola canseira, esgotado, pechou os ollos do cadáver da súa muller, cubriuno cunha saba limpa, desvestiuse para cambiar as súas propias roupas tamén manchadas de sangue, duchouse e dirixiuse ó cuartel da policía para confesar o seu crime e entregarse. Unha vez alí, esperou a que o atendese o sarxento, que era amigo seu, e, xa algo máis tranquilo, relatoulle os feitos, confesándolle que acababa de matar á súa muller. Estaba a piques de lle dicir que deixara o cadáver no dormitorio, tapado cunha saba, cando escoitou, desconcertado, que o sarxento lle dicía, cunha inmensa paciencia, pero home, non me veñas outra vez con esas, se ti non estás casado e hai moitos anos que vives só.

A tolemia é un sombreiro (19)

Son un felino e estou atrecido de medo e de frío. ¿Que pasa ó redor de min?, ¿que me pasa que eu non sei?; creo que teño medo dunha cousa que vive e que non se ve. Con todo, eu son forte porque os gatos somos xente resistente e sabemos que a vida é un risco eterno, claro que o é, pero o importante é que eu antes era distinto e agora tamén quero volver a ser diferente. Debo abrirme ó mundo como a luz abre a paisaxe tras unha tormenta, debo atopar un lugar na casa dos vivos (mundo exterior) e abandonar para sempre a casa dos mortos (paredes inexpugnables), debo liberar os meus gatos (¿desherdados da sociedade en nome da cordura?) e exterminar os cans, ameazantes (habitantes do inferno), porque para eles, a vida é coma un vaso dado a volta, onde todos falan e uns non soportan o que outros din e tapan os oídos e berran e axítanse e destrózanse.

Do noso correspondente

SANTIAGO DE COMPOSTELA. *Correspondente / Axencias*

A policía segue a investigar os móbiles que rodearon o incendio provocado que a pasada semana rematou coa vida de todos os internos dun psiquiátrico público do sur de Galicia, no medio do que se converteu xa nunha esquizofrénica polémica social na que todos eluden responsabilidades e buscan culpables a quen sinalar nunha desesperada guerra mediática. A maior parte dos cadáveres rescatados, completamente carbonizados, foron inhumados o pasado luns polos seus familiares nun acto colectivo no que estiveron presentes as máis altas autoridades do goberno galego, así como numerosos responsables da vida pública da comarca e unha amplísima representación de profesionais ligados á psiquiatría e á sanidade. Estes últimos acudiron todos cun brazaletes negro non só en sinal de dó senón tamén en protesta polo, segundo eles, lamentable estado de abandono que viven todos estes colectivos por parte dos responsables políticos. Os sindicatos e outros axentes sociais convocaron para mañá á mañá unha manifestación que percorrerá as máis importantes rúas da cidade en demanda

dunha atención digna por parte das administracións públicas ós profesionais da psiquiatría e, en consecuencia, ós enfermos psiquiátricos. Pola súa banda, a Asociación de Enfermos Psiquiátricos de Galicia anunciou xa que vai interpoñer unha querela xudicial contra os responsables do centro que ardeu a semana pasada e outra contra os responsables de sanidade do goberno galego, a quen consideran responsables civís subsidiarios. Estes, pola súa banda, rexeitan as acusacións e néganse a asumir ningún tipo de responsabilidades, inculpando as autoridades locais, que, aseguran, teñen os mesmos deberes e competencias ca eles nos graves feitos acontecidos; ademais insisten en que o psiquiátrico sinistrado era un centro modélico en canto á súa xestión e xenerosamente dotado no que respecta a medios técnicos e humanos; e mesmo foron máis lonxe chegando a insinuar tamén a posible negligencia dos responsables médicos do centro no desgraciado sinistro, que «sabían o que estaba a suceder e non deron aviso».

O parlamento galego viuse obrigado onte a aceptar a creación dunha Comisión de Investigación para clarear feitos e responsabilidades, que se constitúe a instancias da oposición e con varias emendas do grupo de goberno. En principio, na capital galega as autoridades resistíronse onte a cesar do seu cargo ó director e ó xerente do centro –este último leva dous días ilocalizable–, que non se atopaban alí no momento do incendio, a pesar de que os únicos cinco superviventes do equipo médico, apoiados polos sindicatos e diversos colectivos profesionais, pedían onte as súas cabezas ó termo dos actos de inhumación dos cadáveres. A polémica, que está a adquirir tintes dun escándalo de enorme dimensión social levou xa a máis de trinta intelectuais e personalidades do mundo da cultura do país a asinar un manifesto de apoio ós traballadores do centro e en defensa da psiquiatría pública.

A policía, entremetres, en colaboración co equipo de Bombeiros que investiga o caso, sinalou a última hora de onte que xa se pode afirmar que o lume se iniciou na Sala de Psiquiatría e que se estendeu rapidamente por varios corredores porque o chan fora previamente enchoupado con gasolina. O feito de que todos os corredores de acceso ás distintas Unidades do Psiquiátrico quedasen cortados polo avance do lume parece explicar o porqué de que non houbera ningún supervivente entre os internos. Por outra banda, e segundo se especula en fontes próximas ós traballadores do centro sinistrado, o Psiquiatra que provocou o incendio levaba varios meses a tratamento, ó coidado dun dos seus compañeiros, pois desde que comezara a desenvolver a súa actividade laboral naquel centro a súa saúde mental caera en franco deterioro e vivía obsesionado polo medo ós gatos; sen embargo por razóns descoñecidas negábase a pedir unha baixa. A familia do Psiquiatra, tamén falecido no incendio –seguramente de xeito voluntario–, nega estas acusacións e asegura que a saúde mental do desaparecido era perfecta, aínda que recoñece que laboralmente non estaba satisfeito coa súa situación no centro. Sen embargo, algúns medios de comunicación insinuaron xa, a este respecto, citando como fontes a algúns auxiliares psiquiátricos do centro, que o facultativo non optara á praza a través dun concurso-oposición senón por medio de significativos apoios políticos, razón pola que era acusado de enchufismo entre os seus compañeiros, o que creara un profundo malestar na situación laboral do psiquiátrico. Algunhas desas fontes, que non desexan ser identificadas, aseguráronlle a este correspondente, unha vez que se puxo en contacto con elas, que moitos pacientes eran obxecto frecuente dos malos tratos do Psiquiatra desaparecido.

A tolemia é un sombreiro (20)

Sei que hai espirais do amor das que máis vale apartarse para sempre, pero a miña devoción polos gatos (son consciente de que no fondo é puro narcisismo) provócame tensións que me furan os músculos, así que me estendo, como un animal alérxico, e cunha dor de cervos que me fai vibrar as vértebras, desenvolvo toda a miña capacidade felina, de mirada enigmática, para ollar fixamente algo que brille e brille e brille, e xa brilla moito, coma unha bóla de lume que eu mesmo prendo, mentres as paredes inexpugnables van sendo absorbidas polas lapas e os cans (paranoicos, esquizofrénicos e psicóticos) desaparecen, definitivamente, devorados polas chamas, polas labaradas.

Os medos de K.

Chámome K. e estou pasando un mal trago. Preciso axuda, porque teño moito medo. Acepto calquera tipo de auxilio, veña de quen veña. Se é para ben, claro. Teño medo por moitos motivos, quer dicir, teño moitos medos, pero téño, sobre todo, porque me perseguen. ¿Quen me persegue? É moi difícil de explicar. E, se cadra, demasiado longo. Se teño tempo, contareivos a razón pola que me perseguen, que é espeluznante. Pero non sei se terei tempo. Por non saber, nin sequera sei se de aquí a pouco estarei vivo. Porque esta non é unha persecución normal. Perséguenme a morte, para matarme. Cada vez perségue-me máis xente e cada vez estreitan máis o cerco sobre a miña persoa. Por iso temo polo meu destino a curto prazo. A curto prazo (xa non digamos a medio, nin a longo) o meu único plan é fuxir dos meus perseguidores, para ir sobrevivindo. Refúxiome en calquera lugar, sobre todo entre o xentío, en lugares moi concorridos. Pero tanto ten, estou convencido de que poden dar comigo con moita facilidade. Ás veces métome nos bares, para disimular, e xogo nas Tragaperras ata que se me acaban os cartos ou rebento a máquina. Outras fágome o tolo, o tolo alegre, divertido, sim-

pático, ese para o que toda a xente mira e ó que toda a xente quere. Sitúome estratexicamente nalgunha rúa e interpreto. Xa o sei facer moi ben. E consigo dúas cousas, principalmente. A saber: a primeira é estar acompañado, para esquecer esta soidade atroz que me atenaza (estou só no mundo e non teño a ninguén a quen lle contar nada nin tampouco a quen escoitar, agás na radio), e poder sentirme querido, abrigado, protexido, neste planeta tan pequeno no que todos podemos sabelo todo de todos en todas partes e tan grande no que ninguén se atopa nunca en ningún sitio nin sequera vivindo no mesmo lugar. Non sei se me explico. Se é preciso, podo repetilo. Ben, a segunda cousa a saber é: sendo un tolo alegre e simpático, un tolo deses que cada día nos fai sorrir coas súas tolemias, consigo que toda a xente se fixe en min e daquela que eles, os que me perseguen, non poidan matarme, porque eu focalizo toda a atención da rúa e habería demasiadas testemuñas.

Así e todo, non é máis que unha estratexia, unha pequena e modesta estratexia que pode retrasar a miña captura, pero non é a estratexia. A estratexia descoñézoa. Mesmo diría que non a hai. Sobre todo porque cada vez me deben perseguir con máis medios técnicos e humanos e non vou ser quen de me agachar durante moito máis tempo. De feito, sospeito que me acaban de descubrir. Efectivamente, descubríronme. Boto a correr. Coma un tolo, boto a correr. Estou fuxindo rúa adiante, abríndome paso entre a xente como podo. Cando menos, son tres as persoas que me perseguen nestes momentos. Tres, as que eu vexo. Teño que meterme nalgures, porque nesta rúa non teño escapatoria. Tropezo coa xente, como agora, que acabo de tirar a unha velliña que paseaba despistada, co seu can de palleiro. Logo aínda tropezo cunha estudante á que lle cae a carpeta e véxome obrigado a empuxar a dúas ou tres persoas máis. Unha delas, un home sesentón, queda rosmando, pero eu non teño

tempo para lerías nin desculpas. Sen pensalo dúas veces, introduzome pola porta de H&S, os grandes almacéns, e nada máis entrar arrastro comigo un par de manequíns que se me enganchan nos pés ó saltar. Céíbome como podo, sen facer caso dos enfadados requirimentos do persoal do establecemento nin dos gardas xurados e bótome sobre as escaleiras mecánicas. Dous dos meus perseguidores xa entraron tamén en H&S e están máis preto de collerme. Sen embargo, a cantidade de persoal e os gardas xurados que se acumularon na entrada fan que deteñan o seu ritmo feroz. Desgraciadamente, equivoqueime e quixen subir polas escaleiras de baixada, pero xa non hai remedio. Trato de apartar a xente, que me estorba na miña fuxida. Síntoo, espero que o comprendan, porque a miña vida está en perigo. Tres plantas máis arriba, logo de canear entre os despiadados insultos dun número dificilmente localizable de consumidores potenciais de H&S, punzado polo medo e ese definido sentimento de perigo, ocórreseme que o mellor será que me dirixa ás portas dos aparcamentos para inicar a baixada polas rampas dos vehículos e lograr fuxir por alí, xa que en poucos minutos todo o persoal do edificio, máis un cento de gardas de seguridade, máis os meus perseguidores aparecerán, emerxendo por calquera das físgoas invisibles de H&S. Así que, con extrema rapidez de movementos, diríxome á saída dos aparcamentos, por onde escorrego, non sen provocar certa curiosidade, porque a miña forma de correr non resulta nada común entre os hábitos dos consumidores dos centros de H&S. Sinto que recobro as forzas (teño que confesar que fuxir é para min un dos poucos momentos estimulantes de que dispoño, xa que a miña mente, véndose acurrallada e en perigo, rende ó cen por cen e, sen embargo, cando non estou fuxindo, as miñas reflexións obsesivas e o medo que me atenaza constantemente parálanme ata límites insospeitados), e axiña alcanzo as rampas de

baixada para retornar a rentes de chan e perderme entre a xente, se é que son quen de conseguilo. De momento, para alcanzar as rúas véxome obrigado a saltar indiscriminadamente e sen miramentos por enriba dos coches que atascan a saída e que permanecen atrapados á espera de que se dilúa o intenso tráfico da rúa á que desexan dirixirse. En canto poño o primeiro pé fóra, non me queda máis remedio que cambiar de dirección porque, desde o lado inferior do edificio, varios dos meus perseguidores se dirixen cara a min con decisión.

Sen máis dilacións, como resulta lóxico supoñer, mudo a orientación dos meus pés e corro entre a xente para tentar cruzar a rúa polo único lugar onde non hai semáforos nin pasos subterráneos. Sen pensalo dúas veces, lánzome sobre o asfalto ignorando a proximidade e a velocidade dos vehículos, que se ven obrigados a frear bruscamente e a dar algúns volantazos para esquivarme, o que provoca un ou dous pequenos accidentes que, por suposto, non me paro a observar, pero que organizan unha considerable algarabía que retén uns segundos ós meus perseguidores, así que unha vez dobrada a rúa seguinte apaño o primeiro autobús que atopo, xa en marcha, e só baixo del media hora despois, cando estou absolutamente seguro de que logrei despistar ós meus perseguidores, e fágoo xusto en fronte dunhas salas de cines, onde me introduzo, ora ben, mirando para todas partes e con medo a ser recoñecido, pois se de algo teño constancia é de que os meus perseguidores teñen infinitos ollos. Sen saber qué películas están poñendo, solicito unha entrada para a sala catro, que me parece un número afortunado, e resulta ser unha de Spielberg, *O demo sobre rodas*, unha reposición. Alégrome, porque se trata dunha película que non vin, aínda que sospeito que non vou ser capaz de concentrarme, porque o medo me obriga a unha continua e dolorosa dispersión mental que, entre outras cousas, me impide ler libros desde hai moito tempo.

Na sala non hai máis que catro ou cinco persoas, seguramente porque é un día de semana e unha hora de pouca afluencia de público. Ademais, ás películas de reposición tampouco adoita acudir demasiada xente. Sento na parte dianteira, preto da pantalla e espero a que apaguen as luces. A película comeza, aínda que non lle presto demasiada atención porque a miña mente está ocupada en darlle voltas na cabeza a unha estratexia que poida ser definitiva, que me afaste para sempre dese pesadelo que me atormenta. Por certo, que non durmo desde hai moito tempo. En realidade non é que non sexa capaz (ben, a verdade é que tamén é iso), senón que debo manterme vixiante toda a noite, por se veñen a por min. Ademais, por cuestións de seguridade, nunca durmo xa dúas noites seguidas no mesmo sitio, porque en varias ocasións me vin obrigado a iniciar precipitadas fuxidas nocturnas, feito que me provoca un desacougo inconmensurable por varios motivos, a saber, en primeiro lugar, porque é moito máis difícil orientarse na escuridade e a fuxida se fai moito máis fatigosa e desconcertante; en segundo lugar, porque a escuridade, desde que era neno, transmíteme unha enorme sensación de inseguridade, o que acaba por minguar a capacidade de reacción da miña mente esgotada; a noite é papel secante que todo o chupa para ela.

A película parece boa e, aínda que non estou para atender demasiado á pantalla, coa escasa atención que lle levo prestado, creo que o argumento desenvolve a historia dun tolo que se cre perseguido por un tráiler sen conductor. Por veces atendo e por veces enrédome nos meus pensamentos. Cando a película aínda non chegou á metade sinto que entran varias persoas na sala. Primeiro entra só unha, que senta, e logo entra outra, e outra máis, e así sucesivamente ata que, calculo, debe haber sete ou oito novos espectadores. Como me resulta estraño que case na metade da película entre tanta xente, dou en sospeitar que son

os meus perseguidores que por fin me localizaron. En previsión de que esa posibilidade se poida cumprir, decido actuar e esvaro sixilosamente ata o extremo dianteiro da sala, onde logro alcanzar a porta da saída de emerxencia e, unha vez alí, escúrrome por ela coma se fose auga baixando polo vertedoiro. Cando, antes de desaparecer tralas cortinas, volvo a cabeza para mirar para atrás, comprobo que non só as persoas que entraron con posterioridade senón toda a sala se ergue para seguirme a través da porta pola que saín. O desalento atrápame. Agora sei que a persecución aínda vai máis aló do que eu pensaba. Quer dicir, que cando eu cheguei ó cine xa me estaban esperando.

Inicio, novamente, unha tola carreira a través de innumerables rúas, cos meus perseguidores, xa quince ou vinte, exercitando os seus bos dotes físicos, detrás de min. Por fin atopo un lugar onde poder agacharme: un mercado. Entro e descubro que o xentío é impresionante. A penas se pode dar un paso. Eu consígoo (vaime a vida niso), pero a miña brusquidade axiña se fai notar entre as xentes do mercado, que mo recriminan, así que decido brincar, saltar e correr por enriba das caixas de peixe, atravesando e derrubando tamén os postos de verduras baixo a colérica persecución dos vendedores (pero eu non estou en situación de me parar a darlles explicacións). Un deles consegue atraparme, e suxéitame e ameázame asegurándome que me vai facer pagar caro todo o que lles estraguei (sospeito que non se refire ós cartos), de xeito que, como non vexo ningunha outra saída, zóupolle unha piña tremenda, especialmente violenta porque o meu corazón xa está demasiado angustiado vendo como se achegan, cada vez máis, os meus perseguidores de verdade.

Logo de diversas peripecias, logro saír do mercado abríndome paso a patadas por unha porta lateral e comprobo, a medida que me afasto de alí, que na persecución que tan xentilmente me ofrece un número cada vez máis incontrolable de persoas,

entran en xogo novos elementos, pois no exterior hai varios vehículos, estratexicamente situados, á miña espera, que me obrigan a dirixirme con rapidez ás rúas peonís.

Sen embargo, ante a presión, empezo a convencerme de que non teño escapatoria posible. Por se fose pouco, na zona peonil, a máis populosa, descubro que varios cans, convenientemente adestrados, se precipitan na miña procura mentres o meu instinto me di que debo saír de alí como sexa, así que, á desesperada, decido coller o primeiro taxi que atopo.

Dígolle ó taxista que me leve ós arrabaldos da cidade, ás zonas menos transitadas e máis inhóspitas, sen saber nin sequeira por qué razón quero ir alí. Se cadra estou intimamente convencido de que neses lugares vou ter máis oportunidades. Xa próximos ó meu destino, constato que o taxista me observa con excesiva frecuencia polo espello retrovisor e que, ademais, se comunica en voz moi baixa pola emisora, empregando palabras clave, algo no que non reparara anteriormente. Sen pensalo dúas veces, abro a porta e tírome en marcha. Aterro sobre unha beirarrúa de terra, sen pavimentar aínda, e logo de avanzar varios metros ós rolos, érgome como podo, doído e coxo. De súpeto vexo que un auténtico batallón de coches, con persoas armadas ata os dentes, saen de todas partes (incluídos algúns da policía), e que mesmo me segue un helicóptero, en voo extremadamente rasante, na miña torpe fuxida a través dun descampado. Cando chego ó medio do descampado certifico que estou completamente rodeado. Síntome vencido e derrúbome sobre o chan. Os vehículos acósanme desde todas as direccións, formando un círculo que me vai acurralando, a min, tan inofensivo, e o helicóptero, simultaneamente, toma terra ó meu lado. En poucos segundos estou rodeado dun exército de persoas que me apuntan coas súas armas, tremendamente sofisticadas. Desde a megafonía do helicóptero indícanme que erga os brazos, porque,

como sei (¿sei?, agora sei), estou condendo a morte, e eles deben cumprir a pena que foi dictada contra K., e van disparar todos sobre min a un tempo. Solicítanme que me poña en pé, para morrer con dignidade, como é obriga dun condenado nos derradeiros instantes da súa vida.

Érgome, sentindo como o corazón latexa, descabalgado, na funda do peito. Estou a suar, pero non é de correr. A miña suor é fría, xelada, paralizante. É unha suor de morte. Teño a cabeza atordoada, confusa, e xa non me razoa; noto o sangue, que circula extremadamente quente e alterado polas miñas tempas. Teño medo. Moito medo, porque sei que é a morte a que me rodea. Ela en persoa. Véxoa, ante os meus ollos, apuntándome coas súas armas infalibles. Trémenme todos os músculos do corpo e a inconsistencia dos tendóns faime fraquear as pernas. Carezo de forzas e agora estou practicamente convencido de que desta si que non vou dar saído. O medo que me invade é atroz, indescribible, peor que a propia morte, que me enfila, inmisericorde, cos seus fusís de guerra.

Aparteime do ordenador con brusquidade. O medo de K. estaba a piques de matarme. Tiña unha taquicardia súbita e a cabeza dábame voltas. Non escribiría nin unha liña máis sobre el. Que morrese K., se quería, pero pola súa conta. Comigo que non contase. Eu non estaba disposto a dedicarlle unha liña máis. Doíanme os pulsos, tremíame o corpo e sentíame mareado. Tiña medo. Igual que K., tiña un medo infinito e perverso que me estaba a fender o corazón ata o límite. Esta vez non estaba disposto a que, coma noutras ocasións, os personaxes acabasen coa miña saúde mental. Non me explicaba cómo o facían, pero todos acababan por implicarme nas súas vidas. Todos. As súas coitas, as súas alegrías, as súas enfermidades e as súas obsesións, día a día, facíanse miñas tamén. Sentíame esgotado. Non podía

máis. Non, comigo que non contase, nin para salvarse nin para morrer. Síntoo K., pero se teño que elixir entre ti e min, quedo comigo. Ti quedas aí, fosilizado, a piques de pasar a mellor vida tras unha cruel persecución. Síntoo K., pero eu non quero sentir máis sustos na miña propia carne. Non quero máis personaxes que me desequilibren psiquicamente, que me provoquen o insomnio, que me obriguen a tomar tranquilizantes. Mesmo que me pidan que mate por eles. Síntoo, K., pero o escritor son eu. Sabes ben que estaba a levar demasiado lonxe as miñas obrigas como creador. E eu, coma ti (ou máis ca ti, aínda), por enriba de todo, son un ser humano, K. Así que aí quedas. Francamente, non paga a pena entolecer pola túa culpa. Como sabes, este libro xa me deu sustos abondos. Non sei se o sabías K., pero desde hai algúns anos, cada vez que me solicitaban un relato, para algún libro ou revista, escribíao sobre a tolemia. Mesmo naquel que tivera que escribir en Bruxelas, ¿lémbraсте?, con regras de xogo («Estou tolo», titulárao), autoimpuxérame que tratase sobre a tolemia. A tolemia, ese sombreiro tan difícil de sacar. Precisamente por iso, porque é tan difícil de sacar, sei que este libro ten que rematar aquí. Para que a tolemia non acabe por apoderarse de min, tamén. Agora síntome moito máis tranquilo, porque sei que isto chegou ó seu fin. Aínda que é un tema, este, que está presente en todos e cada un dos meus libros, por moito que a crítica non se decatase. Pero polo de agora non levarei máis sustos, nin entre as páxinas escritas (que non penso reler) nin entre as que faltan por escribir (porque non as hai). Xa sufrín bastante, por exemplo, con aquel fareiro ciumento ó que lle deu un infarto xusto antes de que eu comezase a escribir sobre el. ¡Vaia disgusto! Seis meses houben de esperar ata que se recuperou, para poder mandalo ó faro e poñerme a contar a súa historia. A tolemia, qué substancia tan permeable. Estiven demasiado obsesionado con ela, todo este tempo. ¿Obsesionado?

En fin, se cadra non é esa a palabra, pero... ¿acaso non sofren continuas depresións certo tipo de escritores? ¿Acaso non acababan moitos deles ingresados nos psiquiátricos (manicomios)? ¿Acaso non hai un promedio elevadísimo de suicidio entre tan destacada estirpe? Pero afortunadamente, aquí, ó longo de todas estas páxinas, non se fala da tolemia dos creadores senón dese sombreiro, moderno e actual, de aba ancha, con que se revestiu a sociedade contemporánea. A enfermidade deste novo milenio, disque. Certo, andaba eu un tanto nervioso ultimamente, con isto da loucura. Claro, pregúntome, ¿por que as persoas sufrimos tanto? ¿Por que nos angustiamos? Que, por outra banda, non se trata de nada novo, senón de algo amplamente refrendado ó longo da historia da humanidade; pero cando comecei a escribir este libro estaba (estou) convencido de que a loucura, esta tolemia rápida, como a comida americana, que parece tan superficial pero non o é tanto, nos atinxe irremisiblemente a todos. Sen dúbida, é unha característica da sociedade actual, un mal definitorio do noso tempo. Ás veces coido que unha das súas causas pode ser que a mente do cidadán moderno non foi quen de asimilar a velocidade á que se producen os cambios tecnolóxicos: a fotografía, o teléfono, a televisión, os faxes, os ordenadores, internet, o correo electrónico, os coches, os avións, as autoestradas, as concentracións urbanas, o tráfico, as aglomeracións humanas; o estrés, en definitiva. E se afirmo isto, fágoo querendo deixarlles fóra de dúbidas que isto non está en contradición co feito de que quen fala sexa un firme partidario da ciencia e o desenvolvemento tecnolóxico. Unha vez aclarado este punto, continuemos, sen embargo. De súpeto, nun século, a poboación do planeta pasou de ser rural a facerse urbana, e, tamén de súpeto, no mundo desenvolvido, gozamos dunha serie de avances tecnolóxicos que cambian os costumes, o ritmo e mesmo o sentido das nosas vidas. Metaforicamente, pásanos un

tanto o que lle sucedeu a aquela vella teimuda e desconfiada que non quería meter os seus aforros nun banco e que, finalmente, cando o fixo, foi ese feito o que lle provocou a morte (porque a súa mente, inocente, aínda non estaba preparada para o que o destino lle deparou). A estas circunstancias cómpre engadirlle, ademais, a insatisfacción continua á que a sociedade consumista (que nós construímos) somete ó individuo, enfrontándoo coas súas propias frustracións.

Por outra banda, a sociedade, desde a súa estrutura tradicional pero en moita maior medida desde a súa estrutura contemporánea, produce tolos (ás veces parecería coma se xurdisen dunha reacción alérxica), ben sexa outorgándolles un papel social coma tales (ese é o caso de Bartolo) ou ignorándoos e mesmo condenándoos á marxinación. Este últimos, xa que logo, son apartados por non cumprir coas normas establecidas, vítimas da mesma sociedade que os creou. Lembremos, ademais, que resulta enormemente significativo que en ocasións o poder se desfaga dos seus opositores converténdoos en tolos.

Claro que algunhas destas afirmacións (non estas últimas, precisamente) só se poden manter, como quixen insinuar con anterioridade, sempre e cando falemos do mundo desenvolvido, basicamente de occidente, porque a realidade nos países pobres é outra ben distinta e, alí, este libro non tería razón de ser. A tolemia e os medos, onde impera a miseria, a pobreza, a fame ou a guerra, son aínda provocados polos instintos máis primarios, provócaos, sinxelamente, a loita pola supervivencia. Véxase a este respecto o caso de Taquín, por exemplo, esoutro personaxe, a quen as condicións sociopolíticas condenaron á emigración: á angustia e á depresión. O contraste está claro: mentres en moitos lugares de, poñamos África, dous/dúas adolescentes poderían matarse por conseguir un anaco de pan, entre nós poderían ter a mesma actitude coa finalidade contraria (eludir a

súa inxestión), porque, seguindo determinados modelos sociais triunfantes, teñen medo a engordar excesivamente e ese medo, precisamente, é o que os/as anula psicoloxicamente. E fagamos notar que esta apreciación non supón menoscabo de ninguén, pois en grande medida cada quen é vítima das circunstancias que o rodean e con elas debe aprender a convivir. E as nosas circunstancias de cidadáns occidentais, as súas, como lectores e como público, e as miñas, como escritor e como conferenciante, son as que aparecen reflectidas neste libro do que hoxe vin falar aquí, para todos vostedes. Ben, espero, en todo caso, non telos aburrido demasiado coas miñas disertacións. Se lles parece, agora podemos dar paso ás preguntas pertinentes e abrir un debate. Moitas gracias.

Loucura: forma de nós

ALFONSO PEXEGUEIRO

Dicen que según: que uno se puede volver loco
también de miedo.

AGUSTÍN GARCÍA CALVO

A depresión é o resultado deste ataque dunha parte da persoa
contra outra parte do mesmo individuo.

X. ROF CARBALLO

Demencia é a de ollos esquivos e mirada fuxidía

ERASMO DE ROTTERDAM

A tolemia non é un camiño equivocado,
é a follaxe que cobre os camiños.

JOHN BERGER

Normalmente os campesiños acoden ó curandeiro despois de visitaren, sen resultados positivos, varios médicos. É que a medicina bruxeril-relixiosa se ocupa das enfermidades que se escapan á competencia dos médicos: as enfermidades somáticas incurables e as psíquicas e psicosomáticas.

XOSÉ RAMÓN MARIÑO FERRO

Van Gogh apresou o intre en que a pupila vai derramar no baleiro,
en que esa ollada, proxectada contra nós
como a bomba dun meteoro, adquire a cor átona
do baleiro e do inerte que o enche.
Mellor que ningún psiquiatra, é así como o grande
Van Gogh situou a súa enfermidade.

ANTONIN ARTAUD

Kuhne: ¿E como puido durar tanto tempo este estado sen crise, sen interrupción?

Zimmer: Se entoleceu non é por falla de espírito senón á forza de saber. Cando un vaso está demasiado cheo e se tapa, ten que estalar. Pois ben, de recollermos os anacos, vemos que todo o que había dentro esparexeuse. (...) Créame, iso é o que o entoleceu. Eses malditos libros, todo o día abertos sobre a mesa, e cando está só, desde a mañá ata á noite, lese a si mesmo pasaxes en voz alta, declamando coma un actor, con aires de querer conquistar o mundo. Non paga a pena obstinarse así nisto, sempre o mesmo, ó que lle din unha idea fixa.

CONVERSA ENTRE O CARPINTEIRO ZIMMER E O
ESCRITOR GUSTAV KUHNE, TRANSCRITA EN 1836,
SOBRE O ESTADO MENTAL DE FRIEDRICH HÖLDERLIN

Los ángeles cabalgan a lomos de una tortuga
y el destino de los hombres es arrojar piedras a la rosa.
Mañana morirá otro loco:
de la sangre de sus ojos nadie sino la tumba
sabr a ma ana nada.

LEOPOLDO MAR A PANERO

Logo sent n vergo a por pensar que estaba tolo.
Todos en Saint Val ry precisan alg n tipo de tolemia
para recobrar o equilibrio tras o naufraxio.
  como cami ar cun bast n.
A tolemia   a terceira perna.

JOHN BERGER

Deixara de ver a televisi n a v spera, aproximadamente   mesma hora en que acabou o Tour, e non foi ata ir sentarme no sof  do sal n logo da chamada de Delon cando sent n unha especie de dependencia, unha especie de estado de dor impalpable e difuso, que me atormentou a nda varias veces durante o d a, sempre que permanecia un anaco no sal n diante do televisor apagado.

JEAN-PHILIPPE TOUSSAINT

Índice

A tolemia é un sombreiro (1)	11
Os aforros da vella	13
A tolemia é un sombreiro (2)	17
Desviación de chamada	19
A tolemia é un sombreiro (3)	23
Domesticum bellum	25
A tolemia é un sombreiro (4)	31
Círculo vicioso	33
A tolemia é un sombreiro (5)	39
Economía de guerra	41
A tolemia é un sombreiro (6)	49
Coma vostede e coma min	51
A tolemia é un sombreiro (7)	57
A señora Lola	59
A tolemia é un sombreiro (8)	65
Bartolo, o tolo	67
A tolemia é un sombreiro (9)	73
Carapuchiña e o pobo feroz	75
A tolemia é un sombreiro (10)	81

O Bar de Sam	83
A tolemia é un sombreiro (11)	93
Coma o pato Donald	95
A tolemia é un sombreiro (12)	109
O ceo amarelo	111
A tolemia é un sombreiro (13)	117
Hamburgo, tan intimamente	119
A tolemia é un sombreiro (14)	131
Cousas do intestino	133
A tolemia é un sombreiro (15)	143
05 AM (Vigo)	145
A tolemia é un sombreiro (16)	155
Estou tolo	157
A tolemia é un sombreiro (17)	159
Persecución	161
A tolemia é un sombreiro (18)	167
O fareiro	169
A tolemia é un sombreiro (19)	179
Do noso correspondente	181
A tolemia é un sombreiro (20)	185
Os medos de K.	187

Fran Alonso

en XERAIS

Tráiler

(narrativa)

Cemiterio de elefantes

(narrativa)

Territorio ocupado

(crónica)

Cidades

(poesía)

O brillo dos elefantes

(narrativa)

Males de cabeza

(narrativa)

NARRATIVA
ÚLTIMOS TÍTULOS

X. L. Méndez Ferrín
No ventre do silencio

Manuel Seixas
Bailarina

Xosé Fernández Ferreiro
O atentado

Anxo Angueira
Pensa nao

Cid Cabido
grupo abeliano

Suso de Toro
Non volvas

Italo Calvino
As cidades invisibles

M^a Xosé Queizán
Ten o seu punto a fresca rosa

Hixinio Puentes
O bandido Casanova

Luis Rei Núñez
Expediente Artieda

Bento da Cruz
A loba

Amin Maalouf
A viaxe de Baldassare

